


GUÍA DOS MAMÍFEROS DO PARQUE NATURAL DA BAIXA LIMIA- SERRA DO XURÉS



Edita:

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

Dirección e realización:

Hermann Schmalenberger

Traballo de campo e redacción:

Hermann Schmalenberger

Xosé Pardavila Rodríguez

Adrián Lamosa Torres

Martín Pérez Rendo

María León Castro

Maquetación:**Xestec,**

Ordenación e Xestión de Recursos Naturais

Fotografías:

Xosé Pardavila Rodríguez, Gonzalo Mucientes Sandoval, Adrián Lamosa Torres, Gonçalo Taipa Teixeira, Rollin Verlinde, Christian König, Antonio Vázquez, Laurie Campbell, Jiří Bohdal, Nigel J. Dennis, Francisco Carro Mariño, Brian Stone, David Green, J. C. Schon, Juan Jesús González Ahumada, Steven Round, Miloš Anděra e Ramón Fernández Fernández.

Índice

INSECTÍVOROS	Introdución _____	7
	Hábitats _____	13
	Ourizo cacho _____	17
	Toupa cega _____	21
	Rato de almizcre _____	25
	Furafollas pequeno _____	29
	Furafollas ibérico _____	33
	Murgaño de Cabrera _____	37
QUIRÓPTEROS	Furaño común _____	41
	Morcego grande de ferradura _____	45
	Morcego pequeno de ferradura _____	49
	Morcego mediterráneo de ferradura _____	53
	Morcego rateiro grande _____	57
	Morcego das ribeiras _____	61
	Morcego común _____	65
CARNÍVOROS	Morcego orelludo gris _____	69
	Lobo _____	73
	Raposo _____	77
	Armiño _____	81
	Denosíña _____	85
	Visón americano _____	89
	Tourón _____	93
	Fuíña _____	97
	Porcoteixo _____	101
	Lontra _____	105
UNGULADOS	Algaria _____	109
	Gato bravo _____	115
	Xabarán _____	119
	Cervo _____	123
	Corzo _____	127
	Hirco _____	131

ROEDORES E LAGOMORFOS

Esquío	135
Rata de auga común	139
Corta dos prados	143
Trilladeira dos prados	147
Rato de campo	151
Rata cincenta	155
Rata parda	159
Rato caseiro	163
Leirón careto	167
Lebre	171
Coello	175
Estado de conservación	179
Listado de nomes	181
Bibliografía	183

Introdución

O Parque Natural de Baixa Limia - Serra do Xurés localízase no extremo suroccidental da provincia de Ourense, na comarca da Baixa Limia. Abarca os concellos de Entrimo, Lobios e Muíños, que se atopan en contacto co Parque Nacional da Peneda-Geres pertencente a Portugal. Na **figura 1** móstrase o mapa de situación do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés.




Figura 1: Mapa de situación do P.N. Baixa Limia-Serra do Xurés.

Ten unha extensión total de 20.920 hectáreas e o seu territorio acolle boa parte das serras de Leboreiro, Quinxo, Santa Eufemia, Xurés e Pisco, superando todas elas os 1.000 m. de altitude.

Foi declarado parque natural mediante polo decreto 29/1993 do 11 de febreiro de 1993. Esta declaración foi necesaria para poder garantir a protección sobre os seus valores naturais, paisaxísti-

cos, arqueolóxicos e etnográficos, únicos dentro de Comunidade Autónoma Galega.

O Plan de Ordenación dos Recursos Naturais (P.O.R.N.) deste espazo natural foi aprobado polo decreto 32/1.993 de 11 de febreiro de 1993 e o 28 de maio do ano 1.998, polo decreto 155/ 1.998 aprobouse o Plan Rector de Uso e Xestión (P.R.U.X.) do mesmo.

No P.O.R.N. do Parque Natural estableceuse unha zonificación en función do grao de protección de cada unha das áreas existentes no parque, determinándose as actividades permitidas e non permitidas en cada unha delas. Deste xeito establecéronse as seguintes zonas: zona de reserva integral, zona de protección especial, zona de rexeneración forestal, zona de cultivos, masas de auga, zonas de servizo e núcleos urbanos. As áreas con maior grao de protección e con máis restricións son as zonas de Reserva Integral e a de Protec-




Figura 2: Mapa da zonificación do P.N. Baixa Limia-Serra do Xurés.

ción Especial.

Na **figura 2** pódese ver a zonificación do parque.

As Zonas de Reserva Integral inclúen as paraxes do Barranco de Olelas, os cumios e plataformas superiores da Serra do Xurés, o Barranco da Cruz de Touro, no sector meridional da Serra de Santa Eufemia, e o entorno de A Barxa, no Val do Salas. Nestes lugares consérvanse valores naturais moi altos, sobre todo dende o punto de vista faunístico e botánico, polo que nelas prevalece a conservación e preservación sobre calquera outra actividade. Dentro das Zonas de Protección Especial atopamos as ribeiras do río Salas, as Serras de Santa Eufemia e do Quinxo, e as vertentes da Serra do Xurés e da Serra do Leboreiro. Estas áreas conservan valores naturais altos, con todo permítese o aproveitamento de tipo tradicional do monte e o pastoreo, sempre que esas actividades non deriven na degradación do medio ambiente.

Climatoloxía

A nivel macroclimático, o clima presente no territorio pódese considerar como Mediterráneo tépedo, pero cun grado apreciable de continentalidade debido á súa situación xeográfica, altitude e topografía.

As temperaturas medias máis altas, situadas en torno aos 20 °C, aparecen nos meses de xullo e agosto, mentres que as máis baixas correspóndense co mes de xaneiro, acadando valores de 8,1 °C.

As precipitacións distribúense principalmente entre os meses de outubro e marzo, o que supón o 70 % da precipitación anual, mentres que os meses de xuño, xullo e agosto soamente supoñen o 10 % da mesma. A humidade relativa mantense máis ou menos constante ao longo do ano, en torno ao 80 %.

Hidrografía

O parque natural conta cunha importante rede fluvial composta

por un amplo número de ríos e regatos froito principalmente das elevadas precipitacións existentes na zona.

Destacan entre todos o río Limia, que discorre pola área central do parque e que recolle a auga de gran cantidade de regos e regatos das serras da zona. Actualmente as súas augas están embalsadas o encoro de Lindoso.

Outro río de importancia na zona é o río Salas, afluente do Limia que forma o encoro do mesmo nome que se sitúa na zona nordeste do parque. Este río recolle gran parte das augas da Serra do Pisco.

Xeoloxía e orografía

O parque aséntase sobre unha masa de granito sobre o que se superpoñen rochas sedimentarias de tipo xistoso metamorfizadas. O substrato rochoso granítico que ocupa case a totalidade do parque son as migmatitas da serie granitoide, localizadas puntualmente no Noroeste e Leste, e as granodioritas biotíticas da Serra do Xurés.

A orografía do parque caracterízase por presentar un modelado abrupto, con puntos de altitudes superiores aos 1.500 m que descenden nalgúns tramos ata os 300 m de altitude sobre o río Limia. Na zona norte atopamos as estribacións da Serra de Leboeiro, aplanadas e de orografía suave na Serra de Queguas que contrasta coa áspera Serra do Quinxo. No Sur do territorio atópanse os Picos de Fontefría, na Serra do Xurés, formacións abruptas que contrastan coas formas máis suaves da Serra do Pisco. A Serra do Xurés e a de Santa Eufemia presentan tamén unha orografía agreste.

Vexetación

A maior parte do territorio encádrase, desde un punto de vista corolóxico, dentro da rexión Eurosiberiana, provincia Cantabro-Atlántica, sector Galaico-Portugués, subsector Xuresiano-Queixense, aínda que a zona máis baixa encádrase no subsector

Miñense.

En canto á flora presente, malia pertencer á rexión Eurosiberiana trátase dunha zona de transición entre esta e a rexión Mediterránea (sector Ourensán-Sanabriense). Por iso a vexetación alterna os bosques de carballo (*Quercus robur*) con especies de vocación mediterránea como a sobreira (*Quercus suber*) ou o érbedo (*Arbutus unedo*). Ademais, debido aos fortes contrastes latitudinais, tamén se dá unha transición respecto de este parámetro, manifestada pola substitución en altura do carballo (*Quercus robur*) polo rebolo (*Quercus pyrenaica*), acompañado de repoboacións de *Pinus sylvestris* e *Pinus pinaster*.

Na maior parte das serras predomina o monte baixo con mato de toxos (*Ulex* sp.), acompañado de ericáceas (*Erica arborea*, *Erica cinerea*, *Erica umbellata*, *Calluna vulgaris*), cistáceas como *Cistus psilosepalos* e *Halimium alyssoides*, e plantas herbáceas de escasa cobertura.



Hábitats

O Parque Natural da Baixa Limia - Serra do Xurés constitúese dunha grande variedade de medios no que predominan por extensión os pasteiros arbustivos, compostos por manchas de toxo e breixos alternadas con pasteiros e formacións rochosas, sobre todo nas áreas máis elevadas do parque. Nos vales e nas proximidades dos ríos aparecen un abano máis amplo de hábitats, sobre todo boscosos e moito mellor conservados.




Figura 3: Distribución dos hábitats presentes no Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés.

Na **figura 3** vemos os diferentes hábitats presentes e a súa distribución pola superficie do parque. Na **figura 4** pódese ver a porcentaxe de superficie ocupada por cada tipo de medio existente.

As formacións arbustivas ocupan a maior parte da superficie do territorio, podendo aparecer tanto como masas homoxéneas de toxo e/ou breixos como mesturadas con masas de arborado ou pasteiros de montaña. Cando aparece acompañado de árbores, soe tratarse dun arborado ralo ou de porte arbustivo, composto por diversas especies do xénero *Quercus*. No caso dos medios ocupados por mato e pasteiro atopamos unha estrutura en mosaico onde

alternan formacións de mato e pasteiros. Este tipo de medio soe estar sometido aos efectos do lume, empregado a miúdo como un método para aclarar masas de mato para dispoñer de pastos para o gando.

Os principais usos do medio neste tipo de hábitats redúcense ao uso gandeiro, aos usos silvícolas de tipo tradicional (recollida de leña, material de encame dos animais, etc.) e ao uso cinexético, naquelas zonas onde se permite.




Figura 4: Porcentaxe de superficie ocupada polos hábitats presentes no Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés.

Nas zonas ocupadas por masas forestais atopamos tanto masas de bosque caducifolio, onde predomina as frondosas autóctonas, como piñeirais ou masas mixtas de ambos tipos de formacións.

En xeral, van a ser masas dominadas polo carballo (*Quercus robur*) ou o rebolo (*Quercus pyrenaica*), que ocupan a práctica totalidade da cobertura, aínda que aparece acompañado por outras especies como bidueiros (*Betula alba*), ameneiros (*Alnus glutinosa*), freixos (xénero *Fraxinus*), salgueiros (*Salix sp.*) ou algún castiñeiro (*Castanea sativa*) nas beiras dos regatos e ríos. Entre o sotobosque cabe destacar a presenza de acivros e arandos. Esta formación adoita atoparse nas zonas baixas, en torno aos cursos fluviais.

Os piñeirais que podemos atopar proceden na súa maioría de cultivos forestais. As especies máis comúns que se poden atopar son *Pinus pinaster* e *Pinus sylvestris*.

Os usos nestes tipos de medios son de tipo tradicional: recolección de leña, de material para encame dos animais, recolección de cogomelos, etc.

Nas proximidades dos pobos pódense atopar prados e zonas de cultivo, acompañadas de masas forestais e viñedos. Son en xeral zonas de gandería tradicional con presenza de frondosas formando un mosaico irregular coas parcelas. Deste xeito, os usos destes medios son a gandería tradicional, o uso agrícola de autoconsumo e o residencial, aparte doutros usos silvícolas de tipo tradicional.



Ourizo cacho

Nome científico


Erinaceus europaeus, Linnaeus, 1758

Taxonomía

Orde *Erinaceomorpha*, Familia *Erinaceidae*

Estado de Conservación

Segundo UICN (2001): Datos insuficientes (DD). Libro Rojo, España (2006): Preocupación menor (LC).



Descrición

Presenta un corpo redondeado lixeiramente esmagado, onde apenas se aprecia o pescozo. O dorso está recuberto por púas de 1 mm de grosor e dunha lonxitude de 20 – 25 mm. Estas esténdense na cabeza ata a fronte dispostas en forma de uve co vértice cara adiante. O resto do corpo está recuberto de pelo. O fociño alongado, as orellas redondeadas e de pequeno tamaño; os ollos son escuros e a cola curta. Presenta patas curtas, que rematan nunhas patas plantígradas con cinco dedos provistas de unllas fortes. A cor da pelaxe varía ao longo da súa área de distribución, pero xeralmente é pardo escura ou pardo amarelada nas partes libres de púas. Estas son xeralmente pardo escuras, sendo a súa base e punta de cor amarelada. Non presentan dimorfismo sexual. As medidas corpo-

rais son as seguintes: Lonxitude cabeza - corpo: 190 - 290 mm; Lonxitude da cola: 22 - 40 mm; Peso: 500 - 1.200 g. Pode acadar dos 6 aos 10 anos de vida.

Distribución

Aparece amplamente distribuído por toda Europa central e occidental, exceptuando as zonas máis montañosas e boreais da Península Escandinava. A súa distribución oriental queda definida polo norte do mar Adriático ata Polonia. Esténdese por toda a Península Ibérica. A especie foi introducida en Nova Zelandia.

Bioloxía e ecoloxía

Hábitat

Ocupa practicamente todos os hábitats presentes desde o nivel do mar ata os 1600 m aínda que as maiores densidades aparecen debaixo dos 1000 m. Nas zonas atlánticas ocupa medios tanto forestais, como abertos, sendo as áreas de mosaico agrícola con valos vivos os hábitats óptimos para a especie. Nas zonas máis mediterráneas, é máis escaso e prefere as zonas máis húmidas como os bosques.

Reprodución

O período reprodutor varía moito tanto na súa duración como no comezo do mesmo, dependendo de factores climáticos. Normalmente a época de celo dura de abril a agosto, aínda que en zonas do centro e sur da Península Ibérica xa se poden atopar cativas de ourizo en abril. Durante o celo o macho dá voltas ao redor da femia emitindo suaves bufidos. Cando a femia está receptiva esmaga as púas contra seu corpo, e estira as patas traseiras contra o chan facilitando así a cópula. A ovulación é espontánea e a xestación dura de 5 a 6 semanas. Tras este período nacen de dúas a sete cativas, nun niño de parto que previamente construíu a femia. É frecuente que as femias coman ás crías se senten en perigo. As crías nacen cegas, xordas, sen pelo e coas púas brandas e de cor branca.

As púas definitivas comezan aparecer a partir de 1-1,5 días de vida, e con tan só 10-12 días xa saben enrolarse. O destete e independización son procesos consecutivos ao mes de nacer. Acadan a madurez sexual ao ano de vida.

Organización social e comportamento

Trátase de animais solitarios, aínda que toleran a conxéneres no seu territorio. Estes son de 20 – 30 ha para os machos e 10 ha para as femias, aínda que existen enormes variacións entre individuos. Non son agresivos, aínda que poden loitar, principalmente os machos para establecer rangos de xerarquía. Son animais nocturnos e crepusculares. Son bos andadores, desprazándose con rapidez durante os seus percorridos nocturnos Tamén poden gabear e son bos nadadores. Teñen un olfacto moi desenvolvido. O período de hibernación está comprendido entre novembro e marzo. A pesar disto, se as condicións climatolóxicas permíteno, poden estar activos todo o ano. Durante o día descansan en niños, aínda que é frecuente que o fagan directamente baixo valos. Cando se senten en perigo enrólanse sobre si mesmos, coas púas cara ao exterior proporcionándolles unha boa defensa dos seus predadores naturais.

Alimentación

É un animal omnívoro aínda que a súa dieta baséase fundamentalmente no consumo de invertebrados. Aliméntase fundamentalmente de artrópodos, caracois, lesmas e miñocas de terra. Pódese alimentar tamén de pequenos mamíferos, cóbregas, ovos de aves, froitos silvestres, así como de froitos caídos ao pé das árbores como a pereira e a maceira.

Depredación

Entre os seus depredadores destacan o teixugo, o raposo e o bufo real. Non é rara a depredación por parte de cans domésticos.

Ameazas e relación co home

A principal ameaza son os atropelos que sofre a especie, sobre

todo durante os meses de celo. Trátase dunha especie moi apreciada no medio rural, aínda así nalgúñas zonas foi e perseguida por comer ovos de aves de interese cinexética que crían no chan. Nalgúñas rexións do País Vasco e Portugal eran empregados como alimento. Nalgúns países empréganse como animal de compañía, incluso foron introducidos noutros con esta mesma idea como en Nova Zelandia.

Curiosidades

Ao longo de toda a súa área de distribución mundial son moi frecuentes as historias acerca de como os ourizos transportan a froita cravada nas púas dorsais. Este comportamento non está demostrado, ou simplemente pode tratarse dun fenómeno ocasional.

Toupa cega

Nome científico

Talpa occidentalis (Cabrera, 1907)

Taxonomía

Orde *Erinaceomorpha*, Familia *Talpidae*, Subfamilia *Talpinae*

Estado de Conservación

Segundo UICN (2001): Datos insuficientes (DD). Libro Rojo, España (2006): Preocupación menor (LC).



Descrición

Presenta un corpo cilíndrico e longo, cun fociño curto e afiado, e pescozo practicamente inexistente. As extremidades anteriores rematan nunhas mans en forma de pa provistas de fortes unllas adaptadas para a vida subterránea. Os ollos son de pequeno tamaño e están recubertos por unha fina capa de pel semitransparente. Carece de orellas. Presenta unha pelaxe de cor negra brillante, con sombras prateadas. Os pelos das patas e fociño son case brancos, que fan que destaquen as extremidades. A cola é moi curta. As medidas corporais son as seguintes: Lonxitude cabeza - corpo: 96 - 130 mm; Lonxitude Cola: 19 - 35 mm; Peso: 34 - 66 g.

Distribución

Trátase dunha especie endémica da Península Ibérica. Distribú-

ese pola rexión noroccidental peninsular, non aparecendo nos Pireneos e a Bacía do Ebro. No resto da Península queda restrinxido ás zonas de montaña, sendo escaso en todo o Val do Guadalquivir. En Galicia está amplamente distribuído por todo o territorio.

Bioloxía e ecoloxía

Hábitat

A especie prefire zonas con prados, cultivos, normalmente áreas con chans desenvolvidos, evitando as zonas rochosas ou moi areosas. Tamén pode atoparse en bosques caducifolios e de coníferas. En Galicia ocupa todos os hábitats adecuados desde o nivel do mar ata os 1600 m no macizo de Pena Trevinca. No resto da Península pode chegar aos 2300 m en Serra Nevada.

Reproducción

Poden atoparse individuos en celo dende setembro ata maio sobre todo no límite meridional da área de distribución. No caso de Galicia, o celo está comprendido entre marzo e maio. Adoitan sufrir tan só un proceso reprodutor anual, parindo cada femia unha media de 4 crías. O número pode variar entre 2 e 6. Despois de 28 días de xestación nacen as crías cegas e sen pelo. Coa chegada do verán os individuos novos se independizan, pero non acadan a madurez sexual ata o ano seguinte.

Organización social e comportamento

Non se coñecen demasiados aspectos do seu comportamento territorial, polo que non se coñecen datos da súa área de campeo, o uso das galerías, e como varía o uso destas estacionalmente. Desenvolve a maioría da súa vida nas galerías que constrúe; compostas por túneles e unha cámara circular, onde realizan o niño recuberto de follas secas, herbas, etc. Mantense activo durante todo o día, pero descoñécese como distribúen as fases de repouso e actividade. Os machos son solitarios agás durante a época de cría.

Alimentación: En Galicia aliméntase sobre todo de miñocas de terra, larvas de insectos, e outros artrópodos edáficos, ademais pode alimentarse de moluscos. Normalmente aliméntase dos animais que atopa nas galerías que constrúe.

Depredación

É presa habitual ocasional de aves rapaces nocturnas como o moucho, a curuxa ou a avelaiona. Tamén pode aparecer na dieta do lagarteiro. Os mamíferos carnívoros que depredan sobre a toupa son: teixugo, raposo, algaria, martaraña, fúña, etc.

Ameazas e relación co home

Tradicionalmente perseguido por agricultores, polas desfeitas que produce nos prados, cando expulsa ao exterior os montóns de terra xeran ao escavar as súas galerías. O control como especie “nociva”, perfílase como a causa que máis afecta ás súas poboacións.

Curiosidades

Trátase dunha especie moi beneficiosa pola grande cantidade de insectos que consume.



Rato de almizcre

Nome científico

Galemys pyrenaicus, E.Geoffroy Saint-Hilaire, 1811

Taxonomía

Orde *Erinaceomorpha*, Familia *Talpidae*, Subfamilia *Desmaninae*

Estado de Conservación

Segundo UICN (2001): En Perigo (EN). Libro Rojo, España (2006): Vulnerable (VU).



Descrición

Presenta un corpo gordecho e algo esmagado, cunha pelaxe espesa e suave que varía desde o pardo escuro á cor sepia, sempre coa zona ventral máis clara.

Presenta un fociño alongado (2 cm) en forma de trompa móbil esmagada dorsoventralmente e provista de pelos protectores e vibrisas sensibles. No extremo dorsal atópanse os orificios nasais.

As patas posteriores están máis desenvolvidas para facilitar o desprazamento baixo a auga e dispoñen de membranas interdixitais. Os pavillóns auditivos están ausentes e presenta uns ollos moi pequenos. A cola é grossa e con escamas, de sección redondeada, pero

comprimida lateralmente no seu extremo.

As súas medidas corporais son: Lonxitude cabeza - corpo: 115 - 135 mm; Lonxitude da cola: 125 - 160 mm; Pé posterior: 27 - 34 mm; Peso: 50 - 76 g. Poucos individuos alcanzan os 3 anos de vida.

Distribución

Trátase dun endemismo da Península Ibérica. Actualmente a especie distribúese desde a vertente francesa dos Pirineos, ao longo de toda a cornixa cantábrica, ata Galicia e o norte de Portugal. Pola vertente da cordilleira Cantábrica sur aparece en Zamora, León e Palencia, conectando co sistema Ibérico a través de La Rioja e Burgos, chegando aos montes Universais. Polo sur chega ás serras de Béjar, Gredos e Guadarrama.

A distribución altitudinal comprende desde o nivel costeiro ata os 2.500 m en Pirineos. En Galicia existen datos da súa presenza ata os 1000 m sobre o nivel do mar na Serra de Ancares.

Bioloxía e ecoloxía

Hábitat

Habita ríos e arroyos de augas permanentes, limpas e osixenadas, sendo moitas veces a calidade da auga un factor limitante da súa presenza, aínda que non tan importante como a existencia de períodos de estiaxe nas bacías. Isto favorece a distribución da especie nas rexións oceánicas fronte ás mediterráneas.

A súa presenza depende en gran medida da pendente dos ríos, da súa profundidade (pequena ou moderada) e da velocidade da corrente. A pendente dos ríos tamén condiciona a turbulencia, o cal facilita que o rato de almizcre se manteña pegado ao fondo, pero, sobre todo provoca unha concentración saturada de osíxeno que permite a existencia das súas presas.

Reproducción

A época reprodutora ocupa os meses de decembro-xaneiro ata maio-xuño, empezando antes nos machos que nas femias. O perío-

do de xestación dura entre 4 e 5 semanas, tras as cales (marzo-xullo) nacen entre unha e cinco crías cubertas de pelo que son coidadas só pola femia. Catro ou cinco semanas despois de nacer prodúcese o destete e, pouco despois, a emancipación e dispersión dos individuos novos. As femias poden ter varios partos por tempada, existindo tres picos durante o período reprodutor: febreiro, marzo e maio. Ata o ano de vida non alcanzan a madurez sexual.

Organización social e comportamento

Durante a época reprodutora viven en parellas ou illados, incluíndose o territorio da femia dentro do territorio do macho, evitando solaparse cos territorios das parellas contiguas. Os machos permanecen máis tempo no bordo do seu territorio, mentres que as femias apróveitanos dun modo máis regular. Durante a dispersión pódense detectar individuos que se desprazan varios quilómetros nun mesmo período de actividade.

O pico de actividade dáse durante a noite, aínda que cun período activo menor durante as primeiras horas da tarde. Durante o día refúxianse en ocós naturais que aproveitan como tobeiras.

Alimentación

Aliméntase basicamente de invertebrados de tamaño relativamente grande, principalmente larvas de tricópteros, plecópteros e efemerópteros. Ademais ocasionalmente pode depredar sobre algún peixe de pequeno tamaño. En Galicia os anélidos conforman un importante aporte de biomasa.

Coa súa trompa revolve o leito do río percorrendo todos os recunchos en busca de invertebrados. Impúlsase coas patas traseiras, e suxéitase coas fortes unllas das extremidades anteriores.

Depredación

Presa frecuente da lontra (*Lutra lutra*) (ata o 5% en Galicia) e ocasional doutros depredadores de peixes como a garza real *Ardea cinerea*, a cegoña branca *Ciconia ciconia* ou a garza da noite *Nycticorax*

nycticorax. De cando en cando é consumido por oportunistas como o miñado común *Buteo buteo*, a avelaiona *Strix aluco*, a curuxa *Tyto alba* e o gato doméstico *Felis catus*. Non hai evidencias concretas, por falta de estudos, de que o visón americano (*Mustela vison*) poida acabar coas poboacións de rato de almizcre, aínda que se trata dun depredador potencial.

Ameazas e relación co home

A alteración e contaminación dos cursos fluviais parece ser o principal problema para a conservación desta especie. Entre as ameazas a este respecto pódense destacar a extracción de auga de canles naturais, creación de encoros, deterioro do bentos e contaminación intensa, especialmente a de tipo químico. A introdución de especies exóticas como o visón americano pode provocar efectos negativos sobre as poboacións, sobre todo as situadas nos límites da súa área de distribución.

O mantemento do hábitat fluvial en boas condicións de conservación, resulta fundamental para a conservación desta especie. Tamén pode ser interesante a erradicación de especies exóticas como o caso do visón americano, como depredador potencial.

Curiosidades

Como outras especies de insectívoros, o rato de almizcre mantén un ritmo metabólico moi alto. Isto lle confire un carácter moi voraz, podendo chegar a consumir cada día unha cantidade de alimento equivalente ao 30 ou 50 % do seu propio peso. Por este motivo pasa gran parte do seu tempo en busca de alimento.

Para capturar as súas presas explora o ambiente coa súa trompa, a cal esta rodeada de vibrisas sensoriais e en cuxo extremo se sitúa o órgano de Eimer que detecta as vibracións que a súas posibles presas producen na auga. Tamén utiliza os estímulos químicos co sentido do gusto para a detección das súas presas.

Furafollas pequeno

Nome científico

Sorex minutus Linnaeus, 1766

Taxonomía

Orde *Soricomorpha*, Familia *Soricidae*, Subfamilia *Soricinae*

Estado de Conservación

Segundo UICN (2001): Preocupación Menor (LC). Libro Rojo, España (2006): Preocupación Menor (LC).



Descrición

O furafollas pequeno é o sorícido ibérico de menor tamaño. Aínda que presenta unha morfoloxía moi similar á doutros representantes do xénero *Sorex*, diferénciase destes por presentar a cabeza relativamente pequena, a cola de maior lonxitude respecto á da cabeza e corpo e o pé posterior cunha lonxitude inferior a 12 mm. A pelaxe é bicolor. En xeral, nas pelaxes de xuvenil e de verán, a coloración dorsal exhibe tonalidades pardas e a ventral é máis ou menos gris. A pelaxe de inverno é máis longo e escuro, predominando as tonalidades grisáceas, tanto no dorso como no ventre. Presenta as cúspides dentarias pigmentadas de vermello.

As súas medidas corporais son: Lonxitude cabeza - corpo: 49,0-72,0 mm; Lonxitude da cola: 38,0-48,0 mm; Pé posterior: 10,0-11,5

mm; Peso: 2,7-6,5 g, excepcionalmente ata 7,5 g.

A vida media do furafollas pequeno é de entre 13 e 16 meses.

Distribución

Presenta unha ampla distribución paleártica, que abrangue desde Portugal ata o Lago Baikal. Ocupa practicamente toda Europa, incluídas as Illas Británicas e a maior parte das Hébridas, aínda que no sur da súa área de distribución queda xeralmente restrinxida a zonas montañosas. Na Península Ibérica a súa área de distribución esténdese desde o norte de Portugal e Galicia ata a rexión oriental húmida de Cataluña (Montseny) e o extremo setentrional do Sistema Ibérico.

Pódense atopar tamén poboacións xeograficamente illadas no Sistema Central (Serras de Guadarrama e Gredos) e na Serra de Prades (Tarragona).

Bioloxía e ecoloxía

Hábitat

Ocupa unha gran variedade de hábitats, como pastizais e bosques caducifolios, semicaducifolios e de coníferas, onde se refuxia en muros de pedra ou baixo a densa vexetación. O factor ambiental que condiciona a súa presenza é a humidade, polo que adoita habitar zonas cunha precipitación anual media superior a 600 mm. Debido aos seus costumes basicamente epixeos precisa tamén dunha boa cobertura vexetal a nivel do chan. Está presente desde o nivel do mar ata os 2.000 m de altitude.

Reproducción

A época de actividade sexual esténdese desde principios de abril ata setembro. O período de xestación dura de 22 a 25 días e o número de embrións por camada oscila entre dous e oito. As crías nacen espidas e pesan ao redor de 0,3 g. A pelaxe aparece completa ao cabo de dúas semanas e os ollos ábreanse aos 18 días. Finalizada a lactancia, que dura uns 22 días, os xuvenís abandonan o niño e se

dispersan en busca de territorio. A madurez sexual adquirese no segundo ano de vida. O 50% da descendencia non supera os sete meses.

Organización social e comportamento

En xeral, o furafollas pequeno é unha especie solitaria e agresiva, que presenta actividade tanto diúrna como nocturna, con curtos períodos de permanencia no niño. No outono e inverno ambos sexos son altamente territoriais e sedentarios, mentres que durante o período reprodutor os machos abandonan o seu territorio en busca de femias receptivas. A súa actividade, basicamente epixea, obrígalle a cubrir grandes áreas para alimentarse, polo que presenta territorios bastante extensos.

Alimentación

Presenta unha dieta carnívora, baseada fundamentalmente en invertebrados terrestres, entre os que predominan miriápodos, arácnidos, coleópteros, hemípteros e larvas de lepidópteros.

Depredación

Constitúe unha presa habitual, aínda que non moi abundante, das rapaces nocturnas, como a curuxa (*Tyto alba*) e a avelaiona (*Strix aluco*). É consumida ocasionalmente por pequenos e medianos carnívoros, como a denociña (*Mustela nivalis*), o armiño (*Mustela erminea*), a xineta (*Genetta genetta*) e o raposo (*Vulpes vulpes*).

Ameazas e relación co home

É unha especie abundante e non parece requirir medidas especiais de conservación. Con todo, a reducida área de distribución e o illamento xeográfico que presentan as poboacións do Sistema Central e da Serra de Prades aconsellan profundar no estudo da súa situación actual.

Curiosidades

Pode chegar a consumir diariamente o equivalente a 1,25 veces o seu peso corporal.



Furafollas ibérico

Nome científico

Sorex granarius, (Miller, 1910)

Taxonomía

Orde *Soricomorpha*, Familia *Soricidae*, Familia *Soricinae*

Estado de Conservación

UICN (2001): Case ameazada (NT). Libro Rojo, España (2006): Datos insuficientes (DD).



Descrición

Difícil de distinguir do furafollas grande (*S. coronatus*); só a mandíbula permite identificalos, polo que a diferenciación específica realizouse por métodos cromosómicos. O dorso do furafollas ibérico carece de banda medio dorsal escura e o ventre é gris amarelado. As partes superiores son pardo amareladas. Os flancos son escuros con sombras pardas. A cola é parda escura por enriba e por baixo cor amarela e pardo clara, con pelos moi curtos de aspecto case espido. Os pés son da mesma cor que a cola, pero lixeiramente máis escuros. Os xuvenís son de coloración máis pálida que a dos adultos. Presenta tres pares de mamas inguinais. As súas medidas corporais son: Lonxitude cabeza – corpo: 65 - 85 mm; Lonxitude cola: 40 -55 mm; Peso: 6 – 15 g.

Distribución

É unha especie endémica da Península Ibérica que se atopa ao longo do Sistema central, desde a Serra de Ayllon (Segovia) á Serra de A Estrela (Portugal), estendéndose desde o río Teixo ata Galicia, onde está amplamente distribuída desde a costa atlántica ata o macizo central ourensán e as serras orientais. No extremo oriental do Sistema Central aparece nos pisos supra e oromediterráneo. No extremo occidental, en pisos mediterráneos e as costas de Portugal.

Bioloxía e ecoloxía

Hábitat

Localízase especialmente en hábitats forestais, como faiedos (*Fagus sylvatica*), piñeirais (*Pinus silvestres*), rebolares (*Quercus pirenaica*) e aciñeiras (*Q. rotundifolia*). En Galicia e no norte de Portugal, ocupa bosques de rebolos, plantacións de eucaliptos (*Eucaliptos* spp.) e piñeiros (*Pinus pinaster*). En xeral o fura follas ibérico atópase en lugares que teñen unha temperatura media anual entre 3 e 15° C, con ventos invernales que van desde fríos a extremadamente fríos, e onde a precipitación media anual é superior a 600 mm. En Portugal pódese atopar en case todos os hábitats arbustivos, en especial en zonas con densa vexetación e relativamente húmidas. En Galicia pódese atopar dende o nivel do mar ata os 1000 m no sur de Ourense e os 1600 m en Pena Trevinca.

Reproducción

A reprodución ten lugar entre primavera e verano. O período de xestación é de trece a dezanove días e o número de individuos é de dous a cinco por camada. Teñen de tres a catro camadas por ano. Acada a madurez sexual ao segundo ano.

Organización social e comportamento

Animal solitario, territorial e agresivo cos intrusos.. A comunicación social realízase, principalmente, a través da vocalización du-

nha ampla gama de sons. Tamén emprega as secrecións das súas glándulas lateral e anal, como medio de comunicación. A máxima actividade realízase pola noite, con períodos de descanso . Despois do parto, dedican moito tempo no niño coidando ás crías. Trátase dun bo escavador, polo que presenta hábitos subterráneos. Este comportamento favorece que poida coexistir con outras especies de musarañas de hábitos diferentes.

Alimentación

Presenta unha dieta carnívora, constituída fundamentalmente por invertebrados como anélidos, insectos, arácnidos e moluscos. Ocasionalmente pode consumir sementes. En caso de animais cativos observouse coprofagia.

Depredación

Algúns dos seus depredadores son rapaces nocturnas como a curuxa (*Tyto alba*) e a avelaíona (*Strix aluco*). Entre os carnívoros destacan o gato bravo (*Felis silvestris*), o armiño (*Mustela erminea*), a denosiña (*Mustela nivalis*) e o raposo (*Vulpes vulpes*), entre outros.

Ameazas e relación co home

A especie pode actuar como reservorio do axente causante dun grupo de pneumonías infantís. Sería aconsellable un seguimento que permita avaliar o estado das poboacións ibéricas.

Curiosidades

O seu elevado metabolismo, obrígalle a consumir diariamente o equivalente ao 80 - 90 % do seu peso.



Murgaño de Cabrera

Nome científico

Neomys anomalus, Cabrera, 1907

Taxonomía

Orde *Soricomorpha*, Familia *Soricidae*, Subfamilia *Soricinae*

Estado de Conservación

Segundo UICN (2001): Preocupación menor (LC). Libro Rojo, España (2006): Preocupación menor (LC).



Descrición

É un sorícido de tamaño medio adaptado ao medio acuático. Presenta unha quilla de pelos na cola, ademais presenta unha densa capa de pelos nas mans, pés e dedos. Estes caracteres son menos evidentes que no seu conxénere peninsular, *Neomys fodiens*. O dorso é negro, mentres que o ventre é gris con reflexos prateados ou pardos no ventre. Son frecuentes as manchas de cor branca detrás dos ollos. A cola é sepia ou negra por enriba e branca por baixo. Os xuvenís presentan tonalidades máis claras que os adultos. As medidas corporais son: Lonxitude cabeza- corpo: 72 - 90 mm; Lonxitude de cola: 52 - 72 mm; Peso: 9,0-16,0 g.

Distribución

Distribución paleártica, ocorrendo no centro e sur de Europa, ata o Mar Negro, Ucraia e Asia Menor. A distribución intermitente da especie polo oeste e sur de Francia, favorece o illamento das poboacións ibéricas e dos Pirineos Franceses con respecto ao resto de Europa. Na Península Ibérica distribúese principalmente no terzo norte, aínda que ocorre de modo ocasional ao sur de Albacete, e Badajoz, na metade oriental de Andalucía e no norte de Huelva. En Galicia distribúese por todo o territorio, pero dun modo intermitente.

Bioloxía e ecoloxía

Hábitat

Trátase dun insectívoro de vida anfibia, xa que adoita estar moi ligado aos ambientes acuáticos, aínda que non é raro atopalo en medios afastados da auga. Non parece que a súa presenza estea moi condicionada pola temperatura, a altitude nin a pluviosidade. Tampouco o caudal fluvial inflúe na distribución da especie. Ocorre dende o nivel do mar ata enriba dos 1.600 m (Pirineos, Serra de Gredos). Cando coexiste con *Neomys fodiens*, este adoita desprazarse ao murgallo de Cabrera aos cursos a menor altitude.

Reproducción

Non se coñecen con demasiado detalle aspectos sobre a reprodución da especie. Estudos realizados en Europa indican que a actividade sexual comeza a principios da primavera e finaliza a principios de outono. O período de xestación dura aproximadamente 20 días, despois do que nacen entre 5 e 13 cativas.

Organización social e comportamento

Descoñécense datos sobre o seu comportamento social, pénsase que é menos territorial e agresivo que o seu conxénere. Presenta actividade durante o día e a noite, pero se descoñecen os seus ritmos de actividade.

Alimentación

Aliméntase de invertebrados tanto dulceacuícolas como terrestres, que constitúen os elementos principais da súa alimentación, sendo particularmente importantes os insectos, arácnidos, anfípodos, gasterópodos e anélidos.

Depredación

É depredado habitualmente por rapaces nocturnas como a curuxa (*Tyto alba*), o bufo real (*Bubo bubo*) e o bufo pequeno (*Asio otus*), aínda que a súa presenza en egagrópilas adoita ser moi escasa.

Ameazas e relación co home

Considérase unhas especie non ameazada, aínda que non se coñecen realmente o estado das súas poboacións. Debe terse en conta que ao tratarse dunha especie semiacuática, a degradación dos medios ripícolas, poden afectar á conservación da especie.

Curiosidades

Do mesmo xeito que outros murgaños, presenta glándulas que secretan unha saliva lixeiramente narcotizante.



Furaño común


Nome científico

Crocidura russula (Hermann, 1780)

Taxonomía

Orde *Soricomorpha*, Familia *Soricidae*, Subfamilia *Crocidurinae*

Estado de Conservación: Segundo UICN (2001): Preocupación menor (LC). Libro Rojo, España (2006): Preocupación menor (LC).



Distribución

Atópase ao longo de toda a costa mediterránea, estendéndose cara centroeuropa por Bulgaria, Rumanía, República Checa, Sur de Polonia, Norte de Alemania e desde alí por todo o oeste de Europa, incluso pode extenderse cara o sueste asiático. Ocorre nas grandes illas do Mediterráneo. En Galicia ao igual que no resto da Península Ibérica, está amplamente distribuído ocupando todas as áreas xeográficas do país.

Descrición

Fociño afiado, o rostro mide máis de 6 mm, cola como a metade da cabeza + corpo aproximadamente. O dorso e laterais son de cor gris – parda, ou pardo – rubio, que se van degradando paulatinamente ata o ventre que é gris. Durante o inverno a pelaxe dorsal

faise máis escura, e tende a tons máis grises. Os individuos noos son de cor gris uniforme. A cola presenta pelos longos que destacan do resto. Os ollos son pequenos e as orellas claramente visibles, sobresaen de entre o pelo. As femias presentan 6 mamas inguinais. Existe un gradiente latitudinal de tamaños, sendo os animais do sur peninsular de menor tamaño. As medidas corporais son: Lonxitude cabeza - corpo: 62 - 84 mm; Lonxitude cola: 34 - 47 mm; Peso: 7 - 14 g.

Bioloxía e ecoloxía

Hábitat

Adoita estar asociado a sotobosques de aciñeiras, carballeiras e bosques mixtos de frondosas. Tamén ocorre en bosques aclarados, valos, límites de campos de cultivos, xunqueiras, xardíns, zonas de vexetación ruderal como bordes de camiños, montóns de palla, etc. É bastante frecuente atopar a estes animais en zonas rochosas, con abundancia de herbáceas, sobre todo se manteñen certo grao de humidade. Pódese observar desde o nivel do mar ata os 2000 m.

Reproducción

O período reprodutor esténdese de febreiro a setembro, con picos de actividade entre maio e xuño e un brusco descenso en agosto. A xestación dura entre 27 - 33 días, aproximadamente. Nacen de 2 - 10 crías, aínda que o máis habitual é que as camadas sexan de 2 - 4 cativas. Pesan 0,8 - 0,9 g ao nacer. Aos sete días de nacemento xa forman caravanas de animais, enganchadas polo rabo. Con 8 - 9 días abren os ollos, ao tempo que completan a pelaxe. Non son desleitados ata os 20 - 22 días. As femias poden ter varios partos anuais, no seu segundo ano de vida. Existe certo grao de coidado parental por parte dos machos.

Organización social e comportamento

Trátase dunha especie con comportamento social desenvolvido. O territorio de cada individuo solápanse co de outros furaños veci-

ños. É frecuente que varios individuos compartan o mesmo niño durante o inverno, xa que deste modo reducen o gasto enerxético ata nun 20%. Estes animais experimentan períodos de descanso diúrnos durante os que baixan a temperatura corporal e o metabolismo. Presentan fases de actividade de 30 minutos cada 2 horas. Trátase dunha especie con gran capacidade de colonización, o que lle permite ocupar medios pouco propicios. Durante a época reprodutora fórmanse parellas estables e as femias tórnanse agresivas e territoriais. A pesar disto, os machos reproducense con varias femias. Emiten ultrasóns así como gritos audibles.

Alimentación

Trátase duns pequenos depredadores, que se alimentan basicamente de invertebrados: artrópodos (adultos e larvas), moluscos (caracois e lesmas) e miñocas de terra.. Tamén consumen pequenos vertebrados como lagartixas, ras e pequenos roedores. Nalgunhas ocasións poden consumir materia vexetal e incluso carnaza. O tipo e a cantidade de cada alimento varía estacionalmente dependendo da dispoñibilidade.

Depredación

Entre os depredadores habituais destacan as aves: curuxa, o bufo real, o bufo pequeno, a avelaiona, o moucho e o lagarteiro. Tamén pode formar parte da dieta dalgúns mamíferos carnívoros como a algaria, o raposo, a denociña, o gato bravo, a fuíña, etc.

Ameazas e relación co home

Non existen ameazas coñecidas.

Curiosidades

Son moi coñecidas as caravanas de furaños que forman as nais coas cativas, amarrándose fortemente cos dentes un dos cativos á cola da nai. Logo, cada irmán morde a cola de cada irmán, ata formar unha caravana.



Morcego grande de ferradura

Nome científico

Rhinolophus ferrumequinum, (Schreber, 1774)

Taxonomía

Orde *Chiroptera*, Familia *Rhinolophidae*

Estado de Conservación

Segundo UICN (2001): Preocupación menor (LC). Libro Rojo, España (2006): Case ameazado (NT).



Descrición

É o maior dos morcegos de ferradura europeos, sendo practicamente inconfundible polas diferenzas de tamaño que presenta cos outros membros desta familia de quirópteros. A pelaxe dorsal é de cor pardo escura e longa, suave e densa e non se estende pola superficie dorsal das membranas, as cales son pardo escuras e semi-transparentes. Na zona ventral a pelaxe é mais pálida. O proceso conectivo superior da excrecencia nasal sempre é curto e romo en vista lateral, ao igual que *R. hipposideros*, mentres que *R. euryale* po-

súea puntiaguda. Outro carácter que comparten os morcegos de ferradura pequeno e grande, é que durante a hibernación e repouso diario envólvense completamente coas ás, mentres que o mediterráneo faino parcialmente. As súas medidas corporais son: antebrazo: 50,5 - 60,2 mm; Peso: 14,6 - 31,6 g.

Distribución

Distribúese polo sur da rexión Paleártica, ata o sur de Gran Bretaña e o leste de Grecia. Na Península Ibérica está amplamente distribuído, aínda que con abundancias variables.

Bioloxía e ecoloxía

Hábitat

Trátase dunha especie que está presente en calquera medio, con preferencia por zonas con árbores e mato mesturadas con espazos abertos, sobre todo se existen masas de auga próximas como ríos, lagoas ou encoros. Emprega refuxios de diferente natureza, especialmente subterráneos durante o inverno, localizándose preferentemente en cavidades, minas ou túneles. Pódese atopar en faiados e adegas durante o período de actividade. Atópase desde o nivel do mar ata os 1 600 m sobre o nivel do mar de altitude.

Reproducción

O apareamento prodúcese ao longo do outono incluso o inverno. A xestación comeza a finais de marzo ou primeiros de abril. Os partos prodúcense maioritariamente entre maio e xullo, tendo en conta as condicións meteorolóxicas. Teñen unha grande velocidade e desenvolvemento, xa que en apenas 15 días despois do parto xa poden voar. Con 24 días xa saen do refuxio. O crecemento dura entre 4 e 9 semanas aínda que o peso pode variar ao longo de toda a vida. A madurez sexual adquirena aos 3 anos de idade, algo antes no caso dos machos.

Organización social e comportamento

É unha especie sedentaria, cunha área vital que non supera os

16 km de radio. Os desprazamentos entre áreas de cría e hibernación, normalmente son menores aos 50 km, aínda que existen casos de desprazamentos maiores. Trátase dun animal gregario formando colonias de ata 900 individuos durante a hibernación, mentres que durante a cría acada os 800.

Alimentación

Adoita cazar realizando grandes círculos sobre bordes de bosques e sebes; non acostuma empregar as luces artificiais como áreas de caza. Caza ao asexo, dende un pousadeiro, lepidópteros e coleópteros de gran tamaño, que leva para consumilos nalgún dos múltiples pousadeiros que coñece nas súas áreas de caza.

Depredación

En ocasións pode ser depredado pola curuxa (*Tyto alba*).

Ameazas e relación co home

Destrución de refuxios. Perturbacións dos refuxios. As obras de remodelación de edificios históricos ou o tratamento químico para combater pragas afectan maioritariamente aos refuxios de cría. Tamén son importantes os efectos dunha excesiva presión humana nos seus refuxios. Destrución de zonas de alimentación. Uso de pesticidas.



Morcego pequeno de ferradura

Nome científico

Rhinolophus hipposideros, (Bechstein, 1800).

Taxonomía

Orde *Chiroptera*, Familia *Rhinolophidae*

Estado de Conservación

Segundo UICN (2001): Vulnerable (VU). Libro Rojo, España (2006): Case ameazada (NT).



Descrición

Trátase do menor dos morcegos de ferradura de Europa. Resulta moi fácil a súa identificación xa que é notablemente menor que o resto dos rinolófidos presentes na Península Ibérica. Coloración dorsal parda máis ou menos escura, mentres que o ventre resulta máis claro. As cativas presentan unha pelaxe de cor gris escura. Tanto as orellas como as membranas das ás son máis escuras que a

pelaxe dorsal. Ao igual que o rinolofo grande de ferradura, presenta o proceso conectivo superior da excrecencia nasal curto e romo na vista lateral, trazo que non comparte cos morcegos de ferradura mediano e mediterráneo. Outro carácter no que coincide co *R. ferrumequinum* é o feito de envolverse completamente coas ás durante a hibernación ou o repouso diúrno. Existe dimorfismo sexual. As súas medidas corporais son: Antebrazo: 35,7 - 39 mm (machos) e 35,2 - 37,5 mm (femias); Peso: 4,2 - 6 g (machos) e 3,7 - 5 g (femias). A idade media é de 4 anos, aínda que existen casos de máis de 20 anos.

Distribución

Especie de distribución Paleártica desde Irlanda ata Cachemira. Ocorre nas zonas montañosas de Etiopía, Sudán, chegando ata o sur de Alemaña. Na Península Ibérica está amplamente distribuído por todo o territorio aínda que de xeito irregular.

Bioloxía e ecoloxía

Hábitat

Especie de carácter cavernícola, presenta unha predilección polas cavidades naturais aínda que tamén está presente en cavidades subterráneas artificiais ou mesmo edificios. A diferenza entre o uso dun ou outro tipo de refuxio ven determinada pola época do ano. Soe ser máis común naquelas zonas onde existe unha cuberta vexetal arbustiva e arbórea con presenza de augas superficiais. O rango altitudinal onde se atopa é amplo, aparecendo desde o nivel do mar ata os 2.000 m durante o inverno e ata os 1.100 m sobre o nivel do mar de altitude durante o período de cría.

Reproducción

As cópulas adoitan producirse durante o outono, aínda que poden continuar ata o inverno. A maioría dos partos teñen lugar entre os meses de xuño e xullo, necendo unha soa cría por femia. Estas acadan a madurez sexual aos dous anos de vida, aínda que

pode ocorrer antes, neste momento desenvolven unhas falsas mamas abdominais que serven para que as cativas se aferren a elas mentres a súa nai as transporta durante o voo.

Organización social e comportamento

Considerada como unha especie sedentaria, non adoita realizar desprazamentos maiores de 30 km entre os refuxios de cría e invernada, sendo normalmente entre 5 e 10 km. Tense constancia de desprazamentos de máis de 150 km. Forma colonias de cría mono-específicas e non acostuma compartir refuxio de cría con outras especies a diferenza dos demais morcegos de ferradura. Durante o período de hibernación deixa patente o seu carácter solitario, aparecendo frecuentemente individuos illados nun refuxio, e aínda cando comparten este varios adoitan separarse varios metros entre si.

Alimentación

A súa alimentación baséase en dípteros nematóceros, seguidos de lepidópteros e neurópteros, que capturan en voo. Tamén poden alimentarse de insectos non voadores. Non é raro que capturen ás presas directamente das ramas, paredes ou incluso o chan onde están pousadas. A diferenza doutros rinolófidos non caza ao asexo, ademais non adoita empregar pousadoiros para consumir as presas agás as que son moi grandes. Voan a baixa altura entre 2 e 5 m, incluso a ras de chan. Percorre bordes de bosque, sebes, áreas arbustivas e con frecuencia percorre os arredores de casas, cortes, currais, nos núcleos rurais.

Depredación

Pode ser depredado ocasionalmente por leirón gris (*Glis glis*), como se detectou en Lugo.

Ameazas e relación co home

Destrución de refuxios. Perturbacións dos refuxios. As obras de remodelación de edificios históricos ou o tratamento químico

para combater pragas afectan maioritariamente aos refuxios de cría. Tamén son importantes os efectos dunha excesiva presión humana nos seus refuxios. Destrución de zonas de alimentación. Uso de pesticidas.

Curiosidades

Ás veces pode empregar como refuxio teixugueiras, ou tobeiras abandonadas.

Morcego mediterráneo de ferradura

Nome científico

Rhinolophus euryale, (Blasius, 1853)

Taxonomía

Orde *Chiroptera*, Familia *Rhinolophidae*

Estado de Conservación

Segundo UICN (2001): Vulnerable (VU). Libro Rojo, España (2006): Vulnerable (VU)



Descrición

Morcego de ferradura de tamaño intermedio entre *R. ferrumequinum* e *R. hipposideros*, presenta un proceso conectivo superior da excrecencia nasal longo e apuntado notablemente maior que o proceso conectivo inferior, a diferenza destas especies que o teñen curto e redondeado. Outro rasgo diferenciador cos morcegos grande e pequeno de ferradura, é que tan só se envolve parcialmente coas ás, durante a hibernación ou o repouso diúrno. Na Península Ibérica tan só se pode confundir co morcego mediano de ferradura

(*R. mehelyi*). A coloración dorsal é gris - parda máis clara na base, mentres que na rexión ventral a pelaxe tórnase máis escura. As medidas corporais son: Antebrazo: 44 - 50,5 mm; Peso: 7,2 - 16 g.

Distribución

Esténdese por toda a rexión mediterránea, ata o sur de Francia, norte de Italia, sur de Eslovaquia e noroeste de Rumanía. O límite sur de distribución, está en Marrocos, Arxelia, Túnez, Oriente Medio e sur do Cáucaso. Está amplamente distribuído pola Península Ibérica, faltando nas zonas de media e alta montaña, nas zonas máis áridas e no extremo suroccidental. En xeral é máis abundante na metade meridional e na rexión mediterránea.

Bioloxía e ecoloxía

Hábitat

Trátase dunha especie termófila que tende a ser escasa nas áreas de clima continental e atlántico, onde se soe atopar nos fondos dos vales. Eminentemente cavernícola, tanto na época invernal como no período de cría, precisa covas de condicións microclimáticas estables. O seu hábitat de campeo está ligado a zonas de cobertura vexetal de tipo boscoso ou arbustivo, en paisaxes moi fragmentadas. Atópase desde o nivel do mar ata os 1.360 m de altitude, con colonias de cría xeralmente situadas por debaixo dos 600 m.

Reproducción

O período reprodutor comeza a mediados de marzo e esténdese ata principios de xuño. Tras dous meses de xestación, nace unha cría por femia que en tan só 4 -5 semanas empeza a voar. As femias non acadan a madurez sexual ata os 2 ou 3 anos de idade.

Organización social e comportamento

Considérase unha especie sedentaria, sendo os desprazamentos entre os refuxios estivais e de hibernada, de poucas decenas de quilómetros, aínda que existen casos excepcionais de desprazamentos de máis de 100 km. Como especie gregaria, durante a época de

cría, forma grupos de ata 600 individuos aínda que non é frecuente que os grupos estean formados por máis de 200 animais. Así mesmo, durante esta época, comparte refuxio con outras especies, *R. ferrumequinum*, *R. melhelyi*, *Myotis emarginata*, *M. myotis*, *M. blythii* e *Miniopterus schreibersii*. Hibernan en solitario ou formando pequenos grupos de ata varias decenas de individuos, en refuxios habitualmente diferentes aos de cría.

Alimentación

Aliméntase principalmente de lepidópteros nocturnos, aínda que en primavera ten especial predilección por coleópteros do xénero *Rhizotrogus*. Tamén consumen outros ordes de insecto, pero en menor cantidade. É capaz de cernerse para localizar ás presas, en zonas de densa vexetación. Consume as súas presas nun pousadeiro. Aínda que non se coñecen concretamente o seu comportamento de depredador, suponse similar ao dsoutros rinolófidos.

Depredación

Non de detectaron depredadores para a especie.

Ameazas e relación co home

Destrución de refuxios. Perturbacións dos refuxios. As obras de remodelación de edificios históricos ou o tratamento químico para combater pragas afectan maioritariamente aos refuxios de cría. Tamén son importantes os efectos dunha excesiva presión humana nos seus refuxios. A destrución de zonas de alimentación, a perda e degradación dos hábitats de alimentación e o uso de pesticidas.

Curiosidades

A diferenza doutras especies de morcegos europeos, o morcego mediterráneo de ferradura, non presenta separación sexual durante a época de cría polo que é frecuente que haxa machos nos refuxios de cría.



Morcego rateiro grande

Nome científico

Myotis myotis, (Borkhausen, 1797)

Taxonomía

Orde *Chiroptera*, Familia *Vespertilionidae*

Estado de Conservación

Segundo UICN (2001): Preocupación menor (LC). Libro Rojo, España (2006): Vulnerable (VU).



Descrición

Morcego de gran tamaño, facilmente distinguíble do resto de morcegos con antebrazo maior de 55 mm, por ter un trago longo, fino e apuntado. Tan só pode ser confundido polo morcego de orellas de rato mediano (*M. blythii*). As femias son de maior tamaño que os machos. A pelaxe é curta e densa, coa base escura, presentando na zona dorsal coloracións de castaña a pardo - grisáceo, mentres que o ventre é case branco. Os exemplares novos son de

cor cincenta. As medidas corporais son: 56,2 - 62,3 mm; 21 - 35 g.

Distribución

Distribúese polo sur de Europa, desde Holanda, costa polaco - alemá e A Crimea. De igual modo ocorre en Israel, Siria, Anatolia e Illas Azores. Na Península Ibérica está máis amplamente distribuída pola rexión mediterránea, sendo menos abundante na rexión euro-siberiana.

Bioloxía e ecoloxía

Hábitat

Atópase en bosques maduros abertos e pastizais arborados. Ten os seus refuxios en cavidades subterráneas, faiados cálidos e sotos. O rango altitudinal no que se atopa vai desde o nivel do mar ata os 2.060 m, non superando os 1.500 m sobre o nivel do mar para as colonias de cría.

Reproducción

As parideiras fórmanse no mes de marzo, pero os partos non comezan ata abril ou xuño, onde nace unha soa cría por femia. Tras 7 ou 8 semanas os xóvenes voan fora do refuxio, e en agosto independízanse. As femias non acadan a madurez sexual ata os 2 anos de vida.

Organización social e comportamento

Compórtase como unha especie sedentaria, aínda que ocasionalmente realiza movementos migratorios. Os desprazamentos entre as colonias de cría hibernación normalmente son menores dos 50 km, pero ocasionalmente superan os 100 km. Existen casos de movementos migratorios de varios centos. Durante a época de cría, forma grandes colonias de milleiros de femias, moitas veces mesturadas con *Rinolophus ferrumequinum*, *R. euryale*, *Myotis blythii*, *M. emarginata* e *Miniopterus schreibersii*. A finais de verán os machos entran nestes refuxios para aparearse. Durante a hibernación forman pequenos grupos, observándose a cotío individuos illados.

Alimentación

Aliméntase principalmente de insectos non voadores, principalmente carábidos, aínda que pode incluír ourugas e alacráns. Caza voando lentamente a baixa altura, en torno aos 30-70 cm sobre chans nus, ou pastos curtos evitando os herbazais densos. Cando localiza a presa, cénese captúraa coa boca sen pousarse.

Depredación

A curuxa (*Tyto alba*), destaca como principal depredador, depredando en centroeuropa o 5 % das femias unha sola noite, sobre todo durante a época de cría.

Ameazas e relación co home

Destrución de refuxios. Perturbacións dos refuxios. As obras de remodelación de edificios históricos ou o tratamento químico para combater pragas afectan maioritariamente aos refuxios de cría. Tamén son importantes os efectos dunha excesiva presión humana nos seus refuxios. Perdida e degradación dos hábitats de alimentación. Uso de pesticidas.

Curiosidades

Nalgunhas localidades do suroeste ibérico, existen partos da especie dende decembro.



Morcego das ribeiras

Nome científico

Myotis daubentonii, Kuhl, 1817

Taxonomía

Orde *Chiroptera*, Familia *Vespertilionidae*

Estado de Conservación

Segundo UICN (2001): Non avaliado. Libro Rojo, España (2006): Preocupación menor (LC).



Descrición

Morcego de pequeno tamaño. Presenta unha coloración moi variada nas membranas, dende pardo – rubias a negras, similar ao morcego de bigotes (*M. mystacina*), pero a diferenza deste o morcego das ribeiras presenta un esporón que excede o borde libre do uropataxio e a membrana alar insértase normalmente no pé e non na súa base. Este último presenta un tamaño maior que a metade da tibia. Posúe unhas orellas curtas con respecto a outros *Myotis*. O trago apenas chega á metade da lonxitude da orella. As medidas corporais son: Antebrazo: 33,2 - 38,7 mm; Peso: 7 -15 g. Presentan unha esperanza de vida de aproximadamente 4,5 anos, aínda que

algúns individuos poden acadar máis dos 25 anos de vida.

Distribución

Distribuído ao longo da rexión paleártica, ocorrendo en Europa por enriba dos Balcáns e por debaixo da rexión norte de Escandinavia, e da costa atlántica ata a costa pacífica de China, xa en Asia. Presente en toda a Península Ibérica, principalmente na rexión eurosiberiana. En Galicia distribúese de forma intermitente, cando o hábitat é apropiado.

Bioloxía e ecoloxía

Hábitat

Esta especie soe estar asociada a cursos ou masas de auga, onde soe cazar. Pode ocupar unha gran variedade de refuxios, ocos en árbores vellas, fendas en diversos tipos de construcións ou na rocha, faiados ou cavidades. Pódese atopar dende o nivel do mar ata os 1.600 m.

Reproducción

As cópulas prodúcense entre outubro e novembro, pero a ovulación e fecundación non se dá ata primavera. Nace unha cría por femia, durante os meses de xuño e xullo. O período de aleitamento remata a finais de xullo, sendo ao pouco tempo, frecuentes xóvenes voando.

Organización social e comportamento

Especie sedentaria, non adoita realizar desprazamentos de máis de 100 km, aínda que existen casos de distancias percorridas de máis de 200 km entre refuxios. Habitualmente os refuxios de cría e migración son distintos. Normalmente as colonias de cría constitúense por pequenos grupos de menos de 15 femias, aínda que poden chegar a formar grupos de 80-100 individuos. Durante o período de cría os machos concéntranse en grupos de aproximadamente 20 exemplares. Realizan a hibernación en solitarios ou formando pequenos grupos, ocasionalmente agrúpanse máis de 140 individuos.

Adoita presentar os refuxios preto do auga. É habitual que realice desprazamentos de entre 2 e 4 km, incluso de 10 km nalgúns casos, desde o refuxio ata as zonas de alimentación. Estes percorridos realízanos seguindo rotas fixas que preferiblemente discorren preto das árbores.

Alimentación

Para a caza forman pequenos grupos que comparten a mesma zona. É habitual que cace entre a vexetación de ribeira, aínda que principalmente faino voando a menos de 30 cm da superficie da auga. Aliméntanse principalmente de pequenos insectos: dípteros, lepidópteros, nematóceros, tricópteros, etc., crustáceos, e incluso alevíns de peixes. Os tipos predominantes están directamente relacionados coa abundancia dos mesmos. Para cazar as súas presas baixo a auga empregan o uropataxio a modo de rede.

Depredación

Non se coñece ningún depredador específico, aínda que se coñecen casos de depredación por gatos domésticos.

Ameazas e relación co home

Destrución e perturbación dos refuxios. As obras de remodelación de edificios históricos ou o tratamento químico para combater pragas afectan maioritariamente aos refuxios de cría. Tamén son importantes os efectos dunha excesiva presión humana nos seus refuxios. Perda e degradación dos hábitats de alimentación. Uso de pesticidas.



Morcego común

Nome científico

Pipistrellus pipistrellus, (Schreber, 1774)

Taxonomía

Orde *Chiroptera*, Familia *Vespertilionidae*

Estado de Conservación

Segundo UICN (2001): Non avaliado. Libro Rojo, España (2006): Preocupación menor (LC).



Descrición

Trátase do morcego máis pequeno de Europa, xunto cos seu conxénere *P. mediterraneus/pygmaeus*. Presentan orellas pequenas e curtas, cun trago con punta redondeada, de lonxitude maior que a largura máxima. O polgar é notablemente menor que a largura do pulso. As medidas corporais son: 28 - 35 mm; Peso: 2,5 - 8,5 g. Normalmente acadan os 4 - 5 anos de idade, pero existen casos con máis de 16 anos de idade.

Distribución

Presente en toda Europa, norte de África, Península Arábiga e Indostán. Amplamente distribuído por toda a Península Ibérica, localmente abundante.

Bioloxía e ecoloxía

Hábitat

Durante todo o ano refúxiase en fendas e buratos, árbores, caixas niño e construcións humanas. Atopándose ocasionalmente en covas durante a hibernación. Caza en todo tipo de hábitats, incluso os máis humanizados. Aparece dende o nivel do mar ata os 2.000 m s.n.m. de altitude, reducindo a altitude ós 1.500 m s.n.m. para as colonias de cría.

Reproducción

O período de xestación de duración variable, entre 40 – 51 días dependendo das condicións ambientais, principalmente a temperatura e a dispoñibilidade trófica. As crías nacen entre maio e xuño. Normalmente nace unha soa cría aínda que son frecuentes os partos dobres. As crías son destetadas a mediados de agosto, momento no que se independizan. As femias non acadan a madurez sexual ata o primeiro ano de vida.

Organización social e comportamento

Na Península considérase unha especie sedentaria, realizando desprazamentos menores de 50 quilómetros só con fins dispersivos. En Europa si existen poboacións migratorias, existindo casos de migracións superiores aos 1100 quilómetros. As femias forman colonias reprodutoras máis numerosas que de hibernación, mentres que os machos son solitarios. Estes últimos defenden o territorio fronte a outros machos, sobre todo durante o período reprodutor. As femias son atraídas aos refuxios mediante chamadas sociais dos machos, formándose haréns de ata 13 femias. Trátase dun morcego moi activo, observándose frecuentemente durante o día

Alimentación

É o morcego máis frecuente nos arredores de farois de edificios e estradas, onde captura ás súas presas, pero tamén se pode observar cazando nas proximidades de masas de auga, como ríos, enco-

ros ou bosques de ribeira. Cando as presas son abundantes adoitan cazar en grupos de 2-4 individuos, pero cando estas escasean vólvense moi territoriais, emitindo chamadas sociais de advertencia para afastar aos competidores. Aliméntanse principalmente de dípteros, aos que captura e consume en pleno voo.

Depredación

Resulta presa ocasional de serpes e de rapaces nocturnas e diúrnas.

Ameazas e relación co home

Destrución e perturbación dos refuxios. As obras de remodelación de edificios históricos ou o tratamento químico para combater pragas afectan maioritariamente aos refuxios de cría. Tamén son importantes os efectos dunha excesiva presión humana nos seus refuxios. Perda e degradación dos hábitats de alimentación. Uso de pesticidas. Existen casos de atropelos.

Curiosidades

Actualmente a especie está dividida en dúas *P. pipistrellus* e *P. pygmaeus/mediterraneus*. Esta última está pendente de ser aceptada, polo que os datos da súa distribución están pendentes de revisión.



Morcego orelludo gris

Nome científico

Plecotus austriacus, (Fischer, 1829):

Taxonomía

Orde *Chiroptera*, Familia *Vespertilionidae*

Estado de Conservación

Segundo UICN (2001): Non avaliado. Libro Rojo, España (2006): Case ameazado (NT).



Descrición

Morcego de tamaño medio con enormes orellas, que superan os 31 mm, e únense na base sobre a fronte. Tan só pode confundirse co seu conxénere *P. auritus*. O trago con largura entre 4,9 e 6,7 mm é case opaco, e de cor parecida ao resto do pavillón. As partes espidas como o antebrazo, o nariz e os beizos son de cor cincenta. A forma do pene dos machos adultos ten forma de maza. As medidas corporais son: Antebrazo: 37 - 45 mm; Peso: 6,5 - 15 g. Normalmente acadan os 4 -5 anos, aínda que poden chegar a vivir 14 anos.

Distribución

Esténdese polo o oeste de Eurasia, norte de África e Asia Menor desde as costas atlánticas da Península Ibérica, Francia e sur de Inglaterra ata o oeste de China. En África, ocorre desde Cabo Verde e Marrocos ata Exipto, Sudán e Etiopía. Ocupa toda a Península Ibérica, e aínda que non é abundante, si se pode considerar especie frecuente, sobre todo na rexión mediterránea.

Bioloxía e ecoloxía

Hábitat

Os hábitats que emprega para alimentarse poden considerarse moi variados, aparecendo tanto en bosques ou áreas semiforestais como en zonas de cultivos e paisaxes abertos sen cobertura arbórea. Trátase dunha especie algo menos forestal e máis ligada ao hábitat humano que outras especies próximas. Pode empregar unha ampla diversidade de refuxios, sendo bastante antropófila, alomenos durante a época de actividade. Deste xeito parece presentar preferencia polas construcións humanas, podendo atopalo en edificios pechados ou abandonados, igrexas, pontes, túneles, etc., onde soe ocupar fendas. Na época invernal atópase en refuxios subterráneos relativamente cálidos aínda que tamén aparece en edificios e mesmo árbores. Na rexión eurosiberiana da Península tende a ocupar zonas máis baixas, pero de forma xeral pódese atopar desde o nivel do mar ata os 1.600 m de altitude

Reprodución

O apareamento ten lugar durante o mes de setembro. A mediados de abril - maio, as femias xúntanse para criar, formando normalmente colonias de 10 - 50, aínda que o número é variable.. Os partos teñen lugar a mediados de xuño e son normalmente simples, aínda que ocasionalmente poden nacer xemelgos. As cativas empezan a voar durante o mes de agosto. Os machos acadan a madurez sexual a partir do ano de vida, mentres que as femias non se apare-

an ata os 2 ou 3 anos.

Organización social e comportamento

Trátase dunha especie sedentaria, non adoita a realizar desprazamentos maiores de varias decenas de quilómetros, sendo o movemento máis longo rexistrado de 62 km. Por outra banda si son frecuentes os desprazamentos altitudinais entre os refuxios de inverno e verán. É frecuente que en verán busque zonas forestais a elevada altitude. Adoitan compartir os refuxios con outras especies de morcegos. Son pouco gregarios, sendo solitarios agás na época reprodutora, sobre todo os machos adultos. Durante a hibernación este carácter solitario resulta máis significativo.

Alimentación

Os orelludos non saen dos seus refuxios ata que é completamente de noite. Voan moi lentamente, conseguindo gran capacidade de manobra. Poden capturar presas mentres estas están pousadas. A súa débil ecolocalización permite aproximarse ás trazas sen que estas perciban a súa presenza. Ademais desta caza activa, grazas aos seus pavillóns auditivos, pode escoitar ás súas presas mediante escoita pasiva, polo que poden percibir os sons de máis baixa frecuencia como aleteos, ou o ruído que producen ao camiñar. Están especializados en lepidópteros, pero tamén se alimentan de escaravellos e dípteros voadores, que capturan durante o voo. Cando capturan unha presa moi grande como por exemplo grandes trazas, acude a un pousadeiro nocturno para consumilas. É frecuente atopar acúmulos de ás o cal pode denotar a súa presenza.

Depredación

Non se ten constancia de ningunha especie especializada no morcego orelludo gris.

Ameazas e relación co home

Destrución de refuxios. Perturbacións dos refuxios. As obras de remodelación de edificios históricos ou o tratamento químico para

combater pragas afectan maioritariamente aos refuxios de cría. Tamén son importantes os efectos dunha excesiva presión humana nos seus refuxios. Perda e degradación dos hábitats de alimentación. Uso de pesticidas.

Nome científico

Canis lupus, Linnaeus, 1758

Taxonomía

Orde *Carnivora*, Suborde *Caniformia*, Familia *Canidae*

Estado de Conservación

Segundo UICN (2001): Case ameazado (NT). Libro Rojo, España (2006): Case ameazado (NT)



Descrición

Co aspecto dun can pastor alemán, o lobo ibérico ten a cabeza máis grande e redondeada, con músculos da mandíbula moi desenvolvidos, orellas curtas e triangulares, pescozo robusto e lombo lixeiramente afundido. Cor gris parda, co pelo do pescozo, do dorso e da cola gris escuro. Ten as fazulas brancas e unha liña escura nas patas anteriores que ás veces chega ata o peito. Os machos son lixeiramente maiores que as femias pero o dimorfismo apenas é apreciable. As medidas corporais son: Lonxitude cabeza – corpo: 120 cm; Lonxitude cola: 40 cm; Altura na cruz: 70 – 80 cm; Peso:

32 – 46 kg (machos) e 28 – 38 kg (femias).

Distribución

Era o mamífero con maior área de distribución natural. Estendiase polo Hemisferio Norte por enriba do paralelo 20. A persecución durante séculos erradicouno da maior parte dos Estados Unidos (excepto Alaska), México e de gran parte de Europa occidental. Na actualidade é abundante en Canadá, Alaska, a maior parte de Asia setentrional e central. En Europa é abundante en Rusia, os países do Leste e a Península Ibérica, con poboacións menores en Escandinavia e en todas as penínsulas mediterráneas. Recentemente recolonizou Francia e Alemaña. Vive no extremo nordeste de Portugal. En España ocupa unha área continua no cuadrante noroccidental duns 120.000 km²; ademais, en Serra Morena queda unha pequena poboación relictas e illada. A poboación reprodutora do noroeste ocupa a maior parte de Galicia e Castela e León, gran parte de Asturias e Cantabria e pequenas porcións de Álava, Vizcaya, La Rioja e Guadalajara. Na Península Ibérica o lobo reduciu a súa área de distribución durante os séculos XIX e XX, pero a partir de 1970 os lobos do noroeste recuperáronse e ampliaron de forma moi notable a súa área de distribución, aínda que se extinguiron pequenas poboacións illadas en Extremadura e Salamanca. Está ausente dos arquipélagos Balear e Canario, e dos territorios do norte de África.

Bioloxía e ecoloxía

Hábitat

É una especie xeneralista capaz de vivir en calquera medio onde atope alimento. A severa persecución humana relegouno a zonas despoboadas e remotas, pero o aumento da tolerancia da sociedade cara ao lobo nas tres últimas décadas permitiulle recolonizar áreas moi humanizadas e incluso zonas agrícolas deforestadas sen apenas ungulados silvestres. Durante a época de cría prefire zonas con

ampla cobertura vexetal e proximidade a cursos de auga. En España, vive en cotas que van desde o nivel do mar aos 2.000 m na Cordilleira Cantábrica.

Reproducción

Alcanza a madurez sexual aos 22 meses, o celo prodúcese entre xaneiro e abril e, tras 63 días de xestación, a femia pare entre abril e xuño cinco ou seis lobeznos, que abandonan a toqueira ás seis ou oito semanas e que acompañan aos pais a cazar a partir dos cinco meses de idade. En cada manada sóse reproducir soamente unha femia ao ano.

Organización social e comportamento

Os lobos son carnívoros sociais que viven en manadas xerarquizadas compostas por unha parella reprodutora e as súas crías de varios anos. As manadas soen estar compostas por cinco a dez exemplares. Son animais territoriais, que delimitan os seus territorios con sinais olfactivas ou sonoras. O tamaño dos territorios varía entre os 100 e o 500 km². En Europa, os lobos viven en contacto case permanente co home, por este motivo son moito máis esquivos e de hábitos exclusivamente nocturnos. En Galicia e noutras rexións da Península, a elevada persecución por parte do home, xunto coa densidade poboacional deste fai que os lobos emitan menos ouveos que en zonas menos poboadas ao longo da súa área de distribución.

Alimentación

É principalmente carnívoro, caza ungulados, tanto silvestres como domésticos, aínda que o seu oportunismo permítelle consumir todo tipo de presas e, ocasionalmente, froitos. Consome carnaiza con frecuencia. En Galicia, aliméntase de gando doméstico de todo tipo, pero principalmente de gando extensivo (vacas e cabalos), e de restos de granxas avícolas e porcinas.

Depredación

Non existen depredadores importantes excepto o home.

Ameazas e relación co home

Ao longo da historia a especie foi perseguida polo home por mor dos danos que esta producía sobre o gando, polo que as poboacións de lobo decreceron notablemente. A pesar disto as perdas que produce o lobo son insignificantes comparadas con outros danos producidos no sector agrícola por outras causas naturais. Actualmente na Comunidade Autónoma Galega estase a establecer un Plan de Xestión para o Lobo, proceso moi complexo, especialmente naqueles ambientes altamente humanizados. Existen zonas da Península onde os lobos, depredan sobre ungulados silvestres presentes nos valados cinxéticos, polo que tamén son perseguidos, alegando que ocasionan notables perdas económicas neste sector. Por estas e outras razóns o home empregou todo tipo de técnicas para controlar a presenza de lobo, destacando a caza con lazos e o uso de venenos. A pesar disto o lobo sobrevive, demostrando unha vez máis a súa gran capacidade de adaptación.

Curiosidades

Na Península Ibérica describíronse dúas subespecies de lobo: *C. l. signatus* e *C. l. deitanus*. A primeira ocuparía toda a Península. A segunda, propia do levante español, resulta dubidosa ao terse extinguido as súas poboacións naturais e non conservarse holotipos. A maioría dos autores internacionais consideran ao lobo ibérico como *C. l. lupus*.

Raposo

Nome científico

Vulpes vulpes, (Linnaeus, 1756)

Taxonomía

Orde *Carnivora*, Suborde *Caniformia*, Familia *Canidae*

Estado de Conservación

Segundo UICN (2001): Preocupación menor (LC). Libro Rojo, España (2006): Preocupación menor (LC).



Descrición

O seu aspecto é o dun cánido típico, coas orellas erectas, triangulares e puntiagudas, fociño afiado, cola moi poboada e corpo alongado. A pelaxe é de color pardo-vermello, coa parte ventral, zona inferior do focinho, meixelas e gorxa branco-grisáceo; a parte posterior das orellas e as patas son de cor negra, a punta da cola adoita ser branca. Muda a pelaxe dúas veces ao ano, unha en primavera e outra en outono. Como o resto de cánidos, ten cinco dedos nas patas anteriores e catro nas posteriores, con unllas non retráctiles. Non presenta un claro dimorfismo sexual. Poden chegar a vivir 10-12 anos, pero en liberdade son raros os exemplares de máis de 5

anos de idade. As medidas corporais son: Lonxitude cabeza - corpo: 65 - 70 cm (machos) e 52 - 72 cm (femias); Lonxitude da cola: 33 - 48 cm (machos) e 32 - 44 cm (femias); Altura cruz: 35 - 40 cm; Peso: 4,6 - 6, 8 kg (machos) e 3,1 - 7,8 (femias).

Distribución

Atópase de xeito natural en Norteamérica, Europa, norte de África e a maior parte de Asia ata Xapón. Foi introducido en Australia e en moitas illas do Pacífico. En Europa esténdese pola maior parte da rexión occidental e aparece en case todas as illas. En España atópase en todo o territorio agás en Baleares e Canarias.

Bioloxía e ecoloxía

Hábitat

Trátase duna especie claramente oportunista, polo que pode ocupar case calquera tipo de hábitat. Aínda que ten maior preferencia polos terreos abertos ou zonas con gran diversidade paisaxística, e menor polas forestais cerradas e extensas. Na Península atópase desde nas praias ata a alta montaña a máis de 2000 metros, en todos os hábitats posibles. En moitos casos habita a periferia das cidades alimentándose de lixo.

Reproducción

O celo prodúcese entre novembro e decembro, durando a xestación 50.55 días. Os cachorros nacen a finais de febreiro ou principios de marzo. O parto acontece no interior dun refuxio, sendo a camada de entre 4 e 6 cachorros normalmente.

Organización social e comportamento

É un animal territorial, e distribúese especialmente en parellas ou pequenos grupos familiares, ocupando áreas ben definidas, marcando os seus límites mediante marcaxe olfactiva con excretas, oríños e secrecións das glándulas odoríferas. Este comportamento territorial é menos marcado en áreas con boa dispoñibilidade trófica e máis marcado canto menor é esta. A extensión dos territorios é

moi variable, sendo polo xeral de entre 100 e 500 ha.

Alimentación

O celo prodúcese entre novembro e decembro, durando a xestación 50.55 días. Os cachorros nacen a finais de febreiro ou principios de marzo. O parto acontece no interior dun refuxio, sendo a camada de entre 4 e 6 cachorros normalmente.

Ameazas e relación co home

En zonas cunha presión cinexética importante a mortalidade anual pode alcanzar o 50-60 % da poboación total. Poden verse afectados por enfermidades como o moquillo ou a rabia. A especie adoita causar danos en currais e granxas, causando verdadeiras desfeitas.

Curiosidades

Trátase do carnívoro máis estendido do planeta, e curiosamente dos máis perseguidos, demostrando gran capacidade de adaptación. En Australia e diversas illas do pacífico, provoca importantes danos na fauna autóctona.



Nome científico

Mustela erminea Linnaeus, 1758

Taxonomía

Orde *Carnivora*, Suborde *Caniformia*, Familia *Mustelidae*, Subfamilia *Mustelinae*

Estado de Conservación

Segundo UICN (2001): Vulnerable (VU). Libro Rojo, España (2006): Datos insuficientes (DD).



Descrición

É un pequeno mustélido de corpo alongado con extremidades curtas, pescozo longo e cabeza aplanada e orellas curtas e redondeadas. A cola representa o 37% da lonxitude corporal, e se caracteriza por presentar o seu último tercio rematado en pincel e de cor negra. A cor da súa pelaxe no verán é pardo avermellada co ventre branco - amarelado, mentres que no inverno presenta unha cor totalmente branca, excepto o extremo da cola. Posúe un gran dimorfismo sexual, sendo as femias ata un 40% máis pequenas que os machos.

As súas medidas corporais son: Lonxitude cabeza - corpo: 244 - 278 mm (machos), 221 - 250 mm (femias); Lonxitude da cola: 92 -

124 mm (machos), 70 - 100 mm (femias); Lonxitude da orella: 41 - 52 mm (machos), 37 - 49 mm (femias); Pé posterior: 18 - 27 mm (machos), 17 - 25 mm (femias); Peso: 180 - 330 g (machos), 110 - 205 g (femias).

A vida media dos armiños na natureza varía entre 15 e 54 meses para os machos e entre 13 e 42 meses para as femias.

Pode ser confundido coa denociña (*Mustela nivalis*), diferéncianse claramente polo extremo da cola, de cor negra no armiño.

Distribución

A súa distribución natural é circumboreal, aínda que foi introducido en Nova Zelandia ao redor de 1880. No Paleártico, o seu límite meridional atópase na Península Ibérica. Na península ocupa soamente unha franxa ao norte, que comprende na súa totalidade as comunidades de Asturias, Cantabria, País Vasco e Navarra, case toda Galicia, a metade norte de Castilla-León e La Rioja, e unha pequena franxa ao norte de Huesca e Cataluña.

Bioloxía e ecoloxía

Hábitat

A especie pode ocupar unha gran variedade de hábitats, dende zonas costeiras e prados de montaña a zonas esteparias, mostrando preferencia polos soutos de ribeira. O rango altitudinal abarca desde o nivel do mar ata os 1.800 m. Algunhas das súas poboacións atópanse en zonas de montaña e de alta montaña, ocupando prados e beiras de ríos e lagos, acadando nestes casos os 2.740 m.

Reproducción

En climas tépedos, os machos alcanzan a madurez sexual ao ano de vida, mentres que as femias poden ser fertilizadas ao mes e medio de vida. A fecundación prodúcese durante o período de lactancia. Logo, os óvulos fertilizados sofren unha implantación retardada. Permanecen libres no útero durante nove ou dez meses ata que na primavera se produce a implantación. A xestación dura ca-

tro semanas, e o parto ten lugar en abril. O tamaño de camada oscila entre catro e oito crías, que nacen cegas, coas orellas pregadas e sen pelo. O destete prodúcese entre as sete e doce semanas e se independizan aos tres ou catro meses. O tamaño adulto alcánzase aos seis meses nas femias e ao ano de idade nos machos.

Organización social e comportamento

Durante a maior parte do ano machos e femias viven por separado e en solitario, presentando un comportamento territorial. Os territorios dos machos exclúense mutuamente e son maiores que os das femias, que tamén se exclúen entre si. Ao nacer a proporción de sexos é 1:1, pero nos adultos obsérvase unha predominancia de machos.

É predominantemente nocturno, activo desde o atardecer ata o amencer, aínda que tamén se lle ve de día, sobre todo na época de reprodución.

É unha especie que nada moi ben e tamén ten boa capacidade para gabear. Caracterízase por capturar as súas presas mediante unha trabada na caluga.

Alimentación

Trátase dun depredador especializado nos pequenos vertebrados, preferentemente mamíferos, aínda que tamén consome paxaros, ras, ovos, insectos e carnaza. Entre os mamíferos destaca como presa a rata de auga común (*Arvicola sapidus*), da cal se considera depredador especialista.

Depredación

Soe ser presa de carnívoros e de aves rapaces de tamaño grande ou mediano, como o raposo (*Vulpes vulpes*) e, de xeito ocasional, o gato doméstico (*Felis catus*).

Ameazas e relación co home

Na actualidade pode verse ameazada pola diminución das poboacións de rata de auga común, unha das súas principais presas.

Noutras épocas a súa pel foi apreciada polo seu interese peleteiro e ornamental.

Curiosidades

A pel do armiño é un símbolo heráldico que adoitaba acompañar aos reis, e durante séculos foi ornamento invariable dos traxes reais de gran cerimonia.

Denociña

Nome científico

Mustela nivalis, Linnaeus, 1766

Taxonomía

Orde *Carnivora*, Suborde *Caniformia*, Familia *Mustelidae*, Subfamilia *Mustelinae*.

Estado de Conservación

Segundo UICN (2001): Datos insuficientes (DD). Libro Rojo, España (2006): Preocupación menor (LC).



Descrición

É o mustélido máis pequeno, con corpo e cabeza alongados e extremidades e cola curtas, o que lle confire un aspecto cilíndrico. A pelaxe do dorso é pardo canela a pardo chocolate, mentres que a ventral é de cor branca, podendo ser o límite entre as coloracións recto ou sinuoso segundo as subespecies descritas anteriormente. A cor dos pés é variable entre branca e a cor dorsal. Son frecuentes as pecas rictales na cara.

O dimorfismo sexual moi notable, presentando diferenzas salientables entre os machos e as femias nas súas medidas corporais: Lonxitude cabeza - corpo: machos: 175 - 220 mm, femias: 165 - 170 mm; Lonxitude cola: machos: 50 - 85 mm, femias: 40 - 55 mm;

Peso: machos: 90 - 223 g, femias: 49 - 80 g.

Unicamente podería ser confundido cun armiño con pelaxe estival, pero a diferenza deste, a denociña non posúe o penacho de pelos negros no extremo da cola.

Distribución

Trátase dunha especie holártica, distribuíndose por toda Europa exceptuando Irlanda e Islandia, Norteamérica, Norte África, Asia Central e Septentrional. Ocorre en toda a Península Ibérica e Baleares, presentando abundancias variables, sendo menos abondosa no terzo oriental. En Galicia é unha especie moi común en todo o territorio, localmente abundante.

Bioloxía e ecoloxía

Hábitat

Pode vivir en case todo tipo de hábitats sempre que exista cobertura e abundancia de micromamíferos. Por esta razón podemos atopala desde as dunas costeiras, ata os 2500 m. Ten especial predilección polos muros de pedra, valos e acumulacións de leña en medios en mosaico: prados, bosquetes, cultivos, etc., principalmente pola abundancia de micromamíferos que albergan estes medios. É frecuente nas proximidades das vivendas rurais. Ocupa os tobos das súas presas, que forra con pelo das capturas durante o inverno.

Reproducción

O período de celo pode producirse entre marzo e xullo. A diferenza doutros mustélidos non teñen ovo -implantación diferida producíndose os nacementos a finais de xullo - agosto. Nacen de catro a oito cachorros variando o número segundo a dispoñibilidade de alimento. As crías pesan ao nacer entre 1 e 4 gramos, pero se desenvolven rapidamente, xa que en case 3-4 semanas son destetados. Ás 8 xa son capaces de matar presas de forma instintiva, aínda que coa axuda da nai poden acelerar este proceso. As crías independízanse ás 9 -10 semanas. A partir deste momento e se a abundan-

cia de micromamíferos o permite, é posible que as femias teñan unha segunda camada. Incluso as femias nadas en primavera poden reproducirse ao final do verán, xa que a madurez sexual acádase aos 3-4 meses. As crías nadas nesta segunda camada, teñen un crecemento máis lento que as da primeira.

Organización social e comportamento

Son animais solitarios que tan só forman grupos familiares na época reprodutora. O segundo fenómeno reprodutor anual, explica a estratexia poboacional da especie, xa que a dependencia tan marcada das poboacións de micromamíferos, fai que a súa dinámica vaia ligada á destes. Consecuentemente un descenso drástico da poboación de micromamíferos pode implicar unha diminución e incluso desaparición de certas poboacións.

Alimentación

Trátase dun carnívoro especializado en depredar micromamíferos de tamaño medio, sendo os microtininos as presas máis abundantes. Cando os micromamíferos non son abundantes aliméntase de lagomorfos, aves, ovos, lagartos, anfibios, lombrices e incluso carnaza. Tendo en conta o marcado dimorfismo sexual que existe nesta especie, é frecuente que o espectro alimentario sexa moi variable entre sexos.

Depredación

Polo seu reducido tamaño, é presa ocasional de aves de rapina nocturnas, como a curuxa ou o bufo real ou diúrnas, como o miñato. Tamén pode ser depredada por carnívoros de maior tamaño como o raposo e gatos domésticos. Os grandes lagartos e as cobras depredan principalmente sobre as crías.

Ameazas e relación co home

Tradicionalmente se perseguiu en zonas rurais, acusándoas de atacar ás aves de curral, esquecéndose da súa importante labor como rodenticida. Os cambios dos usos de solo, coa consecuente

degradación de hábitat xunto co cambio climático poden ser as causas de que nos últimos anos experimentara unha regresión po-
boacional.

Visón americano

Nome científico

Mustela vison, Schreber, 1777.

Taxonomía

Orde *Carnivora*, Suborde *Caniformia*, Familia *Mustelidae*, Subfamilia *Mustelinae*

Estado de Conservación

Segundo UICN (2001): Non avaliado (NE). Trátase dunha especie alóctona.



Descrición

Trátase dun mustélido de medio tamaño. Como outros mustélidos de hábitos similares posúe un corpo alongado e delgado, con membros proporcionalmente robustos e curtos. Estes animais están adaptados á vida acuática xa que presentan membranas interdigitais nos membros posteriores. A súa pelaxe é moi tupida e presenta unha cor marrón escura case negra de aspecto lustroso. O rabo é longo e tupido, de cor similar ao resto do corpo na zona

onde se une a este, e case negra no extremo. Son moi notables as manchas de cor branca que ten na pelaxe, sobre todo no beizo inferior, peito e abdome. A cabeza é de pequeno tamaño, con orellas pequenas e redondeadas e fociño puntiagudo. Presenta dimorfismo sexual sendo os machos maiores. As medidas corporais son: Lonxitude cabeza - corpo: 330 - 450 mm (machos) e 300 - 370 mm (femias); Lonxitude cola 150 - 220 mm (machos) e 130 - 190 mm (femias); Peso: 0,8 - 1,8 kg (machos) e 0,5 - 0,9 kg (femias). En cautividade poden acadar os 10 anos de vida.

Distribución

Especie orixinaria de Norteamérica, ocupando a maior parte de Estados Unidos e Canadá, dende a tundra ata as rexións áridas do sur deste continente. A súa cría en granxas peleteiras, e as posteriores fugas producidas deron lugar a poboacións en gran parte de Europa, Sudamérica, Nova Zelandia e Asia oriental. En España ocorre en provincias de 12 comunidades autónomas; sendo Galicia, Cataluña e Madrid as comunidades que presentan núcleos poboacionais máis grandes.

Bioloxía e ecoloxía

Hábitat

Trátase dunha especie xeneralista, aínda que ten certa preferencia pola ribeiras con vexetación, sendo os seus hábitats óptimos as augas permanentes en pequenas zonas palustres e fluviais. En Galicia é frecuente en rochedos costeiros, regatos, ríos, cultivos, bosques caducifolios e repoboacións forestais, incluso en zonas urbanas.

Reproducción

A época reprodutora empeza en marzo, durando unhas catro semanas e neste intervalo a femia pode entrar en celo dúas ou tres veces. O proceso ovulatorio é inducido pola cópula. Os machos tórnanse moi violentos durante a copula, mordendo á femia no

pescozo deixando cicatrices e rozaduras. Como outros mustélidos posúe ovoimplantación diferida, producíndose os partos entre finais de abril e mediados de maio, despois de aproximadamente 4 semanas de xestación dende a implantación do óvulo. Poden nacer entre 1 e 8 crías, aínda que o máis frecuente é que o fagan 4 ou 5. As crías son cegas ao nacer e pesan entre 6 e 8 gramos. Non abren os ollos ata as 3 semanas, e con apenas un mes xa comen carne. A nai coida das crías ata xullo, xa que no mes de agosto estas dispérsanse. A madurez sexual non chega ata o ano de idade nas femias.

Organización social e comportamento

Aínda que son principalmente crepusculares, non é raro atopalos activos durante o día. Durante os períodos de inactividade descansan entre rochas e raíces, normalmente preto do auga. Son animais solitarios e territoriais. Os machos defenden territorios lineais de 1 a 6 km de lonxitude e 200 m de ancho, ao longo de cursos de auga e costa, mentres que en zonas palustres a conformación varía un pouco. Os territorios dos machos poden albergar dentro aos de varias femias, pero nunca se solapan cos de outros machos. Os territorios están delimitados con marcas olorosas, mediante secrecións glandulares e excrementos. Trátase dun animal semiacuático, excelente mergullador, acadando profundidades de 5 m e ata 30 m de lonxitude, aínda que os ollos non están de todo adaptados á caza subacuática. Válense das patas traseiras, semipalmadas para desprazarse, e da cola para dirixir a modo de temón. Tamén son rápidos nos desprazamentos en terra, caracterizándose por marchar facendo pequenos saltos; ao igual que outros mustélidos son bos gabeadores. Todas estas características converten aos visóns nuns excelentes depredadores oportunistas.

Alimentación

Animal claramente xeneralista e oportunista. Posúe un amplo espectro de presas na súa dieta.

Depredación

Pode ser presa ocasional de varias especies de mamíferos como cans, raposos e mustélidos de gran tamaño como a lontra; tamén pode ser depredados por aves rapaces como o bufo real.

Ameazas e relación co home

En Europa trátase dunha especie alóctona, polo que todas as medidas de xestión deben dirixirse máis cara a súa erradicación que á súa conservación. A pesar disto hoxe en día considérase practicamente imposible a súa total erradicación, polo que se plantexan medidas de control poboacional que limiten a capacidade de colonización da especie. O seu carácter xeneralista, convérteno nun depredador moi prexudicial para a avicultura, podendo producir cuantiosos danos se entra nunha granxa avícola; estes efectos negativos son moito maiores se se producen en colonias de aves mariñas, ou en niñadas de especie protexidas. O seu espectro de presas é moito máis amplo que o doutras especies autóctonas, polo que pode chegar a competir con varios depredadores que ocupen nichos similares.

Curiosidades

Nos últimos tempos as poboacións galegas, estanse vendo incrementadas por un aumento das “liberacións”, realizadas por grupos de “supostamente ecoloxistas”, que están a xerar problemas de conservación do medio importantes.

Tourón, furón bravo

Nome científico

Mustela putorius, Linnaeus, 1758

Taxonomía

Orde *Carnivora*, Suborde *Caniformia*, Familia *Mustelidae*, Subfamilia *Mustelinae*

Estado de Conservación

Segundo UICN(2001): Case ameazada (NT). Libro Rojo, España (2006): Case ameazada (NT).



Descrición

Trátase dun carnívoro mediano, de aspecto similar a un visón pero de maior tamaño. Como o resto dos mustélidos posúe un corpo esvelto e alongado. As súas medidas corporais son: Lonxitude cabeza - corpo: 385-425 mm; Lonxitude Cola: 150 mm; Peso: 800 – 1300 g en machos, sendo entre un 60-90% menor en femias. Existindo un claro dimorfismo sexual. Presentan unha coloración con tons castaños escuros, tendendo a aclararse ata tons amarelas polos flancos. Rodeando o fociño, orellas e ollos presentan unha máscara de cor branca, que o diferencia claramente doutros mustélidos de tamaño similar.

Distribución

Distribúese por toda Europa, exceptuando a Península Balcánica. A diferenza doutras especies de mustélidos, o tourón non está presente en ningunha das illas do mediterráneo. Na Península Ibérica aparece amplamente distribuído, pero sen presentar grandes densidades. En Galicia aparece ben distribuído ao longo de todo o territorio aínda que presenta baixa frecuencia, ao igual que no resto da Península.

Bioloxía e ecoloxía

Hábitat

Ocupa gran variedade de hábitats dende o nivel do mar ata os 1600 m , aínda que acostuma estar ligado á presenza de auga, ocupando as ribeiras dos ríos, lagoas, e zonas húmidas. Adoita evitar as zonas de mosaico, aínda que non é raro en zonas de mato con abundancia de coellos. Agóchase normalmente en tobeiras subterráneas, ás veces aproveitando as feitas por outros animais, sobre todo por coellos, como escavadas por el mesmo. Outras veces agóchase en moreas de leña, raíces de árbores, en covas naturais ou entre a vexetación superficial. Tapiza as tobeiras empregando herbas ou musgo.

Reproducción

O celo comeza na primavera (marzo - maio). Un mesmo macho adoita copular con máis dunha femia. O período de xestación dura aproximadamente 40 días, despois dos cales nacen de 1 a 12 cachorros (normalmente entre 5-10) de 7-10 g de peso, cegos e case nus. Un mes despois abren os ollos e poden ser observados no exterior do tobo, alcanzando a independencia aos tres meses, cando xa presentan a súa máscara característica. Non adoitan reproducirse ata acadar o ano de vida. Excepcionalmente as femias poden ter unha segunda camada se perden a primeira.

Organización social e comportamento

Os furóns son animais solitarios, agás na época de cría na que forma grupos familiares. Nesta época son frecuentes as loitas entre machos. Presentan unhas glándulas perianais, que expulsan sustancias fétidas cando son molestados. Estas sustancias tamén son empregadas con fins territoriais, así mesmo durante a época de celo unha maior secreción facilita que os machos e as femias se atopen. Non hibernan. Posúen un excelente oído e boa vista e olfacto. É un mal gabeador, pero trátase dun fabuloso nadador, corredor e escavador. Trátase dunha especie sedentaria, pero pode realizar pequenos desprazamentos dependendo do recurso alimenticio. Non adoita superar os catro ou cinco anos de vida aínda que existen casos en condicións de cativeiro.

Alimentación

Trátase dun depredador oportunista que caza pola noite a nas últimas horas da tarde e primeiras da mañá. Depreda sobre todos os animais que están dispoñibles, aínda que principalmente faino sobre micromamíferos e coellos xóvenes e anfibios. Ocasionalmente come aves, ovos, e peixes, estes en moita menor cantidade da que cabería esperar tendo en conta o hábitat que ocupa. A diferenza doutros mustélidos de tamaño similar os touróns apenas se alimentan de materia vexetal e insectos, sen embargo presentan gran cantidade de anfibios. Entre estes destacan os sapos, pínegas e limpafontes. Son moi típicas as despensas de anfibios en gran número de tobeiras, xa que tras unha mordedura na base do cranio os anfibios poden manterse paralizados e con vida durante largo tempo. É probable que os xóvenes aprendan a recoñecer os olores das futuras presas por medio do alimento que lles aporta a súa nai.

Depredación

Entre os principais depredadores débese citar ao lobo e ao lince, naquelas zonas onde aínda coexistan. No resto das zonas o ra-

poso, o bufo real, e os cans e gatos cimarróns perfilanse como os principais depredadores do tourón.

Ameazas e relación co home

Ao longo da historia foi perseguido pola súa habilidade para capturar coellos e outras especies de caza menor, o que se traduciu na desaparición da especie de moitas zonas. Sen embargo, as causas máis probables da diminución poboacional son a destrución do hábitat por parte do home, a desaparición ou diminución de poboacións de coello, a contaminación por rodenticidas e pesticidas, os incendios forestais e a persecución directa.

Curiosidades

Non se pode considerar ameazado a escala global, xa que está amplamente distribuído por toda Europa. A situación na Península Ibérica é ambigua xa que non aparece no catálogo de especies ameazadas nin na lista de especies cazables. Tradicionalmente empregouse ao furón (*Mustela putorius furo*), a raza doméstica do tourón, para a caza de coellos en tobo. Actualmente esta modalidade de caza está prohibida polo efectivo do mesmo. Nos últimos tempos véñense empregando os furóns como animais de compañía.

Nome científico

Martes foina, Erxleben, 1777

Taxonomía

Orde *Carnivora*, Suborde *Caniformia*, Familia *Mustelidae*, Subfamilia *Mustelinae*

Estado de Conservación

Segundo UICN (2001): Preocupación menor (LC). Libro Rojo, España (2006): Preocupación menor (LC).



Descrición

Trátase dun mustélido de mediano tamaño, con corpo alongado, patas curtas con cinco dedos e cola longa e poboada. A cabeza é ancha e angulosa con orellas pequenas e estreitas cun pequeno borde esbrancuxado; os ollos son escuros e o nariz de cor carne. A pelaxe, que se vai escurecendo a medida que nos aproximamos ás patas e cola, ten unha cor parda – chocolate, deixándose entrever os pelos interiores cincentos. No pescozo presenta unha ampla mancha de cor branca que se bifurca cara a parte superior das patas dianteiras e recibe o nome de babeiro. Este babeiro serve para diferenciar á fuíña da martaraña, sendo o babeiro desta última de cor

amarela ou crema e nunca chega ata as patas. Existe un claro dimorfismo sexual sendo os machos de maior talla. As medidas corporais son: Lonxitude cabeza corpo: 420 - 530 mm (machos) e 380 - 460 (femias), Lonxitude cola: 200 - 290 (machos) e 170 - 230 (femias), Peso: 1.100 - 2.500 g (machos) e 900 - 1.400 g (femias). As femias posúen dous pares de mamas.

Distribución

Distribúese por toda Asia Menor, Oriente Próximo, Tíbet, Asia Central, Mongolia e Manchuria. En Europa está amplamente distribuída, non ocorrendo nas illas Británicas, Islandia e a Península Escandinava. Tampouco aparece nas illas do Mediterráneo agás Corfú e Rodas. Esta distribuída por toda a Península Ibérica podendo ser localmente abundante. Foi introducida na illa de Ibiza, pero actualmente está extinta.

En Galicia, resulta un animal común en practicamente todo o territorio, agás nas illas, aínda que non adoita ser moi abundante.

Bioloxía e ecoloxía

Hábitat

Ocupa gran diversidade de hábitats dende a beira do mar ata o límite superior do bosque en zonas montañosas. Ocorre polo tanto en zonas de estepa, bosque mediterráneo, bosque caducifolio e coníferas. Adáptase ben a ambientes rupícolas, pero o máis salientable é a súa tolerancia e adaptabilidade a lugares habitados polo home. Na Península Ibérica a súa relación co home queda restrinxida ás zonas rurais habitando alpendres, faiados, cortes, etc. Con todo, en centro Europa é habitual en parques e edificios de grandes cidades. En Galicia ocupa todos os hábitats dispoñibles desde a beira do mar ata os 1300 m nas serras orientais.

Reproducción

Cada animal ten un período de celo de aproximadamente 15 días unha vez ao ano, coincidindo cos meses de verán. Ao igual que

outros mustélidos presenta implantación diferida; os espermatozoides mantéñense vivos no interior da femia ata o mes de xaneiro cando se produce a fecundación do óvulo, comezando neste intre a xestación real. As crías nacen 56 días despois, entre marzo e xullo. Os cachorros nacen espidos e cegos pesando non mais de 30 g. Abren os ollos aos 36 días de vida. Deixan de mamar 7-8 semanas, permanecendo uns tres meses, abandonándoa a principios do outono. Alcanzan a madurez sexual con 1,5 – 3,5 anos.

Organización social e comportamento

Cazador crepuscular e nocturno, aínda que na época de celo tamén se pode observar durante o día. Non hiberna, polo que está activa todo o ano. Ten un oído excepcional aínda que os sentidos da vista e olfacto tamén son moi agudos. Aínda que non se trata dunha especie migratoria, si adoita a desprazarse en función da dispoñibilidade de recursos. Son animais territoriais e solitarios, formando parellas só durante a época reprodutora. Os territorios poden chegar a ocupar 10 km de diámetro, sendo menores nas áreas máis humanizadas. Trátase dun animal moi xeneralista o que favorece a súa ampla distribución, pola capacidade de adaptación aos cambios.

Alimentación

É un típico exemplo de depredador xeneralista e oportunista. A dieta está baseada nos micromamíferos principalmente roedores dos xéneros *Apodemus* e *Microtus*. Tamén se alimenta de aves de tamaño pequeno e medio, anfibios e réptiles. Nalgunhas zonas con abundancia de coellos, estes representan unha parte importante. Estacionalmente aproveita os froitos silvestres como amorodos, figos, cereixas, etc. Aqueles individuos que habitan áreas máis humanizadas teñen un espectro de presas diferentes sendo os xéneros máis comúns *Mus* e *Rattus*. É tamén frecuente a depredación sobre aves de curral.

Depredación

Na Península Ibérica, existen poucos depredadores naturais da especie, destacando, o raposo (*Vulpes vulpes*), o bufo real (*Bubo bubo*) e aguiá real (*Aquila chrysaetos*)

Ameazas e relación co home

Debido á súa grande plasticidade ecolóxica non se ve demasiado prexudicada polos cambios no hábitat. Ademais, a súa pel carece actualmente de valor comercial, sendo a maioría das capturas resultado de campañas de control de depredadores a nivel local, xa que popularmente se pensa que afecta ás especies cinexéticas. Un factor clave para a súa conservación é a minimización da morte por atropelos, moi frecuente nalgúns zonas.

Curiosidades

En centroeuropa, adoita durmir preto dos motores dos coches ao manter a calor unha vez apagado. O costume que teñen de morde cables, estase a converter nun problema económico, polo que as empresas aseguradoras están subvencionando estudos sobre a especie.

Porcoteixo

Nome científico

Meles meles, (Linnaeus, 1758)

Taxonomía

Orde *Carnivora*, Suborde *Caniformia*, Familia *Mustelidae*, Subfamilia *Melinae*

Estado de Conservación

Segundo UICN (2001): Preocupación menor (LC). Libro Rojo, España (2006): Preocupación menor (LC).



Descrición

Mustélido de gran tamaño, robusto, coa cabeza pequena, pescozo ancho e curto. O corpo e alongado, coa cola e extremidades curtas, estas rematan nunhas unllas longas e robustas. Na cabeza débúxase unha máscara, xa que a pelaxe branca dominante é atravesada por dúas bandas negras á altura dos ollos. O corpo é de cor gris con tons pardos, e as patas negras. A pelaxe do mesmo é moi densa e longa. Non existe apenas dimorfismo sexual. O tamaño e peso redúcense a medida que nos acercamos ao sur. O peso varía ao longo do ano, dependendo da dispoñibilidade de alimento e co sexo. As medidas corporais son: Lonxitude cabeza – corpo: 58,2 –

75 cm; Lonxitude cola: 11,4 - 20cm; Peso: 5,9 -9,3 kg (machos) e 4,8 - 9,2 kg (femias).

Distribución

Distribución paleártica, desde Irlanda a Xapón. Polo norte limita coa taiga boreal, mentres que polo sur distribúese ata os ambientes desérticos e de alta montaña. Presente en toda Europa, agás Rusia, Escandinavia e as illas do Mediterráneo. Na Península Ibérica está amplamente distribuído, desde a rexión Eurosiberiana no norte, pasando pola mediterránea chegando a zonas subdesérticas en Almería. En Galicia, ocorre en todo o territorio, sendo máis abundante na rexión Eurosiberiana.

Bioloxía e ecoloxía

Hábitat

Ocorren en bosques caducifolios, mixtos, de coníferas, aínda que prefiren paisaxes agrícolas con mosaico de cultivos, manchas de bosque, prados, valos e sebes sobre todo na rexión Eurosiberiana. Nas zonas de clima mediterráneo, ocupa zonas de mato, pero sobre todo zonas de vexetación densa ou de ribeira. Preséntase como unha especie moi adaptable, construindo as súas teixugueiras en zonas con cobertura de vexetación de calquera tipo. En Galicia é frecuente atopalas en plantacións de eucaliptos. Adoita rexeitar zonas densamente urbanizadas, zonas esteparias sen rodais de vexetación nin regatos ben conservados e aquelas dedicadas a cultivos intensivos

Reproducción

O celo pode ter lugar durante todo o ano, aínda que adoita ser en febreiro e abril. É unha especie que presenta o fenómeno da implantación diferida, polo que a verdadeira xestación non comeza ata varios meses despois da cópula, e dura 7 semanas, producíndose os partos entre novembro e marzo. As camadas están compostas de 1 a 5 cachorros, aínda que normalmente son 2 ou 3. Os ca-

chorros permanecen nunha cámara especial da teixugueira da que non saen ata os dous meses, e xa un mes despois, cando comezan a ser destetados aventúranse coa súa nai en busca de alimento. No mes de xuño independízanse, aínda que normalmente os irmáns permanecen xuntos ata final de verán. Cando as densidades son baixas, nun clan familiar tan só cría a femia dominante, mentres que cando estas son altas é probable que críen varias femias ao mesmo tempo. A pesar disto son habituais as femias que non se reproducen ao longo da súa vida. Os machos alcanzan a madurez sexual ao ano de idade, mentres que as femias non poden parir ata os 2 anos.

Organización social e comportamento

Ao longo da súa área de distribución a especie ten organizacións sociais variables. Adoitan vivir en territorios onde polo menos están presentes unha femia e un macho adultos, xunto cos cachorros do ano. O tamaño do grupo varía dependendo dos recursos dispoñibles, sendo maiores nas zonas eurosiberianas que nas mediterráneas; así mesmo os territorios son maiores nas zonas menos óptimas (100 ha – 2000 ha). Os territorios son delimitados mediante as latrinas, que son pequenos furados nos que depositan as feces e as secrecións das glándulas anal e subcaudal; as latrinas tamén poden observarse ao redor das teixugueiras. Nas rexións máis favorables, os subadultos atrasan a dispersión formándose grandes grupos de máis de 30 individuos. Nestes casos constrúen complexas teixugueiras con máis de 50 entradas e sendas que as interconectan ao longo do territorio do clan, diferenciándose unha principal (empregada continuamente) doutras secundarias (empregadas ocasionalmente). Son animais de hábitos nocturnos, sendo raro observalos durante o día, xa que adoitan permanecer dentro das teixugueiras durante as horas de luz. En primavera e verán a actividade é máxima con curtos períodos de descanso, mentres que en outono e inverno é mínima e o período de descanso é

maior.

Alimentación

Trátase dunha especie omnívora; aliméntase de raíces, froitos, fungos, moluscos, outros invertebrados, insectos, micromamíferos, anfibios, réptiles e carnaza. Adoitan especializarse no recurso máis abundante, o cal varía ao longo do ano e da área de distribución da especie. Polo tanto na rexión eurosiberiana, o recurso máis abundante son as miñocas de terra mentres que noutras zonas como o caso de Doñana con clima mediterráneo, as presas máis habituais son os coellos.

Depredación

Ocasionalmente poden ser consumidos polo lobo (*Canis lupus*). Tamén poden ser matados por cans cimarróns.

Ameazas e relación co home

Nalgunhas rexións da Península a súa carne era consumida e a súa graxa empregada con fins medicinais. Pode causar dano sen cultivos, pero resultan normalmente, de pouca importancia. É reservorio e vector da tuberculose bovina, o que pode producir problemas sanitarios no gando. O cambio dos usos do solo, co paulatino abandono do campo, xunto coa fragmentación de hábitat e a caza furtiva, poden ser as súas meirandes ameazas.

Curiosidades

O pelo dos porcoteixos empregouse na fabricación de brochas de afeitar de calidade.

Lontra

Nome científico

Lutra lutra (Linnaeus, 1758)

Taxonomía

Orde *Carnivora*, Suborde *Caniformia*, Familia *Mustelidae*, Subfamilia *Lutrinae*

Estado de Conservación

Segundo UICN (2001): Case ameazada (NT). Libro Rojo, España (2006): Preocupación menor (LC).



Descrición

Mustélido de corpo alongado e extremidades proporcionalmente curtas. A cabeza é ancha e aplanada, sen que se aprecie un pescozo diferenciado. Os ollos, oídos e orificios nasais atópanse desprazados cara á parte superior da cabeza. A cola é ancha e aplanada na base e afiada no extremo. Tanto nas extremidades anteriores como nas posteriores posúe cinco dedos unidos por unha membrana interdixital ben desenvolvida. Presenta unha pelaxe de cor castaña ou parda con diversas tonalidades. Na gorxa e parte superior do peito destaca unha mancha ben representada de cor máis clara. Presenta vibrisas longas no fociño, boca, queixo, ollos e antebrazos. O dimorfismo sexual é acusado.

As medidas corporais de exemplares adultos son as seguintes: Lonxitude cabeza - corpo: 60 - 75 cm (machos), 59 - 71 cm (femias); Lonxitude da cola: 39 - 49 cm (machos), 36 - 45 cm (femias); Peso: 6,1 - 9,4 kg (machos), 4,4 - 6,5 kg (femias).

Aínda que a vida media é de tres ou catro anos, poden chegar a alcanzan entre 14 e 16 anos.

Os adultos non poden ser confundidos con ningunha outra especie, salvo co visón americano, *Mustela vison* e o furón bravo, *Mustela putorius*, habitantes tamén de ríos e masas de auga, pero cun tamaño moito menor.

Distribución

A área de distribución natural esténdese pola maior parte de Eurasia, o extremo norte de África, Oriente Medio, Sri Lanka, parte da India, Indochina e diversas illas de todos estes continentes, excepto as situadas nos ambientes máis boreais (tundra) e as mediterráneas, aínda que foi citada en Corfú e Euboea (Grecia).

Ocupaba toda a Península Ibérica, excepto talvez a provincia de Almería. Nunca estivo presente nas Baleares nin nas Canarias.

As principais poboacións ibéricas atópanse en Galicia, Estremadura, o occidente asturiano, a zona norte de León e o extremo occidental de Andalucía.

Bioloxía e ecoloxía

Hábitat

Vive en todo tipo de ambientes acuáticos continentais suficientemente ben conservados e no litoral atlántico. Pode ser atopada desde o nivel do mar ata os 1.700-1.800 m de altitude. Por enriba e ata os 2.400 m a súa presenza vese moi condicionada pola dispoñibilidade de alimento, á cal pode acceder estacionalmente en función do xeo e dos ciclos reprodutores de diversas especies de anfibios e de peixes.

Reproducción

Trátase dunha especie polígama que pode reproducirse durante todo o ano en función da dispoñibilidade de recursos no medio. A xestación dura entre 61 e 63 días, período tras o cal, na inmensa maioría dos casos, nacen entre unha e catro crías. Estas permanecen coas súas nais ata os 8 ou 12 meses. A maior taxa de mortalidade (entre un 30 e un 50%) dáse durante o período de dispersión.

Organización social e comportamento

É unha especie solitaria, excepto durante os apareamentos, a época de crianza e, ás veces, o período de inicio da dispersión. A área de campeo desta especie é lineal e se estende ao longo das ribeiras do río, ocupando leitos secundarios. A súa extensión depende moito da dispoñibilidade de alimento alcanzando xeralmente decenas de quilómetros. As áreas de campeo dos machos son maiores que as das femias, podendo englobar varias das destas, aínda que unha femia tamén pode compartir a área de campeo con máis dun macho.

Alimentación

A práctica totalidade das súas presas teñen hábitos acuáticos ou semiacuáticos, sendo capturadas na auga ou moi preto dela. Come principalmente peixes, cangrexos, anfibios e cobras de auga, aínda que tamén pequenos mamíferos, aves, outros réptiles e insectos. Nas zonas de montaña aliméntase principalmente de troitas e anfibios. Nos ambientes litorais a dieta é máis complexa e inclúe un elevado número de presas diferentes.

Ameazas e relación co home

As principais causas de regresión parecen ser a contaminación, a destrución do hábitat e a sobreutilización dos recursos hídricos. Tamén a diminución nas poboacións das súas presas, o illamento poboacional ou a súa persecución poden xogar un importante papel neste proceso. As bases da súa conservación atópanse na conserva-

ción do seu hábitat, o control da contaminación, o mantemento das poboacións das súas presas e nunha correcta xestión do auga.

Curiosidades

Na Península sufriu un importante proceso de regresión desde 1950 ata mediados dos 80, desaparecendo especialmente da metade este, nos ríos de tipo mediterráneo. A lontra tamén desapareceu das zonas industrializadas, das zonas máis turísticas, das grandes planicies agrícolas (con agricultura intensiva) e da contorna das grandes cidades. As principais poboacións ibéricas foron durante todo este tempo as situadas en Galicia, Estremadura, o occidente asturiano, o norte de León e o extremo occidental de Andalucía, conectadas pola gran poboación portuguesa. A partir de mediados dos anos 80 a especie iniciou un lento proceso de recuperación en determinadas zonas, especialmente na área pirenaica e zonas periféricas, na zona central, en Andalucía occidental e nalgúns sectores de Castela e León, aínda que se están producindo noutros moitos lugares. Desde 1995 a 2001 no nordeste de Girona reintroducíronse exemplares procedentes de Asturias, Estremadura e Portugal, establecéndose unha poboación estable que tamén se está expandindo.

Nome científico

Genetta genetta, Linnaeus, 1758.

Taxonomía

Orde *Carnívora*, Suborde *Feliformia*, Familia *Viverridae*

Estado de Conservación

Segundo a UICN (2001): Preocupación menor (LC). Libro Rojo, España (2006): Preocupación menor (LC).



Descrición

Cun tamaño similar a un gato doméstico, con corpo alongado e estilizado, e cunha cola grosa e tan longa como a lonxitude da cabeza máis o corpo. A pelaxe é de cor cincenta con infinidade de manchas escuras que ás veces alíñanse lonxitudinalmente. Na zona dorsal, desde a cabeza ata a base da cola, as manchas forman unha banda continua de pelos eréctiles sendo o ventre máis claro. Na cola presenta entre 8 ou 10 aneis escuros. A cabeza se caracteriza polas súas grandes orellas e por presentar amplas zonas escuras, sobre todo no fociño, de aspecto afiado. No extremo deste presenta unha mancha branca, a igual que debaixo dos ollos. As patas son curtas e presentan 5 dedos con unllas semirretráctiles. Non existen diferencias morfolóxicas salientables entre sexos e clases de idade,

aínda que os machos adultos acostuman ser máis grandes e pesados que as femias. As medidas corporais son: Lonxitude cabeza - corpo: 43, 2 - 55,2 cm; Lonxitude cola: 33,1 - 48,5 cm ; Peso: 1,55 - 2,25 kg, débese salientar a diferenza existente coa subespecie *G.g. isabellae*, que non supera 1,3 kg de peso.

Distribución

Distribúese por África, Península Arábiga e o sueste de Europa, España, Portugal e a metade sur - occidental de Francia. Na Península Ibérica presenta maior abundancia a medida que nos aproximamos á rexión sur - oriental, sendo rara ou inexistente nas áreas cerealistas da Meseta Norte. Aparece nas illas mediterráneas de Mallorca, Ibiza e Cabrera, onde se describiron dúas subespecies: *G. g. balearica*, en Mallorca e Cabrera e *G. g. isabellae* na illa de Ibiza, sendo esta última a que posúe a maior diferenciación coa forma nominal.

Bioloxía e ecoloxía

Hábitat

Adoita habitar zonas boscosas e de mato en áreas cálidas, preferindo os bosques húmidos e sombríos con abundante auga. Na Península Ibérica adoita ser máis abundante nas carballeiras, aciñeiras e soutos fluviais con abundantes rochedos do centro e sur peninsular. En Galicia pode atoparse desde o nivel do mar ata os 1000 m nas serras de Ancares e Courel. No resto da Península, Pirineos ou Serra Nevada, pode chegar incluso aos 2500 m.

Reproducción

É un fenómeno pouco estudado nesta especie. Sitúa o niño en lugares similares a onde se encama. O celo comeza en xaneiro e dura ata setembro, sendo o punto álxido en febreiro – marzo. Existe un segundo pico reprodutor a partir de maio pero menos intenso que o anterior. As femias están receptivas durante 2-3 cada 6 semanas, mentres non sexan fecundadas. Normalmente as femias só teñen un proceso reprodutor ao ano durante a primavera, pero é

posible que algunhas femias teñan dúas camadas, unha a principios de ano e outra en outono. Os partos se producen durante todo o ano, sendo a época de maior frecuencia nos meses de abril – xuño. A xestación dura entre 10 e 11 semanas, ao cabo das cales nacen de entre 1 e 4 crías cegas e cos oídos pechados, pesando uns 70 g. Non abren os ollos ata os sete días de nacemento. Presentan o corpo cuberto de pelo agás a zona abdominal. Son aleitadas durante as primeiras semanas, máis adiante, e ata os tres meses van ter unha dieta mixta de leite e alimentos sólidos. Os cachorros son activos aos 2 meses, independizándose entre os 6 e os 9 meses, pero a madurez sexual non a acadan ata os 2 anos.

Organización social e comportamento

Son animais territoriais e solitarios, aínda que na época reprodutora fórmanse grupos familiares que se manteñen ata o seguinte ano. Teñen hábitos nocturnos, refuxiándose durante o día en ocos de árbores, covas, ou aproveitando as tobeiras abandonadas doutras especies, como o coello ou o teixugo. Trátase dun animal áxil, excelente gabeador, con grande flexibilidade que lle permite incluso saltar de árbore en árbore axudándose da súa cola para estabilizarse; tamén é unha boa nadadora. Posúe unha moi boa vista, ademais o seu olfacto e oído son moi finos. Estas características converten á algaria nunha cazadora moi efectiva, permitíndolle aproximarse ás presas sen que estas se decaten, para capturalas coas garras ao igual que fan os félidos. Bastante veloz pode acadar os 3 km/h ou máis recorrendo unha área de aproximadamente 5 km². Este territorio delimitano mediante a marcaxe olfactiva, permitindo a diferenza entre membros do grupo familiar ou intrusos; tamén permite aos machos saber se as femias están preñadas ou en celo. Esta marcaxe realízana empregando excrementos, acumulándoos en lugares estratéxicos formando latrinas. Estes excrementos son impregnados coas glándulas odoríferas que posúen ao redor do ano. Outro tipo

de marcaxe é directamente con estas glándulas afrontándoas sobre rochas ou troncos, para que se disperse o olor co vento. Estes animais emiten gruñidos e bufidos cando se ven ameazados, ademais durante o apareamento miañan; por outra banda os xóvenes ronronean.

Alimentación

Caracterízase por ser un depredador experto en micromamíferos, pero caracterizado pola súa flexibilidade e oportunismo na dieta; consume todo tipo de presas dispoñibles dende mamíferos do tamaño dunha lebre, aves, réptiles, anfíbios, artrópodos, caracois, peixes, ovos, e incluso herba. Estacionalmente comen froitos e en ambientes humanizados é frecuente depredadora de aves de curral. En Galicia os micromamíferos e as aves de curral son as presas máis frecuentes.

Depredación

Entre os seus depredadores están o lince, o raposo e algúns grandes mustélidos. Dentro das aves tanto bufo real e aguia real, ocasionalmente poden alimentarse da especie.

Ameazas e relación co home

A algaria foi cazada tradicionalmente de modo ilegal polos danos que ocasionaba sobre as aves de curral, e pola súa pel. O seu carácter xeneralista confírelle gran capacidade de adaptación, co cal non se ve demasiado prexudicada polos cambios no medio. Incluso nalgunhas zonas está en expansión en detrimento doutras especies máis especialistas e selectivas en canto á degradación do hábitat. Pódese considerar aos atropelos como a causa principal de mortes non naturais da especie.

Curiosidades

A ausencia de fósiles fai indicar que a algaria foi introducida polo home en Europa, como animal doméstico para controlar aos roedores domésticos, ata que foron substituídas polos gatos, menos

cheirentos que as algarias. As latrinas son empregadas por varias xeracións; incluso as nais levan ás crías para que aprendan a depositar as feces nestes lugares.



Gato bravo

Nome científico

Felis silvestris Schreber, 1775

Taxonomía

Orde *Carnivora*, Suborde *Feliformia*, Familia *Felidae*, Subfamilia *Felinae*

Estado de Conservación

Segundo UICN (2001): Vulnerable (VU). Libro Rojo, España (2006): Case ameazado (NT).



Descrición

Corpo longo con extremidades curtas. Lonxitude da cola algo maior que a metade da do corpo. Pelaxe dorsal de cor gris pardo, con catro ou cinco liñas lonxitudinais negras no pescozo, unha banda espinal negra e diversas bandas transversais pardas nos flancos. Ventralmente esbrancuxado en gorxa e pescozo, e de cor ante-crema no resto. Cola cilíndrica con dous ou tres aneis escuros e extremo negro. Mans con cinco dedos e pés con catro, todos con uñas retráctiles. Os machos son maiores e máis pesados que as femias.

As medidas corporais do gato bravo son: Lonxitude cabeza - corpo: 52 - 65 cm (machos), 48,5 - 57 cm (femias); Lonxitude da

cola: 26 - 34,5 cm (machos), 25 - 32 cm (femias); Pé posterior: 12 - 15 cm (machos), 11,5 - 13,5 cm (femias); Peso: 3,4 - 7,5 kg (machos), 3 - 5 kg (femias).

Poden ser confundidos externamente con gatos cimarróns (*Felis catus*) de tipo "tabby".

Distribución

Distribúese desde Europa occidental ata o Cáucaso, presentando na actualidade unha área de distribución relict. En Europa, existen poboacións dispersas na Península Ibérica, Italia, Balcáns, Escocia, centro de Europa e os Cárpatos. Na Península Ibérica, e particularmente en España, presentaba unha distribución histórica xeneralizada, que pasou a ser relict na actualidade. A especie non está presente en Baleares, Canarias, nin no norte de África.

Bioloxía e ecoloxía

Hábitat

Esta especie adoita atoparse en zonas de mosaico onde os pastizais alternan con zonas de rochedos e bosque ou mato aberto onde atopa refuxio. Pódese atopar tamén en bosques fluviais. En paisaxes agrícolas dispónse de masas forestais de importancia nas proximidades. A especie está presente desde o nivel do mar, preferentemente en altitudes medias (300-800 m), e ata os 2.250 m (Pirineo oriental). O límite altitudinal está determinado pola cobertura de neve, pois evita as zonas onde esta supera os 20 cm de espesor.

Reproducción

Tanto os machos como as femias son sexualmente maduros ao primeiro ano de vida. Algunhas femias poden reproducirse ese primeiro ano, pero os machos adoitan reproducirse a partir dos dous anos de idade. O celo adoita desenvolverse entre xaneiro e marzo. A xestación dura unha media de 66 días e os partos, xeralmente de dúas ou tres crías, prodúcense entre abril e maio. Nalgúns casos, cando as femias perden esta camada, poden quedar preñadas aos

poucos días e producir unha segunda camada en xuño ou xullo. As crías nacen cegas e sen pelo.

Organización social e comportamento

Trátase dunha especie de hábitos solitarios. Durante o celo machos e femias están xuntos uns poucos días, volvendo de seguido á súa vida solitaria. Despois do parto, a femia comparte o territorio coas súas crías ata que estas se independizan, aínda que ás veces tolera a súa permanencia durante o primeiro inverno. Ao redor dos cinco ou seis meses de idade os xuvenís dispérsanse en busca dun territorio onde establecerse. A comunicación nesta especie é fundamentalmente de tipo olfactivo, utilizando para este fin os ouriños, os excrementos e certas secrecións glandulares.

Alimentación

Aliméntase fundamentalmente de micromamíferos e aves. No norte da Península, as presas máis frecuentemente consumidas son os roedores, pero na área mediterránea a base da súa dieta é o coello (*Oryctolagus cuniculus*).

Depredación

Non é presa habitual de depredadores, pero pode ser atacado por cans e polo lince ibérico (*Lynx pardinus*).

Ameazas e relación co home

Durante os séculos XIX e XX a especie entrou en declive a nivel europeo por causa da perda de hábitat e a persecución humana. En España non existen actualmente medidas concretas de conservación para a especie. Por outra banda, ao tratarse dunha especie que se pode confundir cos gatos cimarróns, e á presunción xeneralizada da hibridación de ambos, probablemente as súas poboacións se vexan afectadas polas actividades autorizadas de control de depredadores. Ignórase tamén o tamaño e distribución das poboacións de gatos cimarróns e as súas interaccións coas de gato montés, polo que é preciso promover estudos encamiñados a desvelar

estas cuestións, para así poder tomar medidas efectivas de conservación e xestión.

Do mesmo xeito que outros carnívoros, historicamente o gato montés foi perseguido por causar danos a especies cinexéticas. Nunca foi especie de interese peleteiro.

Curiosidades

Durante certo tempo considerouse que *F. silvestris* estaba amplamente hibridado con gatos domésticos, sen embargo recentes estudos xenéticos parecen indicar que isto non é o habitual e podería ocorrer só en puntos localizados (como Escocia).

Nome científico

Sus scrofa (Linnaeus, 1758)

Taxonomía

Orde *Artiodatyla*, Suborde *Suiformes*, Familia *Suidae*

Estado de Conservación

Segundo UICN (2001): Datos insuficientes (DD). Libro Rojo, España (2006): Preocupación menor (LC).



Descrición

O aspecto xeral concorda co do porco doméstico, de feito pertence á mesma familia. Presenta un corpo macizo e robusto, patas curtas e fortes e cartos traseiros máis baixos que os dianteiros. A cabeza é alongada e cónica, acabando na “xeta” (disco ensanchado sen pelo). A cola é curta. O pé está formado por dous dedos con pezoña e outros dous rudimentarios traseiros e máis elevados. A librea é parda escura ou negra cunha pequena variación estacional. Macho e femia son semellantes, aínda que esta é menos maciza, cos caninos superiores rectos e dirixidos cara abaixo e uns cabeiros inferiores máis pequenos e menos afiados que nos machos. Os xabatos nacen cunha librea característica, alternando raias lonxitudi-

nais amarelas e marróns. A partir dos 6 meses de idade pasan a ser de cor roibo, e vólvense pardo escuros a partir do ano. Na Península Ibérica atópanse os xabarís máis pequenos da área de distribución. As medidas corporais son: Lonxitude cabeza - corpo: 133 - 148 cm (machos) e 118 - 137 cm (femias); Lonxitude cola: 17,5 - 24 cm (machos) e 13 - 20 cm (femias); Altura cruz: 72 - 85,5 cm (machos) e 71 - 73 cm (femias); Peso: 60 - 118 kg (machos) e 40 - 65 kg (femias), aínda que en ocasións poden acadar mais de 150 kg.

Distribución

Presenta a área de distribución máis ampla de todos os suídos. Atópase en toda a rexión eurasiática ata o paralelo 60, incluído o norte de África (Marrocos e Alxeria). Falta en Exipto e nas Illas Británicas; tampouco aparece nos grandes desertos asiáticos. Introducido en Norteamérica, Filipinas, Malaisia e Nova Guinea. Repárase por toda a Península Ibérica, sendo as zonas menos densamente poboadas a noroccidental e suoriental. En Galicia desde a década dos 60, a especie está en aumento, distribuíndose actualmente por todo o territorio.

Bioloxía e ecoloxía

Hábitat

É un animal que presenta un amplo nicho trófico e grande capacidade de adaptación, atopándose, na Península Ibérica, desde os medios máis tipicamente mediterráneos ata os clásicos bosques húmidos do norte peninsular. En Galicia, prefere as zonas próximas a cultivos situadas en áreas pouco humanizadas.

Reproducción

As femias atinxen a natureza sexual antes do ano de vida e os machos con 2 anos. A época principal de celo é en novembro - decembro. Cada macho cobre normalmente a 2-3 femias. Os partos prodúcense en marzo-abril. A xestación dura entre 115 e 135 días, tras os cales nacen entre 2 e 6 raíóns (pelaxe con raías lonxitudi-

nais), os cales deixan de chuchar aos 3 meses, cando está completa a dentición de leite. Presenta unha mortalidade xuvenil relativamente pequena, normalmente do 15% do total dos nacidos. Este feito pode deberse aos coidados parentais, xa que unha vez que se independizan aumenta a mortalidade, chegando ao 80% durante os 2 primeiros anos de vida. A mortalidade depende da dispoñibilidade trófica, parasitoses, presión de caza e predación

Organización social e comportamento

Son animais fundamentalmente nocturnos, comezando a súa actividade no luscofusco e decaendo esta ao amencer. Durante o día permanecen encamados. En áreas onde non é molestado pode ter actividade diúrna. A área de campeo é variable, nos machos arredor de 700 ha (chegando ata 5.000 ha) e nas femias entre 240 e 425 ha. Ademais realizan movementos estacionais relacionados coa dispoñibilidade trófica do medio. As femias diminúen a súa probabilidade de supervivencia co número e tamaño dos partos, e nos machos pode existir mortalidade debida ás pelexas de celo.

Alimentación

É omnívoro, con tendencia ao réxime vexetariano, xa que o compoñente animal non chega a superar o 20% da dieta (carnaza, invertebrados, micromamíferos, réptiles, aves, ...). Prefire os froitos (landras, faiucos, castañas e bagas), tubérculos, raíces e froita. Tamén consume alimentos de orixe antrópica, como trigo, millo ou patacas.

Depredación

Principalmente o lobo sobre os adultos, raposo e rapinas grandes sobre crías.

Ameazas e relación co home

Actualmente non require medidas de conservación, senón máis ben medidas de xestión das súas poboacións. Trátase dunha especie pouco apreciada no medio rural polos cuantiosos danos que produ-

ce nos cultivos, o que ocasiona que se empreguen métodos de control ilegal como lazos e veneno.

Curiosidades

Resulta moi adaptable e confiado, ocasionando incluso, danos en cultivos sitos a escasos metros das casas.

Nome científico


Cervus elaphus, Linnaeus 1758

Taxonomía

Orde *Artiodactyla*, Suborde *Ruminantia*, Familia *Cervidae*

Estado de Conservación

Segundo UICN (2001): Vulnerable (VU). Libro Rojo, España (2006): Preocupación menor (LC).



Descrición

O cervo é o típico representante dos cérvidos e o máis grande na Península. Os machos diferéncianse pola súa maior corpulencia e por desenvolver hastas a partir do primeiro ano de vida e que empregan nas loitas durante o período de celo.

Presentan un fociño alongado como adaptación ao ramoneo. As orellas son especialmente desenvolvidas e de considerable tamaño. Presentan unha pelaxe de cor castaña uniforme coa zona ventral máis clara e escudo anal case branco flanqueado por bandas escuras, case negras en ocasións, e cola curta de cor escura. Os cervatillos teñen unha característica pelaxe con fondo cor castaño, algo

máis claro e vivo que nos adultos, e manchas ou “pintas” de cor branca ou amarelada que manteñen durante aproximadamente os tres primeiros meses de vida.

As súas medidas corporais son: Lonxitude cabeza - corpo: 160-220 cm (machos), 160 - 195 cm (femias); Altura na cruz: 90 - 120 cm (machos), 90 - 110 cm (femias); Peso: 70 - 150 kg (machos), 50 - 100 kg (femias). Os machos en liberdade non soen superar os 12 ou 13 anos. As femias son máis lonxevas acadando os 20 anos.

Distribución

Paleártica, desde Europa occidental ata Asia Central, incluídas as illas de Córcega e Cerdeña e o Magreb. As poboacións do sur de Portugal desapareceron durante a primeira metade do século XX, pero se recuperaron na actualidade a partir de reintroducións e de colonización natural desde España. Hoxe en día a especie esténdese por case todo o territorio peninsular froito da expansión natural das últimas décadas e das introducións con fins cinexéticos. Falta na parte máis occidental de Galicia e a costa levantina. Está ausente dos arquipélagos Balear e Canario e dos territorios españois do norte de África.

Bioloxía e ecoloxía

Hábitat

Os cervos prefiren vexetación densa, ata arbórea, para o desenvolvemento das súas actividades. Para a alimentación necesitan, con todo, a existencia de claros con vexetación herbácea. As zonas de ecotono son as que máis atractivo exercen sobre os cervos á hora de alimentarse e ter o refuxio a pouca distancia.

Pode atoparse desde as chairas a nivel do mar ata áreas de alta montaña.

Reprodución

Os machos acadan a madurez sexual aos dous ou tres anos de idade e as femias entre un e dous anos. O celo prodúcese, en fun-

ción da climatoloxía, desde setembro a outubro. Durante esta época os machos emiten un son característico coñecido como berrea ou brama.

Trátase dunha especie polixínica e os machos reúnen haréns de hasta 50 femias. Defenden pequenos territorios que as femias empregan para alimentarse.

Por cada femia nace xeralmente un único cervatillo entre maio e xuño, logo dunha xestación de 230 días, e que é amamentado durante catro ou cinco meses. Nos nacementos soen predominar lixeiramente os machos que, por outra banda, presentan unha maior mortalidade temperá. Como consecuencia a proporción de sexos en adultos soe estar sesgada cara as femias.

Organización social e comportamento

Son animais fundamentalmente nocturnos, comezando a súa actividade no crepúsculo e decaendo esta ao amencer. Aliméntase durante o crepúsculo en hábitats abertos. Durante o día permanecen encamados en zonas de maior cobertura vexetal. En áreas onde os animais non son molestados poden ter actividade diúrna.

Durante a maior parte do ano os animais de diferentes sexos mantéñense separados. A unidade social básica é o grupo familiar de femias, formado por unha femia e os seus descedentes dos últimos dous ou tres anos. As fillas soen permanecer coas nais ata que crían por primeira vez. Cando se separan utilizan áreas de campeo que se solapan. Os machos dispérsanse a partir dos dous anos e tenden a formar grupos de idade similar, nos que manteñen claras relacións xerárquicas.

A área de campeo é variable; nos machos ao redor de 700 ha (chegando ata 5.000 ha) e nas femias entre 240 e 425 ha. Ademais realizan movementos estacionais relacionados coa dispoñibilidade trófica do medio.

Alimentación

Presenta unha alimentación mixta entre o pastoreo e o ramoneo. Na súa dieta inclúe unha ampla variedade de especies herbáceas e leñosas.

Depredación

A mortalidade no cervo é relativamente reducida falando de formas de morte naturais. Pode ser cazado polo lobo, sempre en zonas con escaseo doutras especies de ungulados como corzos, xabaríns ou gando doméstico.

Ameazas e relación co home

Trátase dunha una especie cinexética de gran importancia e constitúe un dos principais aproveitamentos de moitas áreas de dehesa e monte mediterráneo no suroeste peninsular. En Galicia, nas zonas onde está presente, considérase unhas das especies de caza maior máis atractivas.

Pódense identificar tres ameazas principais: a introducción de exemplares doutras subespecies, os cambios xenéticos derivados dos problemas de fragmentación de hábitat e illamento de poboacións e a selección artificial dos reprodutores, especialmente en condicións de cría en cativeiro, para a súa posterior introducción na natureza. As alteracións xenéticas que sofren as poboacións ibéricas froito destas ameazas pode supoñer a desaparición da subespecie autóctona.

Curiosidades

O cervo está presente entre a nosa fauna desde polo menos o Pleistoceno superior (hai 120.000 anos).

A principios do século XX a súa área de distribución diminuíu de xeito dramático. Posteriormente se recuperou e a expansión territorial foi acompañada do aumento poboacional.

A especie foi introducida en Sudamérica e Nova Zelandia con fins cinexéticos e comerciais.

Nome científico

Capreolus capreolus, (Linnaeus, 1758)

Taxonomía

Orde *Artiodactyla*, Suborde *Ruminantia*, Familia *Cervidae*, Subfamilia *Capreolinae*

Estado de Conservación

Segundo UICN (2001): Preocupación menor (LC). Libro Rojo, España (2006): Preocupación Menor (LC).



Descrición

Trátase dun cérvido de pequeno tamaño (o menor da Península Ibérica) co aspecto típico da familia. Presenta ollos e orellas grandes, cola vestixial non visible, escudete anal branco ou ante, con forma de ril no macho e corazón invertido na femia. A pelaxe é curta e carente de borra, sendo de tonos areosos a pardo-vermellos no verán e máis mesto e de grisáceo a negro no inverno.

Os machos presentan unhas pequenas cornas con gran cantidade de protuberancias, que cando están completas constan de tres puntas cada unha. Raramente poden aparecer femias con corna-

menta, sempre de menor tamaño que as dos machos. Entre finais de outubro e principios de decembro se produce o desmogue, crecendo a nova corna ata quedar completa a finais de marzo-principios de abril. O máximo desenvolvemento das astas nos machos coincide co período de loita polo territorio onde se atopan as femias, que adoita ser durante o mes de xuño.

As súas medidas corporais son: Lonxitude cabeza - corpo: 95 - 145 cm; Altura na cruz: 54 - 83 cm; Peso: 16-30 kg.

Distribución

Distribúese exclusivamente no Paleártico, ocupando xeográficamente a práctica totalidade de Europa, dende as Illas Británicas, Suecia, Noruega, Finlandia e a Península Ibérica, Italia e Grecia.

A distribución ibérica do corzo abrangue Galicia, estribacións da Cordilleira Cantábrica, Sistema Central, Sistema Ibérico, Montes de Toledo, Sierra Morena, Cordilleira Penibética e Pirineos, faltando practicamente en todo o leste peninsular. En Portugal atópase na maior parte das bisbarras ao norte do Duero.

Bioloxía e ecoloxía

Hábitat

Aparece nunha gran variedade de medios forestais, de coníferas e de frondosas, estes teñen que ser relativamente húmidos e con abundante sotobosque onde poderse agachar. O hábitat ideal son estas zonas forestais con claros intercalados, estimándose que estas zonas abertas deben ocupar entre o 5 e 15 % da superficie forestal total. No norte peninsular aliméntase en prados e pastizais próximos a manchas forestais, nas que se refuxia. A falta de auga é un factor limitante para a presenza da especie.

Reproducción

Presenta un comportamento distinto do resto de ungulados. En ocasións é monógamo, podendo ser incluso polígamo, dependendo do medio no que viva. En abril os machos comezan a marca-lo

territorio. De mediados de xullo a finais de agosto (NO Península) os corzos están en celo. Despois de fecundada a corza ten lugar un feito único entre os cérvidos: a “implantación diferida”, o blastocito implántase en decembro-xaneiro e así comeza o desenvolvemento do embrión, é dicir, catro meses despois da cópula. Tras isto, veñen outros 4-5 meses de xestación, desta maneira as crías (normalmente 2) nacen a finais de abril-principios de xuño, evitando así os nacementos invernaís.

Organización social e comportamento

É un animal de carácter tímido. Durante o día permanece escondido entre a vexetación. A pesar de que presenta unha actividade continua de inxestión de alimento, provocado pola peculiaridade do seu estómago que lle obriga a comer como mínimo cada seis horas, ten tendencia a concentrar a súa actividade diaria ao amencer e á noite. Nalgúns casos pode presentar, ademais destes dous picos de actividade, outro despois da medianoite, podendo chegar a ter comportamento nocturno en zonas onde non é molestado e en invernos duros.

En outono e inverno é gregario, estando a unidade social básica constituída pola femia e a súa prole, por separado ou unida a outras familias da mesma natureza, que poden ir acompañadas por un macho. Esta conduta gregaria está ademais condicionada pola estrutura do hábitat, canto máis aberto, maior agregación. En primavera e verán pode haber asociacións macho-femia, aínda que en xeral diminúe o gregarismo, debido á conduta agresiva dos machos e tamén pola separación das femias cando van parir. Os machos marcan ao seu territorio frotándose coa vexetación e escarvando no solo, expulsando a calquera rival que se introduza nel. O dominio vital veuse que era de 7,4 ha en machos territoriais, 15 ha en no territoriais e 7,1 en femias.

A sex ratio na Cordilleira Cantábrica estimouse en 0,76 machos

por cada femia e a estrutura dos grupos de idade estaría entre o 10-20 % dos xoves e 80-90 % de adultos segundo a estación do ano.

Alimentación

A súa dieta é exclusivamente vexetal, sendo moi variada debido ao amplo espectro de hábitats que ocupa. Xeralmente consume herbas, brotes, follas e froitos; predominan durante todo o ano as leñosas, aproveitando no verán o aumento nas herbáceas para diversificar máis a súa dieta. Na nosa zona consomen, entre outras especies: carballo (*Quercus robur*), silvas (*Rubus* sp.), arando (*Vaccinium myrtillus*) e especies do mato. O seu sistema dixestivo caracterízase polo seu estómago particular e pequeno, que lle obriga a comer cada seis horas.

Depredación

Trátase dunha presa habitual do lobo (*Canis lupus*), especialmente na metade norte de España. Os exemplares xóvenes son sensibles ao impacto de raposos, cans asilvestrados e, en xeral, calquera depredador.

Ameazas e relación co home

É unha especie cinexética que actualmente experimentou unha revalorización como trofeo de caza. A súa recente expansión na comunidade autónoma e no resto da península suscita problemas de xestión relacionados con danos ocasionados á agricultura, aproveitamentos forestais e atropelos.

Aínda que non é unha especie ameazada, o traslado incontrolado de exemplares coa intención de efectuar repoboacións pode conducir á perda das características xenéticas e ecolóxicas propias das poboacións autóctonas.

Curiosidades

As enfermidades que lle afectan son de tipo infeccioso, como a brucelose, a pasteurelose ou a tuberculose e, de tipo parasitario, a sarcoporidae ou a sarna sarcóptica.

Nome científico

Capra pyrenaica Schinz, 1838

Taxonomía

Orde *Artiodactyla*, Suborde *Ruminantia*, Familia *Bovidae*

Estado de Conservación

Segundo UICN (2001): Vulnerable (VU). Libro Rojo, España (2006): Case ameazada (NT).



Descrición

Animal robusto e de mediano tamaño. Existen cornos persistentes en ambos sexos, formados por un soporte óseo recuberto dun estoxo córneo. Os cornos son non ramificados, grosos e con nós. Nos machos adultos cúrvanse en forma de "S". O número de nós que presentan da unha idea da súa idade. Os cornos das femias son máis curtos, cilíndricos e en forma de lira. A cor da pelaxe varía en función da época do ano, presentando un pelo de cor canela no verán, que se torna máis escuro no inverno. Os machos son maiores que as femias e presentan unha crin e barbas características. Ademais mostran unhas manchas negras máis extensas na pelaxe.

As medidas corporais do hirco son: Lonxitude cabeza - corpo: 97 - 148 cm; Altura na cruz: 65 - 84 cm; Peso: 31 - 90 kg. Poden chegar aos 20 anos de idade pero o normal é que sexa duns 15 anos.

Distribución

Trátase dun endemismo da Península Ibérica. Existen ata catro subespecies descritas aínda que na actualidade soamente persisten dúas. A subespecie *C. p. lusitanica* extinguiuse a finais do século XIX e o último exemplar de bucardo, *C. p. pyrenaica*, morreu en 1998. A subespecie *C. p. victoriae* aparece nun núcleo principal na Serra de Gredos, estando tamén presente noutros enclaves (Batuecas, A Pedrizza, Riaño) froito de reintroducións efectuadas polo home. A subespecie *C. p. hispanica* distribúese pola serras paralelas ao mediterráneo peninsular, desde a desembocadura do río Ebro ata o Peñón de Gibraltar, presentando a súa colonia máis importante en Serra Nevada.

Bioloxía e ecoloxía

Hábitat

Trátase dunha especie esencialmente rupícola, distribuíndose fundamentalmente por zonas de media e alta montaña. Ten preferencia por zonas con mato, mato con arborado e masas de coníferas. Ocupa un amplo rango altitudinal, observándose desde o nivel do mar ata máis de 3.400 m de altitude.

Reproducción

Especie polígama. O período de celo comeza a finais de outono e principios de inverno e dura uns 50 días. Neste momento teñen lugar duros combates entre os machos. As femias comezan a reproducirse de forma xeral aos 30 meses de idade. Os machos adultos (maiores de oito anos) son os únicos que chegan a reproducirse aínda que poden facelo con menos idade. O período de xestación dura uns 5 meses, polo que os partos prodúcense entre abril e xu-

ño. Xeralmente nace unha única cría por parto, podendo producir-se en ocasións partos de xemelgos.

Organización social e comportamento

A cabra montes é un animal gregario que forma rabaños de diferente tamaño e composición ao longo do ano. Durante a maior parte do tempo soen separarse por unha banda os machos e as femias xunto cos xuvenís, por outro. Nos rabaños de machos non hai cooperación nin xerarquía social, mentres que o grupo das femias parece estar mandado por unha adulta experimentada. É raro atopar individuos solitarios, sendo normalmente machos vellos que perderon o seu poderío. Esta segregación sexual rómpese en tempo de celo, cando se forman grupos mixtos. Na época de partos as femias illanse para parir.

Os movementos altitudinais son comúns nas poboacións de cabra montés. No verán atópase nas partes máis altas, onde atopan pastos frescos, e nos sitios máis escarpados. Durante o inverno descendén un pouco empuxadas pola neve e a escaseza de alimento, aínda que sen chegar aos vales.

Os hábitos da especie son fundamentalmente diúrnos e crepusculares. No verán pasa as horas centrais do día descansando e refuxiándose do sol.

Alimentación

Presenta un elevado carácter adaptativo ás condicións do medio onde viven. Cando predominan os pastos aliméntase deles, mentres que cando estes escasean adoita ser ramoneadora. Mostra gran apatencia polo sal. Xeralmente non teñen necesidades de beber auga, bastándolle co das plantas e o orballo.

Depredación

A única especie que pode depredar sobre os adultos é o lobo (*Canis lupus*). No caso dos xuvenís, os raposos (*Vulpes vulpes*) e algunhas aves rapaces como aguiá real (*Aquila chrysaetos*) son as únicas

especies capaces de capturalos, aínda que a súa incidencia é mínima.

Ameazas e relación co home

A principal ameaza que sofre a cabra montés é comunmente o desequilibrio nas poboacións, na estrutura de sexos e idades. O actual patrón de distribución fragmentado que presenta a especie representa un grave perigo para a súa conservación. O problema acentúase polo feito de que as poboacións proveñen de grupos de moi poucos exemplares, cunha baixa variabilidade xenética.

Por outra banda, a alteración dos hábitats naturais da especie, a introdución de especies exóticas, a competencia con outros ungulados silvestres e co gando doméstico, que pode actuar como reservorio de determinados parasitos e axentes infectocontaxiosos ou o impacto de certas actividades humanas (turismo, deportes e furtivismo), supoñen un grave risco para a conservación da especie.

Unha ameaza moito máis concreta é a sarna sarcóptica. Esta enfermidade provocou entre 1980 e 1990 a desaparición case total das poboacións de Cazorla, Serra das Neves e Serra Máxina.

Curiosidades

A subespecie *Capra pyrenaica lusitanica*, distribuída orixinalmente polo sur de Galicia e norte de Portugal, é a que historicamente estaba presente no parque. Considérase extinta desde 1890. O último exemplar foi visto na Serra de Gerês, en Portugal.

O programa de reintrodución de cabra montés en Galicia comezou no ano 1992 coa adquisición de varios exemplares de *Capra pyrenaica victoriae* procedentes da serra de Gredos. Estes exemplares acondicionáronse nun cercado no Parque Natural Montes do Invernadoiro e no ano 1997 un grupo foi trasladado ao cercado existente no Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xures. A partir do ano 2000 realízanse soltas no medio natural en ambos parques.

Nome científico


Sciurus vulgaris (Linnaeus, 1758)

Taxonomía

Orde *Rodentia*, Suborde *Sciurognathi*, Familia *Sciuridae*

Estado de Conservación

Segundo UICN (2001) Preocupación menor (LC). Libro Rojo, España (2006): Preocupación menor (LC).



Descrición

Presenta un corpo alongado e esvelto, provisto dunha cola longa e peluda. O fociño curto, ollos grandes e negros e orellas de tamaño medio que sobresaen. A pelaxe do dorso pode ser avermeallada (cor máis frecuente), negra ou parda, e o abdome e peito branco puro, cor que pode variar en extensión. Os xuvenís son de menor tamaño e cola menos poboada. Durante o inverno a pelaxe faise máis densa, isto reflíctese no extremo das orellas dos que saen longos mechóns de pelo. As femias teñen catro pares de mamas: unha pectoral, unha inguinal e dúas abdominais. A especie presenta gran variabilidade no deseño e cor da pelaxe, así como na talla ao longo da súa distribución. As súas medidas son: Lonxitude cabeza –

corpo 95 – 247 mm; Lonxitude cola: 140 – 195 mm; Peso: 203 – 385 g. Chega a vivir 6 anos en liberdade e ata dez en cativeiro.

Distribución

Ocorre ao longo da rexión Paleártica e case toda Europa incluídas as Illas Británicas, sempre que exista o hábitat apropiado. Ausente nas illas do mediterráneo. Na Península Ibérica distribúese desde o litoral atlántico de Galicia ao longo da rexión eurosiberiana ata Cataluña.. Polo leste distribúese polo sistema Ibérico setentrional, pero falta en Baleares e Canarias. En Portugal tan só aparece ao norte do Douro. En Galicia está amplamente distribuída por todo o territorio.

Bioloxía e ecoloxía

Hábitat

Ao longo da rexión eurosiberiana pode habitar, en todo tipo de bosques, desde o litoral ata os 1900 m de altitude no límite superior do piñeiral negro pirenaico. Na rexión mediterránea habita piñeirais con árbores de máis de 6-8 metros de altura, ás veces xunto con aciñeiras e rebolos. Tamén se poden atopar en parques e xardíns urbanos, sempre que teñan unha cobertura arbórea suficiente para cubrir as súas necesidades.

Reproducción

Período reprodutivo entre xaneiro e agosto, e xestación de 36 a 60 días. No sur de España os picos reprodutores rexístranse en xaneiro - abril e finais de maio -agosto. Nacen de 3 a 5 cativas de media, as cales dependen completamente da nai. Non abren os ollos ata a cuarta ou quinta semana, e abandonan o niño aos 40 días. O número de camadas ao ano é 1 ou 2. O número de camadas depende da idade da nai, sendo as máis vellas máis prolíficas.

Organización social e comportamento

Diúrna e solitaria, trátase dunha gabeadora excelente; tamén boa nadadora. Durante o verán ten un breve repouso ao mediodía.

Moi ruidosa, emite toda clase de gritos. Non hiberna. A abundancia da especie é moi variable ó longo da súa área de distribución. A densidades maiores rexístranse naquelas zonas donde o hábitat é óptimo, como poden ser as caxigueiras con piñeiros, ou piñeirais de piñeiro albar puros. Os bosques de frondosas adoitan ser menos favorables para a especie. en bosques navarros é óptima en caxigueiras Os mínimos poboacionais danse en primavera e o máximo a finais do verán e en outono.

Alimentación

En España aliméntase principalmente de sementes de piñeiros. Durante outono - inverno son consumidores de abelás, landras, noces, fungos, caracois e larvas de cerambícidos.

Depredación

Aves de rapiña (azores, miñatos, etc.), a marta, a algaria, o gato bravo, ou a fuíña figuran entre os seus depredadores.

Ameazas e relación co home

É unha especie ben aceptada polo home, incluso nalgunhas rexións é introducida en parques e alimentada artificialmente. Actualmente, existe unha tendencia no medio rural a culpala de devorar ovos de pequenas aves.

Curiosidades

Aumentou a súa área de distribución debido ás plantacións de piñeiros que se veñen producindo nas últimas décadas, pois nos anos 80 só habitaba os Ancares e os límites con Asturias. Nalgúns puntos da Península foi capturada con fins gastronómicos.



Rata de auga común

Nome científico

Arvicola sapidus Miller, 1908

Taxonomía

Orde *Rodentia*, Suborde *Myomorpha*, Familia *Muridae*, Subfamilia *Arvicolinae*

Estado de Conservación

Segundo UICN (2001): Vulnerable (VU). Libro Rojo, España (2006): Vulnerable (VU).



Descrición

A rata de auga é un arvicolino de tamaño medio. Ten un aspecto robusto cunha cola que supera sempre a metade da lonxitude da cabeza máis o corpo. Non existe dimorfismo sexual aínda que durante a etapa adulta os machos adultos tenden a ser algo maiores que as femias.

Dispoñen dunha glándula odorífera cutánea de forma ovalada en cada flanco do corpo. Nos adultos a cor do dorso varía desde pardo amarelada ata pardo escuro salpicado de negro. Os flancos son lixeiramente máis claros que a parte dorsal, con predominio de tonalidades ocráceas. O ventre presenta un ton gris cinza mestura-

do de amarelo en intensidade variable e a parte anterior do peito e a gorxa son algo máis claras. A cola é bicolor, pardo escura por encima e máis clara ventralmente. A pelaxe xuvenil é en conxunto máis escura que a dos adultos.

As súas medidas corporais son: Lonxitude cabeza - corpo: 170 - 230 mm; Lonxitude da cola: 100 - 147 mm; Pé posterior: 32 - 39 mm; Lonxitude da orella: 12 - 22 mm; Peso: 140 - 310 g. A súa vida media sitúase en torno aos tres anos.

Distribución

Aparece distribuída por toda a Península Ibérica e gran parte de Francia, onde falta soamente en certas zonas do norte e o leste. A súa presenza insular queda circunscrita a algunhas pequenas illas próximas á costa atlántica francesa.

Bioloxía e ecoloxía

Hábitat

É un roedor de hábitos semiacuáticos polo que vive case sempre ligado á presenza de cursos ou masas de auga estable. Precisa de abundante vexetación herbácea ou mato nas súas marxes dado que lle serven de refuxio. Ten predilección polas beiras con pendente escasa e cunha textura relativamente branda que lle permita a construción de tobeiras. Pódese atopar de forma ocasional bastante afastada dos cursos de auga, ocupando nestes casos prados húmidos, charcas secas ou zonas lixeiramente turbosas. Está presente dende o nivel do mar ata os 2.300 m de altitude (Serra Nevada).

Reproducción

Presenta un período reprodutor longo, chegando a abarcar todo o ano, pero que presenta variacións segundo a zona. De calquera xeito, a actividade reprodutora redúcese de forma importante durante o inverno. O número de crías por camada oscila entre un e oito. As crías nacen cegas e sen pelo. Constrúen un niño esférico con restos de materia vexetal. Soe estar escavado no chan contando

cunha pequena galería. En zonas pantanosas e asolagadas colócao nunha zona elevada.

Organización social e comportamento

As relacións sociais da rata de auga son descoñecidas, aínda que se sabe que son animais solitarios, sen fortes vínculos familiares.

É unha especie que presenta actividade tanto de día como durante a noite. Durante as horas de luz soe estar fóra das galerías, buscando alimento, ou ben nadando ou descansando nos niños de repouso, que constrúen con pequenas pólas e follas entre a vexetación próxima a auga.

Alimentación

A súa dieta, fundamentalmente herbívora, está constituída principalmente por tallos e follas das especies vexetais que crecen nas beiras da auga. De forma ocasional consume presas animais, como insectos, cangrexos e pequenos peixes e anfíbios.

Depredación

Como ocorre con outros roedores, as rapaces e os carnívoros son os seus depredadores habituais. Entre as aves podemos destacar á curuxa (*Tyto alba*), o bufo pequeno (*Asio otus*), a avelaiona (*Strix aluco*), o moucho (*Athene noctua*) e o miñato común (*Buteo buteo*). Entre os carnívoros destacan o tourón (*Mustela putorius*), o porcoteixo (*Meles meles*), a lontra (*Lutra lutra*) e o visón americano (*Mustela vison*).

Ameazas e relación co home

Non se considera polo de agora unha especie ameazada. Con todo, nalgúns puntos da súa distribución atópase en clara regresión debido, principalmente, á degradación e modificación do hábitat. A abundancia de rata parda (*Rattus norvegicus*) pode limitar tanto o seu número como a distribución das ratas de auga.

Pode chegar a causar danos en hortas, plantacións de árbores e cultivos (por exemplo, arrozais).

Curiosidades

A súa carne era empregada tradicionalmente para o consumo humano nalgunhas zonas da península. Hoxe en día esta práctica resulta anecdótica.

Corta dos prados

Nome científico

Microtus lusitanicus (Gerbe, 1879)

Taxonomía

Orde *Rodentia*, Suborde *Myomorpha*, Familia *Muridae*, Subfamilia *Arvicolinae*

Estado de Conservación

Segundo UICN (2001): Datos insuficientes (DD). Libro Rojo, España (2006): Preocupación menor (LC).



Descrición

Tamaño pequeno, con orellas e cola curtas. Cabeza grande, fociño romo, ollos pequenos e corpo cilíndrico. A cor do dorso vai de gris escuro a sepia, ás veces nos flancos a coloración é ocre. O ventre é gris. Cola con dorso máis escuro. Os xuvenís son dunha cor gris máis escuro que os adultos. Existen dúas subespecies, na Península Ibérica que presentan variacións de tamaño. As medidas corporais son: Lonxitude cabeza - corpo: 77,5 - 105 mm; Lonxitude cola: 17 - 30; Peso: 14 - 19 g.

Distribución

É unha especie endémica da Península Ibérica e do suroeste francés. Na península distribúese polo cadrante noroccidental, presentando o límite de distribución oriental ao norte de Navarra e Huesca, baixando pola Ríoxa, Soria e as serras de Guadarrama, Gredos e Gata. En Portugal ocorre na Serra da Estrela e chega ata o sur de Lisboa. En Galicia distribúese por todo o territorio, desde a costa atlántica ata as serras de Ancares e O Courel.

Bioloxía e ecoloxía

Hábitat:

Ocupan zonas moi diversas, poden atoparse tanto en zonas agrícolas como naturais, pero onde os chans son brandos e húmidos, e cunha cobertura vexetal densa. No Pirineo Occidental e na serra de Gredos chega aos 2.000 m de altura, aínda que se pode atopar desde o nivel do mar. En Galicia aparece desde o nivel do mar, nos humidaís costeiros ata os 1200 - 1300 nos Ancares e Serra do Courel.

Reproducción

En condicións favorables reproducense todo o ano; en condicións de cativeiro os partos sucédense cada 28 días. Nas poboacións máis meridionais durante o verán hai unha diminución da actividade reprodutiva. A madurez sexual acádase ás cinco semanas nas femias, ás sete nos machos. O número medio de crías por camada é de 2-3, aínda que pode variar de 1 a 5. Nacen nus e cegos medindo 15 mm e pesando 1,5 g. A pelaxe aparece aos tres días.

Organización social e comportamento

Vive en colonias, aínda que a súa organización social é pouco coñecida. Cava mediante seus dentes e patas dianteiras formando galerías con túneles superficiais de ata 15 cm empregados para alimentarse e como vía de escape dos depredadores; e outros túneles máis profundos (ata 40 cm) que empregan como niño.

En chans onde non é posible a escavación debido a unha cobertura vexetal moi densa, ou factores similares as corta trasládanse á superficie, e constrúen o seu niño baixo pedras ou entre a vexetación.

Alimentación

É un animal herbívoro, consume plantas como *Poa annua*, *Cynodon dactylon*, *Trifolium* sp., *Lupinus* sp. e bulbos de *Oxalis pes-caprae* y *Cyperus* sp.

Depredación

Depredan sobre esta especie a curuxa (*Tyto alba*) e a avelanoia (*Strix aluco*).

Ameazas e relación co home

A especie é abundante, polo que nalgunhas zonas emprégase veneno cando acada altas densidades.



Trilladeira dos prados

Nome científico

Microtus agrestis (Linnaeus, 1761)

Taxonomía

Orde *Rodentia*, Suborde *Myomorpha*, Familia *Muridae*, Subfamilia *Arvicolinae*

Estado de Conservación

Segundo UICN (2001): Preocupación menor (LC). Libro Rojo, España (2006): Preocupación menor (LC).



Descrición

Especie de tamaño mediano e aspecto robusto. Fociño romo, cola lixeiramente curta, orellas moi pequenas que non sobresaen da pelaxe cuxa textura varía segundo a estación sendo máis fino no inverno. A pelaxe é de cor parda cincenta, flancos máis pálidos sendo ás veces algo amarelado. Ventre, gorxa e patas grises. A cola é máis escura na parte superior que na inferior. Os xuvenís son de cor gris máis escuro que os adultos. Non existe dimorfismo sexual. As medidas corporais son: Lonxitude cabeza - corzo: 95 - 123 mm; Lonxitude cola: 25 - 44,5 mm; Peso: 21 - 41, 4 g. A idade máxima

rexistrada en liberdade é de 18 meses.

Distribución

Estendido por toda a rexión Euroasiática, a Península Ibérica e Gran Bretaña, en Europa só está ausente en Irlanda, Italia, Grecia e a rexión influenciada polo Mediterráneo. Na Península Ibérica desde Lisboa ao litoral catalán, a través do norte de Portugal, Galicia, cornixa cantábrica e borde setentrional de Castela e León, Euskadi, serra da Demanda e Pirineos. En Cataluña ocorre en zonas con elevada pluviosidade dende a Costa Mediterránea de Girona ata o val de Arán. En Galicia distribúese en toda a rexión.

Bioloxía e ecoloxía

Hábitat

Localizado en plantacións forestais xóvenes con sustrato herbáceo desenvolvido, así como en bosques, montañas e praderías. Tamén atópase en herbazais de varios tipos con baixo ou nulo pastoreo no que obtén refuxio e alimento. O solo húmido élle favorable sen ser fundamental. En Galicia distribúese desde o nivel do mar ata os 1400 m de altura nas serras de Ancares e Manzaneda.

Reproducción

Cada macho reproducése con varias femias. Poden chegar a ter de 2 a 7 camadas anuais, cada unha de 4 a 6 crías, coidadas solo pola nai. A xestación dura entre 18 e 20 días; e a lactancia esténdese de 14 a 28 días. As crías nacen cegas e sen pelaxe, pero con apenas 14-18 días xa desenvolven a pelaxe xuvenil. A esperanza de vida é de 7,5 meses, e algo máis dun 2% superan os 15 meses. O ciclo reprodutor está ligado ás estacións, situación xeográfica e condicións tróficas. A maior altitude reduce o período reprodutor.

Organización social e comportamento

Activo durante todo o día, principalmente durante o solpor. Emite un son de baixa intensidade. Mostran ciclos de abundancia de 3-5 anos. Os machos defenden territorios que inclúen nos seus

territorios os de varias femias, que se solapan entre si, formando grupos sociais. É habitual que as femias se movan entre varios territorios durante a época reprodutora, consecuentemente os partos das diferentes camadas, danse en territorios distintos. A estrutura social, así como o aproveitamento do espazo varía en función das condicións ambientais, e do tamaño poboacional.

Alimentación

Herbívoro, principalmente consume herba fresca. Tamén consume sementes e bulbos. Mostra especial predilección por brotes, follas e talos tenros de herbáceas. Durante o inverno non é raro que se alimente da codia da base dalgunhas árbores. Eventualmente se alimenta de pequenos invertebrados, como insectos ou moluscos.

Depredación

Diversas especies de carnívoros, sobre todo mustélidos (o teixugo, o armiño, a denosiña, o visón,...), gato montés (*Felis silvestres*), raposo (*Vulpes vulpes*) e aves rapaces.

Ameazas e relación co home

Pode ocasionar problemas en agricultura e silvicultura de modo ocasional. Pode danar ás árbores froiteiras, ao roer a súa codia. Tamén pode afectar a cultivos de cereais. A pesar disto, as densidades desta especie non acadan niveles como para provocar danos graves

Curiosidades

En Escandinavia, pode actuar como reservorio da tiña e outras enfermidades.



Rato de campo

Nome científico

Apodemus sylvaticus (Linnaeus, 1758)

Taxonomía

Orde *Rodentia*, Suborde *Myomorpha*, Familia *Muridae*, Subfamilia *Murinae*

Estado de Conservación

Segundo UICN (2001): Preocupación menor (LC). Libro Rojo, España (2006): Preocupación menor (LC).



Descrición

Rato de tamaño medio, con cabeza e orellas grandes, ollos negros prominentes. O conxunto do corpo e cabeza é igual de longo á cola. Patas traseiras moi desenvolvidas para saltar. A cor do dorso é parda - amarela escura ou pardo cincenta, aínda que ao madurar adquire tons avermellados. Algúns exemplares teñen unha pequena mancha alongada e amarelada na gorxa. O ventre pode ser branco ata branco sucio, mentres a cola é bicolor e desprovista de pelos. As crías ata a primeira muda presentan unha pelaxe menos lustrosa

de cor cincenta. Aínda que non existe dimorfismo sexual, os machos son un pouco máis grandes que as femias. En España describíronse 5 subespecies, 3 nas illas Baleares, 1 na Península e outra no norte de África. Estas subespecies presentan pequenas variacións de tamaño e cor, sendo máis grandes os exemplares das Baleares. As súas medidas corporais son: Lonxitude cabeza - corpo: 77 - 111 mm; Lonxitude cola: 78 - 114 mm; Peso: 16 - 35 g. Ten unha vida moi curta; en estado salvaxe o máximo está entre 18 - 20 meses, sendo a media de esperanza de vida 8-14 semanas segundo as condicións de alimentación.

Distribución

Pode ser atopado en Europa, Asia e no norte de África. En Asia sitúase en Arabia Saudita, Palestina, Irán e a cadea montañosa do Himalaia. En Europa a súa área de distribución cobre todo o continente, fóra diso a metade de Suecia e Noruega. Ocupa homoxeneamente todos os países mediterráneos, así como Islandia e as Illas Británicas e mediterráneas. En España esta distribuído en todo o territorio, sendo o micro-mamífero forestal mais abundante nos bosques españois. Presente nas illas Baleares, agás Cabrera e tam pouco ocorre nas Canarias. En Galicia está amplamente distribuído por todo o país.

Bioloxía e ecoloxía

Hábitat

Atópase na maioría dos hábitats, desde as zonas subdesérticas a nivel do mar ata os 1850 - 2500 m. É característico do bosque mediterráneo, pero pódese atopar en lugares abertos, áreas rurais e ás veces en zonas alpinas; favorécelle a cobertura herbácea e pedras, do mesmo xeito que as zonas con boa cobertura e densidade arbustiva. A súa abundancia relativa diminúe coa altitude sendo moito máis abundante nos pisos basais debido ás condicións climáticas desfavorables da alta montaña. Pódese atopar estacionalmente en

zonas totalmente chairas como marismas ou cultivos de cereais. En Galicia atópase desde o nivel do mar ata os 1500 m en Courel.

Reproducción

O período de xestación dura de 25-26 días e o destete é aos 21 días do nacemento. Ten ata 4 camadas anuais cada unha de 2 a 9 cativas, as cales nacen espidas e cegas desenvolvendo un pelo gris parecido ao rato común. O número medio de embrións nas rexións en España é de 4-5, aínda que pode variar entre 2 e 12.

Organización social e comportamento

Ao comezo do período reprodutor, os machos sexualmente activos tórnanse territoriais, mostrándose agresivos ante outros machos xuvenís e adultos; os machos son polígamos. A diferenza dos machos, as femias móstranse amigables entre elas a calquera idade, pero nos períodos reprodutivos establecen territorios exclusivos debido á necesidade de asegurar a suficiente cantidade de alimento para poder levar a cabo a reprodución. Os machos escavan galerías pouco profundas para a construción de niños, en ocasións tamén utilizan refuxios naturais como gretas, ocos en árbores ou baixo trancos. É unha especie principalmente nocturna, e pasan o día refuxiados nas súas tobeiras. Comunícanse polo sentido do olfacto e o oído, aínda que posúen unha visión moi desenvolvida; producen sons de baixa frecuencia en situacións de dor e/ou medo para inhibir o ataque agresivo doutro individuo da súa mesma especie, ou para repeler a un posible depredador. A densidade no Norte e Centro de Europa decrece na primavera, mantendo certa estabilidade no verán e crescendo ao final do verán obtendo máximos no outono. Na rexión mediterránea, o rato de campo presenta unha dinámica poboacional diferente, con densidades altas no outono e inverno, decrecendo cara o verán.

Alimentación

É unha especie omnívora, dentro dos seus hábitos alimenticios

destácanse as baías, sementes, piñóns, noces, caracois e artrópodos e en menor frecuencia consome fungos, cortizas, gallas e follas mortas. Na etapa adulta aliméntanse en maior grao de sementes, mentres os novos teñen unha maior variedade de alimentos.

Depredación

Trátase dunha das especies fundamentais na rede trófica, xa que é consumida por innumerables depredadores: tanto rapaces diúrnas como nocturnas, mamíferos carnívoros, ofidios e ocasionalmente outras especies non especializadas como xabarís, garzas ou cegoñas.

Ameazas e relación co home

Produce danos en cultivos agrícolas, tanto de cereais como de regadío e hortas, aínda que a súa incidencia real sobre as colleitas non adoita ser importante. Pode transmitir enfermidades e parásitos ao home e outros animais.

Curiosidades

Nas zonas degradadas e fragmentadas, pode ser prexudicial para rexeneración dos bosques, xa que consomen gran cantidade de sementes. Por outra banda, tamén exerce un importante papel como dispersante de se sementes de árbores e arbustos.

Rata cincenta

Nome científico

Rattus rattus (Linnaeus, 1758)

Taxonomía

Orde *Rodentia*, Suborde *Myomorpha*, Familia *Muridae*, Subfamilia *Murinae*

Estado de Conservación

Segundo UICN (2001): Preocupación menor (LC); Libro Rojo, España (2006): Preocupación menor (LC).



Descrición

A rata cincenta é un roedor de aspecto estilizado, que presenta unha maior lonxitude da cola maior que a lonxitude corporal. A cola está recuberta de aneis. A súa coloración dorsal é moi escura, con tons que varían desde o gris escuro, case negro, ata o pardo avermellado. O ventre é sempre máis claro, desde o gris ao branco amarelado. A liña de separación non está moi ben definida pero é visible. As femias son lixeiramente máis pequenas que os machos.

As medidas corporais da rata son: Lonxitude cabeza - corpo: 147 - 224 mm; Lonxitude da cola: 161 - 239 mm; Pé posterior: 26 -

38 mm; Lonxitude da orella: 20 - 35 mm; Peso: 140 - 260 gr. En estado silvestre poucos exemplares superan os 18 meses de vida.

Diferénciase facilmente da rata común *Rattus norvegicus*, pola coloración e a lonxitude relativa da cola, que é sempre bastante maior que a do corpo.

Distribución

Especie orixinaria do sueste de Asia distribuída logo das glaciacións por amplas zonas como comensal do home. Maiormente distribuída polas zonas tropicais e sur do Paleártico.

En Europa está presente na maioría dos países, salvo nos escandinavos, e é abundante nos países mediterráneos. Ocupa toda a Península Ibérica de modo disperso. Tamén está presente nas illas Baleares e Canarias, así como nos territorios do norte de África.

A súa distribución está condicionada claramente pola introdución de *R. norvegicus*, moito máis resistente, grande e agresiva.

Bioloxía e ecoloxía

Hábitat

Especie comensal, especialmente nos países da Europa continental e atlánticos, aínda que menos que a rata común.

A especie pode estar presente en zonas de mato e bosque mediterráneo, plantacións de froiteiras, hortas, bosques caducifolios non moi fríos e en xeral calquera hábitat con cobertura vexetal suficiente. Pode vivir tamén en núcleos urbanos, preferindo os de menor tamaño, e zonas periurbanas sempre que o alimento e vexetación sexan suficientes. Constrúe niños a certa altura sobre o chan, entre pólas e follas caídas. Adoitan ser esféricos e presentar unha soa abertura. Tamén escava tobos subterráneos na base das árbores, utilizando as súas raíces como soporte. Atópase desde o nivel do mar ata os 1.000 m de altitude.

Nas zonas de simpatría coa rata común ocupa zonas húmidas mentres que a rata cincenta alóxase nas partes altas dos edificios.

Reproducción

Nas poboacións silvestres as ratas cincentas presentan un ciclo reprodutor estacional definido. Pódense atopar machos activos durante todo o ano, aínda que cunha menor porcentaxe nos meses invernaís. Nas femias, a duración do fotoperíodo determina o inicio da actividade reprodutora, que comeza en febreiro e finaliza en outubro. A xestación dura 21 días e a lactancia preto de 1 mes. De xeito habitual prodúcese dous partos durante a tempada de cría. En ambientes urbanos e con alimento abundante a reprodución pode ser ininterrompida e chegan a producirse ata 5 camadas nun mesmo ano. As femias alcanzan a madurez sexual entre as 6 e 7 semanas de vida e os machos algo máis tarde, a partir das 8 ou 8 semanas. O número de embrións por camada oscila entre 1 e 12, sendo 7 o valor máis frecuente.

Organización social e comportamento

Adoitan vivir en grupos xerarquizados dominados por un macho adulto e dúas femias subordinadas. O ciclo anual de abundancia depende da intensidade do ciclo reprodutor. Os adultos constitúen a fracción dominante entre xaneiro e xullo e son os que participan de xeito activo na reprodución dese ano. En agosto comeza o recrutamento masivo de xuvenís e a morte dos nados o ano anterior, co que cada ano ten lugar unha renovación case total da poboación.

Presenta un ritmo de actividade preferentemente nocturno aínda que se poden ver exemplares diúrnos de forma esporádica.

Alimentación

É unha especie omnívora, capaz de comer calquera tipo de alimento que se atope ao seu alcance, sobre todo en áreas urbanizadas. No medio natural adoitan ser fruxívoras e granívoras sen desdeñar aos insectos e outros invertebrados.

Depredación

Forma parte do réxime alimentario de varias especies de depredadores: aves rapaces como o bufo real (*Bubo bubo*), a curuxa (*Tyto alba*), así como varios carnívoros de mediano tamaño.

Ameazas e relación co home

É fonte de transmisión de gran número de enfermidades debido ao papel que exercen como reservorios. Na actualidade e en zonas do planeta con elevada pobreza e insalubridade segue sendo vector de enfermidades como o tifo.

Causa graves trastornos ao home ao consumir produtos almacenados e ser unha especie praga para a agricultura xa que con frecuencia causa estragos en cultivos de froiteiras, hortos e celeiros.

É unha especie abundante e non proceden medidas de conservación. Soe ser combatida polos agricultores con diferentes tipos de axentes tóxicos (anticoagulantes) e métodos mecánicos (limpeza de malezas e recolección mediante maquinaria pesada).

Curiosidades

Nesta especie prodúcese un curioso fenómeno coñecido como rei das ratas. Varios individuos poden acabar entrelazándose pola cola, formando grupos de entre 3 e 12 exemplares. Os animais quedan tan fortemente unidos que non poden separarse voluntariamente, rematando por morrer de fame e polas feridas que se causan entre eles. Descoñécese a orixe este fenómeno, pese a estar admitido na literatura científica e constatado ata en exemplares cativos de laboratorio. Presenta este nome por considerarse na tradición popular ao rei das ratas o que as amarra e colocaba nesta situación como castigo, para controlar a superpoboación de ratas cando escaseaba o alimento.

Considérase responsable da “morte negra” ou peste bubónica que asolou Europa a mediados do S. XIV ao actuar como vector de transmisión da enfermidade.

Rata parda

Nome científico

Rattus norvegicus (Berkenhout, 1769)

Taxonomía

Orde *Rodentia*, Suborde *Myomorpha*, Familia *Muridae*, Subfamilia *Murinae*

Estado de Conservación

Segundo UICN (2001): Non avaliada (NE). Libro Rojo, España (2006): Preocupación menor (LC).



Descrición

Fociño redondeado, lonxitude do corpo maior ao da cola. As femias son de menor tamaño que os machos, posúen seis pares de mamas, 4 pectorais, 2 abdominais e 6 inguinais. A coloración dos xuvenís é gris escura homoxénea, mentres os adultos teñen tonalidades máis claras, a rexión dorsal é gris parda, o ventre amarelo a gris sucio, cola normalmente bicolor. Os machos adultos caracterízanse por ter un saco escrotal prominente. As poboacións urbanas presentan un maior tamaño.

As medidas corporais da rata son: Lonxitude cabeza - corpo: 172 - 262 mm; Lonxitude da cola: 149 - 222 mm; Pé posterior: 37 - 46 mm; Lonxitude da orella: 16 - 22 mm; Peso: 180 - 415 gr.

Distribución

A rata común distribúese en todas as áreas urbanas do mundo, fóra diso algunhas rexións tropicais e subtropicais. Orixinaria de China, conquistou Norte-América e Europa a finais do século XVI principios do XVII, debido ao incremento do transporte marítimo. En España chegou no século XIX, distribuíndose ao longo da península e as illas Baleares e Canarias.

Bioloxía e ecoloxía

Hábitat

Atópase dende vertedoiros, cloacas, redes de sumidoiros e sotos, tamén moi frecuentemente en portos e ambientes costeiros. As poboacións silvestres están asociadas a lugares con auga.

Reproducción

É unha especie moi prolífica, unha femia durante un ano está capacitada para ter cerca de 56 crías, reproducíndose durante as catro estacións se os recursos son favorables, con 5-6 camadas ao ano. A xestación dura entre 20-24 días, o destete prodúcese ás tres semanas.

Organización social e comportamento

Desprázase camiñando ou nunha marcha rápida. É moi destre nadando, saltando e mergullándose, pero rube con dificultade. Presenta hábitos nocturnos e crepusculares, con picos de actividade en torno ás tres da mañá e no solpor, os machos xóvenes poden ser diúrnos. Ao aumentar a densidade de organismos desenvolveron un sistema xerárquico de grupos familiares ou clans, comandados por un macho dominante con varias femias e moitos machos subordinados. As femias de menor rango adoitan ter menos éxito coa súa descendencia que as de maior grado. En casos de grandes infesta-

cións os comportamentos territoriais fanse máis laxos. Emiten sons parecidos a un berro, que en situación de perigo aseméllase a gruñidos. Sentidos do olfacto e oído moi desenvolvidos, mentres a súa visión non é tan boa.

Alimentación

As poboacións urbanas son catalogadas como omnívoras oportunistas, alimentándose de desperdicios, lixo e produtos humanos. As poboacións que viven no campo aliméntanse de hortalizas, cereais, carnaza, micromamíferos e invertebrados. Rexeita alimentos novos o que dificulta o seu control con cebos envelenados.

Depredación

Teñen poucos inimigos naturais pola súa proximidade ao home. En poboacións urbanas o gato doméstico é seu principal inimigo. No medio natural son presa habitual da curuxa (*Tyto alba*) e a denociña (*Mustela nivalis*).

Ameazas e relación co home

Non é unha especie ameazada, pois é considerada máis como unha praga nas cidades. A pesar de que non existen datos que estimen as poboacións rurais, nas cidades españolas calcúlanse que por cada persoa existen 5 ratas. O home é o seu principal inimigo por ser vector de numerosas enfermidades humanas (máis de 30), entre as cales destácanse o tifo e a rabia.

Curiosidades

Nalgunhas illas onde non teñen depredadores, son moi prexudiciais sobre niños de aves, devorando ovos e polo.



Rato caseiro

Nome científico

Mus domesticus (Rutty, 1772)

Taxonomía

Orde *Rodentia*, Suborde *Myomorpha*, Familia *Muridae*, Subfamilia *Murinae*

Estado de Conservación

Segundo UICN (2001): Preocupación menor (LC). Libro Rojo, España (2006): Preocupación menor (LC).



Descrición

Tamaño relativamente pequeno. A lonxitude do corpo e a cabeza é igual que a da cola. Fociño alongado e apuntado, ollos negros e orellas pequenas redondeadas. A cor da pelaxe varía coa idade. Os xuvenís teñen unha coloración gris escura homoxénea ata o primeiro cambio de pelaxe, despois do cal poden ter coloracións opostas, desde tonalidades claras ata escuras. A cor do dorso varía desde parda(formas claras) ata cor gris chumbo(formas escuras), mentres que a zona ventral, adoita ser similar ao dorso, pero máis claro. A coloración clara predomina en poboacións silvestres, mentres que a forma escura predomina nas poboacións comensais. Os ratos de

campo en estado xuvenil aseméllanse ao rato caseiro, pero diferéncianse na lonxitude do pé, o cal non supera os 18 mm. Ademais os ollos e orellas son de menor tamaño. As femias presentan cinco pares de mamas, tres pectorais e dúas inguinais. Poden vivir entre 12 e 14 meses de media. As medidas corporais son: Lonxitude cabeza - corpo: 73 - 101, 5 mm; Lonxitude cola: 68 - 98,5 mm; Peso: 12,5 - 29 g.

Distribución

Especie cosmopolita, orixinaria das estepas de Asia central na fronteira ruso - iraní. A súa área de distribución abrangue todos os continentes debido á estreita relación co home. Presente no leste e sur de Europa. Estendida por todo España peninsular, Baleares e Canarias. En Galicia está amplamente distribuída, normalmente entorno aos núcleos habitados.

Bioloxía e ecoloxía

Hábitat

As poboacións silvestres constrúen os seus niños baixo pedras, ou ao escavar galerías de dous a tres centímetros de diámetro, con cámaras de cría revestidas de herba para conservar a temperatura. As poboacións urbanas, habitan en ocos de paredes, cavidades subterráneas entre outros. Utilizan la, papel, etc. para cubrir os seus niños. Pode atoparse desde o nivel do mar ata os 900-1200 m. En Galicia alcanza os 1200 m de altitude nas serras orientais de Ancares e Courel.

Reproducción

O rato caseiro acada a súa madurez sexual entre as cinco e sete semanas de vida. O ciclo reprodutor de acordo ao tipo de poboación (silvestre ou comensal) presenta algunhas diferenzas. As comensais son capaces de criar durante todo o ano, se teñen a dispoñibilidade de alimento necesaria, con 4-5 camadas ao ano. O número de crías por camada é de 4 a 8, os coidados maternos duran ata

tres semanas despois do parto. As poboacións salvaxes teñen períodos reprodutores máis curtos e sometidos a variacións locais. A xestación dura de 19 a 20 días e o número de camadas depende da idade da nai e da densidade poboacional.

Organización social e comportamento

Esta especie debe a súa proliferación á súa relación co home, aínda que tamén é atopado en zonas silvestres. Con todo, baixo estas condicións, é menos competitivo polo que é desprazado por outras especies de ratos, como o rato de campo. Non mostran comportamento agresivo en caso de baixa densidade, pero cando esta aumenta os machos vólvense agresivos e defenden o seu territorio. Cando as densidades son altas, o apareamento queda limitado aos machos dominantes. Animal crepuscular e nocturno, que deambula por residencias ou adegas en busca de comida. É un excelente equilibrista, hábil corredor e nadador. Forma grupos familiares máis ou menos estables dependendo da dispoñibilidade de alimento.

Alimentación

As poboacións comensais son omnívoras, alimentándose dos produtos e desperdicios deixados polo home. As poboacións salvaxes aliméntanse especialmente de sementes e en ocasións de pequenos invertebrados. A especie é considerada principalmente gránivora.

Depredación

Os seus principais depredadores son aves rapaces nocturnas, as ratas, o gato doméstico, a denociña, o can, e especies de ofidios. De igual forma, o home é un gran inimigo.

Ameazas e relación co home

O home trata constantemente de controlar a súa poboación xa que é unha das grandes pragas da agricultura e os produtos almace-

nados. Ocasionalmente pode transmitir algunhas enfermidades como rickettsiosis postulosa.

Leirón careto

Nome científico

Eliomys quercinus (Linnaeus, 1766)

Taxonomía

Orde *Rodentia*, Suborde *Myomorpha*, Familia *Gliridae*, Subfamilia *Leithiinae*.

Estado de Conservación

Segundo UICN (2001): Preocupación menor (LC). Libro Rojo, España (2006): Preocupación menor (LC).



Descrición

Presenta unha máscara de pelo negro ao redor dos ollos. Non presentan dimorfismo sexual. A cor do lombo é pardo - rubia, mentres que o ventre é de cor branco sucio. A parte dorsal é pardo- avermellada, Aínda que nos individuos novos o dorso é gris e a zona ventral é branco sucio. A parte anterior e interna das coxas, patas, peito, ventre, a parte inferior do pescozo, e as fazulas son brancas. A zona dos bigotes é negra. A cola, tan longa como o corpo, é grosa e poboada na parte terminal. Na parte máis próxima ao corpo é da mesma cor do dorso, mentres que na parte final é negra

e ás veces con bordo branco. Na Península Ibérica están descritas 4 subespecies que se diferencian pola coloración ventral da cola, a talla e a distribución. Existe un aumento de tamaño coa latitude e unha diminución coa altitude. En Galicia están os leiróns máis escuros e en Almería os máis claros.

Distribución

Distribúese por case toda Europa, desde o Báltico e sur de Finlandia ata o sur de Europa, e desde os Urais ata o Océano Atlántico. Non ocorre nas illas británicas. Está presente en toda a Península Ibérica e Baleares, agás Ibiza. Os límites da súa distribución cara o sur atópanse no río Guadiana na provincia de Murcia en España, e no Teixo en Portugal. En Galicia está amplamente distribuído.

Bioloxía e ecoloxía

Hábitat

Ocupan hábitats moi diversos. E típico habitante dos bosques de frondosas autóctonas, como castiñeiros ou carballos. Nos toros de grandes árbores adoita crear niños onde pasa o inverno, ou constrúe os seus niños entre as pólas ocupando niños de aves. Atópase en zonas rochosas, áreas de mato, celeiros e casas de pobo, aínda que non xera danos elevados nas colleitas. Vive desde o nivel do mar ata enriba dos 2000 m.

Reproducción

Na Península o leirón presenta dous períodos anuais de celo: o primeiro vai desde comezos de maio ata principios de xullo, e o segundo dende mediados de agosto ata mediados de outubro, rexistrándose a maior cantidade de cópulas os meses de maio e setembro. No sur peninsular a reprodución ten lugar entre febreiro e outubro. No norte ocorre durante maio - xullo. Presentan 2 ou 3 camadas, cada unha de 2 a 8 crías, aínda que normalmente son 4. As crías abren os ollos aos 17-21 días, coincidindo co período du-

rante o que son aleitados e a partir do cal comezan a inxerir alimentos sólidos. No sur peninsular deixan á nai aos cinco meses de vida, cando alcanzaron a madurez sexual, é dicir, logo da primeira hibernación. Parece ser que os individuos nados na primavera acadan a madurez sexual antes que os nados en outono. Poden acadar entre 4 e 5 anos de idade.

Organización social e comportamento

Nocturno, vive en colonias. Presenta hibernación, na que entra cando a temperatura alcanza 0-5° C e pode durar ata seis meses en terras frías, aínda que en lugares termomediterráneos dura só dúas semanas a finais de decembro e inicios de xaneiro. Os machos comezan a hibernación a principios de novembro e espertan a mediados de marzo. As femias comezan a hibernación na segunda metade de novembro e inicios de decembro, e espertan a mediados de abril. Perde con facilidade a pel do rabo e as vértebras terminais en caso de ser atacado. É un bo gabeador. Moi ruidoso cando vai en grupo, produce ronquidos, gruñidos e asubíos agudos.

Alimentación

Roedor xeneralista (dieta moi variada), baseada en animais (insectos, pequenos vertebrados, etc.) que son consumidos principalmente durante febreiro - abril. Os froitos e sementes, consúmeos máis durante outubro, momento no cal se preparan para a hibernación. Tamén consumen ovos, cera e mel.

Depredación

A curuxa común (*Tyto alba*), a avelaiona (*Strix aluco*), e o moucho (*Athene noctua*). Nas dietas destas aves representa menos do 4% do total de presas consumidas, en cambio para o miñado (*Buteo buteo*) representa unha porcentaxe relativamente alta da súa dieta (11%). Tamén é depredado por pequenos e medianos mamíferos como a marta (*Martes martes*), raposo, fuíña, sendo a algaria unha autentica especialista nesta especie

Ameazas e relación co home

Non parece estar ameazado, pero é necesario un coñecemento máis preciso da especie. Recentemente indicouse a diminución grave de súa poboación no entorno de Doñana.

Nome científico

Lepus granatensis, Rosenhauer, 1856

Taxonomía

Orde *Lagomorpha*, Familia *Leporidae*

Estado de Conservación

Segundo UICN (2001): Preocupación menor (LC). Libro Rojo, España (2006): Preocupación menor (LC).



Descrición

Trátase dun lagomorfo de orellas moi longas (8 a 12 cm) coa punta negra e o rabo curto. A pelaxe dorsal é de cor ante - crema tachonado de pelos negros. O ventre é branco con marcado contraste coa zona dorsal. Presenta unha mancha branca nítida na parte superior das extremidades e non posúe banda facial. É a máis pequena das 3 especies de lebre que habitan na Península Ibérica. As medidas corporais son: Lonxitude cabeza - corpo: 44,4 - 47 cm; Lonxitude cola: 9,5 - 10,9 cm; Peso: 2,06 - 3,30 kg.

Distribución

É endémica da Península Ibérica e Mallorca. Ocupa a maior

parte da Península Ibérica a excepción dunha franxa no Norte que comprende o sudoeste de Cataluña e extremo oriental de Zaragoza, centro de Navarra, sur de Álava, norte de Logroño, centro de Burgos, sur de Santander, centro norte de Palencia e León e sudoeste ademais do centro oeste de Asturias. En Galicia distribúese intermitentemente por todo o territorio, pero sen acadar grandes densidades.

Bioloxía e ecoloxía

Hábitat

A lebre ibérica presenta un alto grao de adaptabilidade a diferentes tipos de terreos, se ben ten clara preferencia por terreos abertos, habitando desde a media e alta montaña ata o nivel do mar. Atópase xeralmente en agrosistemas e zonas de mato. Un dos factores que máis afecta á súa distribución e densidade é a cobertura fronte ás condicións climáticas adversas e os predadores. Vese moi favorecida pola alternancia de pasteiros, cultivos e mato. A selección do hábitat varía ao longo do ano en función da dispoñibilidade de alimento.

Reproducción

A reprodución ten lugar durante todo o ano, sendo os máximos de actividade nos meses de xaneiro a xullo. O variable comezo e a súa duración dependen da latitude e da altitude. Existe un período de preapareamento caracterizado por saltos, carreiras e couces. O período de xestación é de 42 días tras os cales nacen de 1 a 5 lebratos co corpo totalmente cuberto de pelo e os ollos abertos. Estes permanecen unha semana coa nai e logo poden facer vida independente. Poden acadar a madurez sexual antes do ano de vida. Nas lebres prodúcese o curioso fenómeno da superfetación, que consiste en que unha femia preñada pode volver a quedar fecundada antes de que o parto teña lugar. Tamén poden reabsorber os embrións en situacións desfavorables para a cría.

Organización social e comportamento

A lebre ibérica é un animal nocturno, aínda que a súa actividade pode prolongarse cara ao amencer e o crepúsculo, dedicando a maior parte do tempo á alimentación. Durante o día permanece nun “encame”, que é unha pequena depresión do terreo abrigada pola vexetación e que cambia de sitio con frecuencia. Animais solitarios a maior parte do ano, podendo verse en grupos durante o período reprodutor. Xeralmente son varios machos loitando pola posesión dunha femia.

Alimentación

Animais eminentemente herbívoros, tendo especial querenza polas gramíneas, que son o principal compoñente da súa dieta cando están dispoñibles, seguidas de leguminosas e outros grupos de plantas. A finais do verán - principios de outono aumentan o consumo de sementes e froitos silvestres. Os cereais cultivados resultan moi atractivos. En zonas de montaña, baixo condicións adversas ou en zonas areosas predominan as leñosas (cortizas e brotes) na súa dieta.

Depredación

Entre os inimigos naturais das lebres están algunhas especies de carnívoros, así como as rapaces nocturnas e diúrnas de gran tamaño.

Ameazas e relación co home

As principais causas da regresión das lebres son de orixe antrópico. A destrución do seu hábitat, a proliferación de pistas e de estradas e o uso indiscriminado de pesticidas, a caza furtiva e atropelos intencionados. Por último débese destacar a falta de ordenación da súa caza.

Curiosidades

Trátase dunha especie de caza moi apreciada. En España captúranse máis de un millón de exemplares ao ano.



Nome científico

Oryctolagus cuniculus, Linnaeus, 1758

Taxonomía

Orde *Lagomorpha*, Familia *Leporidae*

Estado de Conservación

Segundo UICN (2001): Preocupación Menor (LC). Libro Rojo, España (2006): Vulnerable (VU).



Descrición

Animal de pequeno tamaño, orellas longas e cola en forma de pompón. A pelaxe é de cor gris - parda terrosa coa caluga rubia, o ventre e a face interior dos membros son gris claros a brancos, a cola é negra por enriba e branca por baixo. As medidas corporais son: Lonxitude cabeza - corpo: 34 - 35 cm; Lonxitude cola: 4 - 6 cm; Peso: 0,9 - 2 kg.

Distribución

O coello silvestre tivo a súa orixe fai un millón de anos no sur da Península Ibérica. Tanto o fenómeno de insularidade como a presenza de barreiras bioxeografías determinaron a separación en dúas formas subespecíficas: *O. c. algirus* y *O. c. Cuniculus*. A subespe-

cie *algirus* ten a súa área de distribución polo norte de África, sur e oeste peninsular, incluídas Baleares, Canarias (introducido) e algunhas illas achegadas ás costas peninsulares, xunto con certas rexións do sur de Francia; a subespecie *cuniculus* ocupa todo o resto da área de distribución europea, Centroeuropa, chegando hasta Polonia, Gran Bretaña, Ucraña, etc. e mundial: Australia, Nova Zelandia, parte de Sudamérica e EEUU. No sur de Galicia confírmase a presenza de ambas subespecies.

Bioloxía e ecoloxía

Hábitat

En canto aos factores abióticos que afectan aos coellos están: o clima (son abundantes en zonas de temperaturas altas e precipitacións baixas), a topografía (prefiren pendentes suaves), a altitude (en España é pouco abundante por enriba dos 1.200 m) e a xeoloxía (solos nos que podan construír tobos). Entre os factores bióticos atópase a calidade do hábitat. As maiores abundancias de coello danse en zonas de ecotono, xa que ofrecen protección ante os depredadores (mato) como pasto, que ten que ser de boa calidade, para a súa alimentación.

Reproducción

Trátase dunha especie moi prolífica, cunha elevada produtividade que se debe a: 1) A femia é receptiva durante todo o ano, 2) rápida adquisición da idade reprodutora, 3) elevado tamaño de camada e 4) celo postparto, podendo enxendrar mentres aleita á camada anterior. A época reprodutora depende do alimento dispoñible, concretamente da proteína inxerida pola femia, que á súa vez depende da tempada de chuvias. Deste xeito o período reprodutor iniciase en outubro - novembro, faise máximo en primavera e finaliza xeralmente en xuño, cesando a actividade reprodutora en verán.

Tras un período de xestación de 28-30 días nacen de 2-6 gazaos (media 3.35), que crecen espectacularmente, de xeito que ás 3

semanas poden facer vida propia e aos 4-6 meses poden reproducirse. As femias ao pouco de parir poden ficar de novo preñadas (estro postpartum). Poden reabsorber os embrións (ata un 60%) como resposta ás condicións adversas.

Organización social e comportamento

Son animais fundamentalmente crepusculares e nocturnos, presentando un patrón de actividade bimodal: un máximo de actividade pouco antes do solpor e, en función da estación do ano, poden ter outro á alborada. On todo, non é raro velos a calquera hora do día en lugares tranquilos e/ou días calmos e soleados. A súa visión está adaptada a condicións de baixa iluminación e o seu oído a baixas frecuencias (por exemplo as que emite o bater das ás dunha rapina nocturna). Viven en grupos sociais, que serán máis ou menos numerosos dependendo da calidade do medio, localizados en coelleiras, constituídas por unha rede de túneles interconectados, feito que lles aporta unha serie de beneficios en relación coa vixilancia, predación, etc. Trátase de sociedades marcadas polo feito de que son animais polixínicos (varias femias por cada macho), existindo unha xerarquía na que se determina o rango de cada individuo, tanto machos como femias, mediante exhibicións de forza. Este rango afecta ás cubricións, de tal xeito que os machos dominantes cobren ás femias de maior rango, e as restantes femias en celo son cubertas polo resto dos machos en estrita orde xerárquica, ademais os gazapos das femias dominantes teñen preferencia sobre o resto para ficaren nas inmediacións da área natal.

Alimentación

Os coellos silvestres presentan unha dieta composta esencialmente por herbáceas, e dentro destas prefiren gramíneas, seguidas polas compostas. Sempre que é posible rexeitan os talos e follas das plantas leñosas, e ocasionalmente poden chegar a ser uns excelentes consumidores de froitos y sementes.

Depredación

No ámbito mediterráneo o abano de depredadores do coello é amplo. Só en España citáronse máis de 40 especies de vertebrados como posibles predadores do coello. Cabe destacar, o lince ibérico (*Lynx pardinus*) e a aguia imperial ibérica (*Aquila adalberti*), por seren especies ameazadas de extinción que se alimentan maioritariamente de coellos. Trátase de depredadores especialistas (“prudentes”). Os principais predadores de tobos son os raposos e porcoteixos (especies xeneralistas). A predación afecta principalmente aos xuvenís.

Ameazas e relación co home

A redución na calidade e cantidade do alimento, por causas diversas, pode provocar un incremento na mortalidade intrauterina. Ante estas circunstancias aforran enerxía reabsorbendo os embrións. É destacable a mortalidade debida a mixomatose e EHV (Enfermidade Hemorráxica Vírica). A primeira é máis acusada en fases xuvenís, así os que sobreviven á enfermidade e aos depredadores fican protexidos, a segunda parece que diminúe o seu efecto co tempo.

Curiosidades

Un granxeiro australiano introduciu en Australia tres parellas, e tan só tres anos despois, debido á ausencia de depredadores naturais, a poboación de coellos era de 14 millóns. Actualmente a poboación australiana estímase en torno aos 300 millóns. En Europa o coello correu unha sorte ben distinta, xa que no ano 1952 un médico francés inoculou o virus da mixomatose a uns coellos que producían danos nos seus viñedos. O virus que se transmitía a través de ectoparásitos, estendeuse por toda Europa, ocasionando a morte, nalgúns zonas do 95 - 100 % da poboación.

Estado de conservación

Especie	Endemismo	Libro Rojo 2006	UICN (2001)
Ourizo cacho		LC	DD
Toupa cega	*	LC	DD
Rato de almizcre	*	VU	EN
Furafollas pequeno		LC	LC
Furafollas ibérico	*	DD	NT
Murgaño de Cabrera		LC	LC
Furaño común		LC	LC
Morcego grande ferradura		NT	LC
Morcego pequeno ferradura		NT	VU
Morcego mediterráneo de ferradura		VU	VU
Morcego rateiro grande		VU	VU
Morcego das ribeiras		LC	NE
Morcego común		LC	NE
Morcego orelludo gris		NT	NE
Lobo		NT	NT
Raposo		LC	LC
Armiño		DD	VU
Denociña		LC	DD
Visón americano		NE	NE
Tourón		NT	NT
Fuíña		LC	LC
Porcoteixo		LC	LC
Lontra		LC	NT
Algaria		LC	LC
Gato bravo		NT	VU
Porco bravo		LC	LC
Cervo		LC	VU
Corzo		LC	LC

Especie	Endemismo	Libro Rojo 2006	IUCN 2001
Hirco	*	NT	VU
Esquío		LC	LC
Rata de auga común		VU	VU
Corta dos prados	*	LC	LC
Trilladeira dos prados		LC	LC
Rato de campo		LC	LC
Rata cincenta		LC	DD
Rata parda		LC	NE
Rato caseiro		LC	LC
Leirón careto		LC	LC
Lebre	*	LC	LC
Coello ibérico	*	VU	LC

Listado de nomes

Nome científico	Nome galego	Nome castelán
<i>Erinaceus europaeus</i>	Ourizo cacho	Erizo europeo
<i>Talpa occidentalis</i>	Toupa cega	Topo ibérico
<i>Galemys pyrenaicus</i>	Rato de almizcre	Desmán ibérico
<i>Sorex minutus</i>	Furafollas pequeno	Musaraña enana
<i>Sorex granarius</i>	Furafollas ibérico	Musaraña ibérica
<i>Neomys anomalus</i>	Murgaño de Cabrera	Musgaño de Cabrera
<i>Crocidura russula</i>	Furaño común	Musaraña gris
<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>	Morcego grande de ferradura	Murciélago grande de herradura
<i>Rhinolophus hipposideros</i>	Morcego pequeno de ferradura	Murciélago pequeno de herradura
<i>Rhinolophus euryale</i>	Morcego mediterráneo de ferradura	Murciélago mediterráneo e herradura
<i>Myotis myotis</i>	Morcego rateiro grande	Murciélago ratonero grande
<i>Myotis daubentonii</i>	Morcego das ribeiras	Murciélago ratonero ribereño
<i>Pipistrellus pipistrellus</i>	Morcego común	Murciélago enano
<i>Plecotus austriacus</i>	Morcego orelludo gris	Orejudo gris
<i>Canis lupus</i>	Lobo	Lobo
<i>Vulpes vulpes</i>	Raposo	Zorro rojo
<i>Mustela erminea</i>	Armiño	Armiño
<i>Mustela nivalis</i>	Denociña	Comadreja
<i>Mustela vison</i>	Visón americano	Visón americano
<i>Mustela putorius</i>	Tourón	Turón
<i>Martes foina</i>	Fuíña	Garduña
<i>Meles meles</i>	Porcoteixo	Tejón

Nome científico	Nome galego	Nome castelán
<i>Lutra lutra</i>	Lontra	Nutria paleártica
<i>Genetta genetta</i>	Algaria	Gineta
<i>Felis sylvestris</i>	Gato bravo	Gato montés europeo
<i>Sus scrofa</i>	Porco bravo	Jabalí
<i>Cervus elaphus</i>	Cervo	Ciervo rojo
<i>Capreolus capreolus</i>	Corzo	Corzo
<i>Capra pyrenaica</i>	Hirco	Cabra montés
<i>Sciurus vulgaris</i>	Esquíu	Ardilla roja
<i>Arvicola sapidus</i>	Rata de auga común	Rata de agua común
<i>Microtus lusitanicus</i>	Corta dos prados	Topillo lusitano
<i>Microtus agrestis</i>	Trilladeira dos prados	Topillo agreste
<i>Apodemus sylvaticus</i>	Rato de campo	Ratón de campo
<i>Rattus rattus</i>	Rata cincenta	Rata negra
<i>Rattus norvegicus</i>	Rata parda	Rata parda
<i>Mus domesticus</i>	Rato caseiro	Ratón casero
<i>Eliomys quercinus</i>	Leirón careto	Lirón careto
<i>Lepus granatensis</i>	Lebre	Liebre ibérica
<i>Oryctolagus cuniculus</i>	Coello ibérico	Conejo

Bibliografía

Blanco, J.C. (1998). Guía de campo de Mamíferos de España. Tomos I e II. Ed. Planeta. Barcelona

Cabrera, A. (1914). Facsimil Fauna Ibérica. Mamíferos. Santiago de Compostela. Consellería de Medio Ambiente : Universidade de Santiago de Compostela. Editor.(Palacios, F. (1998). Santiago de Compostela

Carrascal, L. M., Salvador, A (2005). Enciclopedia Virtual de los Vertebrados Españoles. Museo Nacional de Ciencias Naturales, Madrid. www.vertebradosibericos.org

Castells, A e Mayo, M. (1993). Guía de los mamíferos en libertad de España y Portugal. Ed. Pirámide, Madrid.

Fernández Gutierrez, J. (2002). Los Murciélagos en Castilla y León. Atlas de distribución y tamaño de las poblaciones. Junta de Castilla y León, Consejería de Medioambiente.

Fichas de Fauna Silvestre Ibérica. Revista Digital Sierra de Baza (2004-2007) www.sierradebaza.org

Palomo, L.J. e Gisbert, J. (2002). Atlas de los Mamíferos terrestres de España. Dirección General de Conservación de la Naturaleza. SECEM – SECEMU, Madrid.

Purroy, F.J. e Varela, J.M. (2005).Mamíferos de España: Península, Baleares y Canarias. Ed. Lynx : SEO/Birdlife, Barcelona :

SGHN (1995). Atlas de vertebrados de Galicia: Aproximación á distribución dos vertebrados terrestres de Galicia durante o quinquenio 1980-85. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.



